



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 5 de maio de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 5 DE MAIO DE 2025.

Información e actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2025, do 28 de marzo de 2025.
- 2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de marzo de 2025 ata o 27 de abril de 2025.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

- 3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2025

Comisión de Deporte

- 4.- Aprobación da modificación do acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025 polo que se aproba a concesión dunha subvención nominativa co Hockey Club Liceo de La Coruña para cofinanciar a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo
- 5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa coa Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia para cofinanciar a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.
- 6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa co Club de Remo Puebla para cofinanciar a subministración do equipamento deportivo da entidade.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

- 7.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, no marco do establecido na Base 12 das Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

- 8.- Aprobación da modificación das cláusulas II e III do texto do convenio formalizado o 27 de decembro de 2024 polo que se instrumenta unha subvención nominativa relativa a convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para cofinanciar as obras do proxecto: ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto.
- 9.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu.
- 10.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón polo que se instrumenta



unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera.

11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Ares polo que se suscribe unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do sistema de abastecemento.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

12.- Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Mellora dos accesos e servizos á praia de Mañóns" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0122.0

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles", do Concello de Carral incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0335.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida Salvador Allende (Nós)", do Concello da Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0388.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle", do Concello de Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0389.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado", do Concello de Oroso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0562.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da rúa do Portiño e outros", do Concello de Oroso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0563.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de camiños en San Claudio, Senra, Freires e Cuíña" do Concello de Ortigueira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0400.0

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación e impermeabilización da Praza do Emigrante" do Concello de Betanzos, incluído no Plan



provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0118.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2025.

21.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2025.

22.- Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Deputación Provincial e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado.

23.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2025 e proxección a 31/12/2025.

24.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2025.

25.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2024.

26.- Dación de conta do Plan de Control Interno correspondente ao exercicio 2025.

27.- Dación de conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2024.

28.- Dación de conta da resolución de presidencia número 15988/2025, relativa ao persoal eventual.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

29.- Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

30.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento e da actividade empresarial da provincia" no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

31.- Aprobación do proxecto da obra DP 4802 Perbes a Campolongo.- Reforzo do firme e



mellora superficial do punto quilométrico 0+650 ao 1+900 e do 4+600 ao 5+500 (MIÑO PONTEDEUME), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

32.- Aprobación do proxecto da obra mellora do firme con MBQ na DP 2404 Laracha a Silva por Golmar; punto quilométrico 7+300 ao 8+100 e do 8+900 a 11+500 (A LARACHA), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

- 1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a ampliación da Ponte Pasaxe
- 2.Moción do PP sobre o financiamento do sistema de atención á dependencia
- 3.Moción PP sobre plan cooperación de desbroces en carreteras municipais.
- 4.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para que compañías eléctricas e telefónicas non poidan paralizar obras públicas
- 5.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa ao dereito a unha vivenda digna e alcanzable



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 5 de maio de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 5 de maio de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Escusado:

Don Xosé Regueira Varela	BNG
--------------------------	-----

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2025, do 28 de marzo de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 3/2025, do 28 de marzo de 2025.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de marzo de 2025 ata o 27 de abril de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de marzo de 2025 ata o 27 de abril de 2025.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión da subvención nominativa, por importe de 1.500.000,00 €, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2025, cun orzamento subvencionado de 2.120.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2025*.



Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consortio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nova, e dúas orquestras infantís: Orquestra Infantil Arcos e Orquestra Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia.

4.- Que está a traballarse na ampliación das actividades fóra da cidade da Coruña. Ademais, seguírase traballando con concellos como Carballo, Melide, Rianxo, Culleredo, Arteixo e Vimianzo para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

5.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

6.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2025.

7.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se



impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2025**, que se indica deseguido:

Actividades da OSG xaneiro-outubro de 2025

1. Actividades da OSG tempada e na provincia da Coruña

- Concertos na Coruña

20 concertos do abono venres: 10, 17, 24 e 31 de xaneiro, 7, 14, 21 e 28 de febreiro, 14, 21 e 28 de marzo, 4, e 25 de abril, 16 e 23 de maio, 13 de xuño, 10, 17, 24 e 2 de outubro.

8 concertos do abono sábado: 11 de xaneiro, e 22 de febreiro, 22 de marzo, 5 e 26 de abril, 24 de maio, 14 de xuño e 11 de outubro

- Concertos en Ferrol:

4 concertos en Ferrol: 6 de febreiro, 24 de abril, 15 de maio e 16 de outubro

- Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar

- Concertos en Santiago de Compostela: 23 de abril e 8 de agosto

- Festival Resis 2025: 30 de maio

- Concertos extraordinarios na A Coruña: 23 de febreiro

Orzamento: 1.763.450 €

2. Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia da Coruña

- Actividades da Orquestra Nova: 21 de abril (A Coruña), data segundo encontro a determinar

- Actividades da Orquestra de Nenos: 4 de xaneiro (Teatro Colón), 5 de xaneiro (Vimianzo), datas e cidades a determinar.

Orzamento: 169.900 €

3. Actividades dos Coros da OSG na provincia da Coruña

4 de xaneiro (Ares), 5 de xaneiro (Teatro Colón), concertos na provincia a determinar.

Orzamento: 135.400 €

4. Proxecto didáctico

50 actividades entre sesións escolares, concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.

Orzamento: 51.250 €



II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos	941.150,00
Seguridade Social	300.600,00
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras, autobuses, taxis, dereitos de autor	393.500,00
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos	1.000,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte	483.750,00
instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores, gravacións, iluminación e son, cargas e descargas	

Total orzamento	2.120.000,00 €
------------------------	-----------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75472%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,75472 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da



Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2025*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2023.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2025**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo Xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa



Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de



sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de e 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do



sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da modificación do acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025 polo que se aproba a concesión dunha subvención nominativa co Hockey Club Liceo de La Coruña para cofinanciar a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación do acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025 polo que se aproba a concesión dunha subvención nominativa co Hockey Club Liceo de La Coruña para cofinanciar a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo

O texto do acordo modificado é o seguinte:

1.- Aprobar o convenio co Hockey Club Liceo da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 70.000 €, concedida para cofinanciar a a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo, cun orzamento subvencionado de 631.331,00€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xaneiro de 2025.



3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa coa Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia para cofinanciar a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.-** Aprobar o convenio coa **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**, correspondente á subvención nominativa, por importe de **20.000,00 €**, concedida para **cofinanciar a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais**, cun orzamento subvencionado de **28.895,00€**, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.**

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.



MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte feminino.

Que a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** co NIF G27033737, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar **a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.

A **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Equipo arbitral principal e equipo arbitral auxiliar	2,580.00 €
Gastos colaboradores	1,080.00 €
Equipos de montaxe e seguridade da proba	1,920.00 €
Servizo de seguridade con embarcación náutica para o seguemento da proba	750.00 €
Servizos sanitarios e de ambulancia	1,800.00 €
Desprazamentos de vehículos, comida e hospedaxe para o equipo de organización	6,630.00 €
Medallas e trofeos	1,935.00 €
Cartelería, publicidade, web, streaming	10,600.00 €
Seguro da actividade	300.00 €
Papelería	100.00 €
Total	28,895.00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se



obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **69,2161 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **69,2161 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o



financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se



teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.



1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por unanimidade.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa co Club de Remo Puebla para cofinanciar a subministración do equipamento deportivo da entidade.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Ola, bo día a todos e todas.

Quixera facer unha pequena intervención, moi breve. En primeiro lugar, dándolle a benvida tanto á Corporación, ao alcalde e concelleira da Pobra como membros tamén do Club de Pobra. Simplemente dicir que este é unha nominativa que oxalá nunca tiveramos que traer a Pleno, pero, en calquera caso, como falamos xa repetidas veces, é un pouco



estar aí cun club que tivo unha desgraza no seu momento, e creo que, como institución, así como o resto tamén que fixeron o mesmo, poder estar e poder mostrar ese apoio, e desexarlles moita sorte neste novo reseteo por parte do club.

Moitísimas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio co Club de Remo Puebla, correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para cofinanciar a subministración do equipamento deportivo da entidade, cun orzamento subvencionado de 127.594,00€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención.

Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do **23 de abril de 2025.**

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Remo Puebla polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a subministración do equipamento deportivo da entidade.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Club de Remo Puebla**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN



Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña é coñecedora da catástrofe sufrida pola entidade o pasado 5 de Xaneiro do 2025, e concorda coa filosofía e coas competencias de promoción e difusión do deporte e dispoñendo o club do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento das probas de calquera carácter que a Deputación promova na materia, e a consideración da procedencia dun marco de colaboración entre as dúas partes que regule as accións común precisas.

Que o **Club de Remo Puebla** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club de Remo Puebla** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Club de Remo Puebla** co NIF G15203169, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar **a subministración do equipamento deportivo da entidade.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Club de Remo Puebla

O Club de Remo Puebla desenvolverá o obxecto programado, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Mobiliario y material deportivo: Equipamento y material inventariable.

1 TRAIÑEIRA MODELO "AMILIBIA"	45.280,00
1 TRAIÑEIRA MODELO "PEDRO CUESTA" CON 13 REMOS DE SEGUNDA MANO	8.000,00
4 BATEIS EN FIBRA DE CARBONO	25.220,00
1 TRAIÑEIRIÑA EN FIBRA DE CARBONO	13.915,00
13 REMOS EN FIBRA DE CARBONO CA EMPUÑADURA REGULABLE MODELO "BRACA" PARA EMBARCACIÓN TRAIÑEIRIÑA	6.530,00
2 REMOS DE FIBRA DE CARBONO MODELO "AMILIBIA" PARA PATRÓN EMBARCACIÓN TRAIÑEIRIÑA	580,00
2 REMOS DE FIBRA DE CARBONO MODELO "AMILIBIA" DE AUXILIAR DO REMEIRO PROEL NA EMBARCACIÓN TRAIÑEIRIÑA	775,00
2 REMOS DE FIBRA DE CARBONO MODELO "AMILIBIA" DE PATRÓN DA EMBARCACIÓN TRAIÑEIRA	1.477,00



1 EMBARCACIÓN DE BANCO MÓBIL "YOLA DE MAR" C2x	6.400,00
2 EMBARCACIÓNS DE BANCO MÓBIL "YOLA DE MAR" C1x	8.850,00
1 MÁQUINA DE GIMNASIO "HIP THRUST"	1.395,00
DISCOS DE PESAS PARA XIMNASIO	852,00
1 MÁQUINA XIMNASIO "CATRO ESTACIÓNS"	5.460,00
2 PARELLAS DE REMOS PARA EMBARCACIÓNS BANCO MÓBIL "YOLAS DE MAR" C1x	1.430,00
2 PARELLAS REMOS DA EMBARCACIÓN BANCO MÓBIL "YOLA DE MAR" C2x	1.430,00
TOTAL	127.594,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,37359 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,37359 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3420/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-



1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club de Remo Puebla**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club de Remo Puebla**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Club de Remo Puebla** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do equipamento, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido os bens ou equipamentos, o **Club de Remo Puebla** deberá colocar cartel no Taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego. Asemade deberá incluír o logotipo da Deputación da Coruña, nun lugar perfectamente visible cunha medida proporcional ao tamaño do equipamento e o seus compoñentes.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club de Remo Puebla**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club de Remo Puebla** nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do **Club de Remo Puebla**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás adquisicións realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo



o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** de todos os ingresos de natureza pública ou privada para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan as responsabilidades da tesourería e a representación legal da entidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

* **Reportaxe fotográfico** dos investimentos realizados.

* **Acta de recepción** escaneada ou albará de entrega.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:

* **Memoria final de actuación**, subscrita polo representante legal do Club de Remo Puebla, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das adquisicións realizadas e dos resultados obtidos.

* **Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados** obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club de Remo Puebla** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club de Remo Puebla** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club de Remo Puebla** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club de Remo Puebla**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club de Remo Puebla** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club de Remo Puebla** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club de Remo Puebla** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Club de Remo Puebla** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club de Remo Puebla** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación, seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club de Remo Puebla** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club de Remo Puebla** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o **1 de xaneiro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2026**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club de Remo Puebla**, realizada polo menos un mes antes da



data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por unanimidade.

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, no marco do establecido na Base 12 das Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, no marco do establecido na Base 12 das Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, aprobadas mediante acordo plenario do 29 de novembro de 2024, e publicadas no BOP número 233 de 3 de decembro de 2024.



Con cargo ao Plan fináncianse as solicitudes presentadas polos 93 concellos da provincia.

O importe total da achega provincial aplicada ascende a 6.992.300,36 €. O detalle por concello recóllese nos seguintes ANEXOS a este expediente:

- ANEXO I. RESUMO DAS ACHEGAS POR CONCELLO
- ANEXO II. APLICACIÓN A GASTOS CORRENTES POR CONCELLO
- ANEXO III. APLICACIÓN A INVESTIMENTO POR CONCELLO

A achega provincial finánciase con cargo ás aplicacións que se indican na seguinte táboa:

Plan	Partida	Consignación	Proposta
POS+Adicional 1/2025 Gastos sociais extraordinarios	0611/23126/76201	233.214,40 €	233.214,40 €
	0611/23126/46201	6.766.785,60 €	6.759.085,96 €

2. Aprobar as achegas para financiar gastos correntes aos 93 concellos da provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo II a este expediente e dispor o seu pago con carácter de prepagable.

O prepago deberase efectuar logo da aprobación da xustificación do gasto prepagable da cantidade que lles foi transferida con cargo ao POS+ Adicional 1/2024 e, no caso de que corresponda, verificado o ingreso do reintegro ou constatada a autorización do concello para a compensación do seu importe co prepago do POS+ Adicional 1/2025.

3. Aprobar as achegas para financiar investimentos aos 25 concellos da provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo III a este expediente.

Estas achegas aboaranse no seu día, previa presentación da documentación xustificativa, segundo o establecido na bases 12 das reguladoras do Plan.

4. Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5. Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

6. Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

7. Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”



ANEXO I. RESUMO DAS ACHEGAS POR CONCELLO

Referencia: POS+AD1-G.SOC. SOLIC / 2025

Expediente xeral	Concello	Total concedido	Achega aplicada a gasto corrente	Achega aplicada a investimento tipoloxía i (Equipamento técnico asistencial)	Achega aplicada a investimento tipoloxía j (Equipamento servizos sociais)
2024000047796	ABEGONDO	76.859,01 €	74.359,01 €	- €	2.500,00 €
2024000047797	AMES	158.605,14 €	158.605,14 €	- €	- €
2024000047798	ARANGA	61.321,27 €	59.247,78 €	- €	2.073,49 €
2024000047799	ARES	42.383,10 €	42.383,10 €	- €	- €
2024000047800	ARTEIXO	174.517,09 €	174.517,09 €	- €	- €
2024000047801	ARZÚA	104.674,13 €	104.674,13 €	- €	- €
2024000047789	A BAÑA	68.428,68 €	68.428,68 €	- €	- €
2024000047802	BERGONDO	56.944,25 €	56.944,25 €	- €	- €
2024000047803	BETANZOS	69.955,81 €	69.955,81 €	- €	- €
2024000047804	BOIMORTO	56.732,46 €	56.732,46 €	- €	- €
2024000047805	BOIRO	111.318,46 €	40.168,46 €	10.000,00 €	61.150,00 €
2024000047806	BOQUEIXÓN	63.195,64 €	63.195,64 €	- €	- €
2024000047807	BRIÓN	71.690,63 €	71.690,63 €	- €	- €
2024000047808	CABANA DE BERGANTIÑOS	66.695,94 €	66.695,94 €	- €	- €
2024000047809	CABANAS	39.669,04 €	39.669,04 €	- €	- €
2024000047810	CAMARIÑAS	49.178,25 €	49.178,25 €	- €	- €
2024000047811	CAMBRE	121.357,52 €	121.357,52 €	- €	- €
2024000047790	A CAPELA	35.525,39 €	35.525,39 €	- €	- €
2024000047812	CARBALLO	195.413,37 €	195.413,37 €	- €	- €
2024000047814	CARNOTA	51.398,67 €	51.398,67 €	- €	- €
2024000047815	CARRAL	57.309,11 €	57.309,11 €	- €	- €
2024000047816	CEDEIRA	67.703,66 €	52.376,16 €	12.000,00 €	3.327,50 €
2024000047817	CEE	61.712,58 €	61.712,58 €	- €	- €
2024000047818	CERCEDA	71.715,54 €	69.901,04 €	- €	1.814,50 €
2024000047819	CERDIDO	33.210,99 €	33.210,99 €	- €	- €
2024000047820	COIRÓS	34.897,75 €	34.897,75 €	- €	- €
2024000047821	CORCUBIÓN	20.320,15 €	19.596,57 €	- €	723,58 €
2024000047822	CORISTANCO	92.683,74 €	92.683,74 €	- €	- €
2024000047791	A CORUÑA	29.082,42 €	29.082,42 €	- €	- €
2024000047823	CULLEREDO	146.538,72 €	128.388,72 €	- €	18.150,00 €
2024000047824	CURTIS	66.226,82 €	63.226,82 €	3.000,00 €	- €



2024000047825	DODRO	33.133,01 €	33.133,01 €	- €	- €
2024000047826	DUMBRIA	71.567,03 €	71.567,03 €	- €	- €
2024000047827	FENE	71.493,71 €	71.493,71 €	- €	- €
2024000047828	FERROL	56.766,61 €	56.766,61 €	- €	- €
2024000047829	FISTERRA	39.421,45 €	32.421,45 €	5.000,00 €	2.000,00 €
2024000047830	FRADES	56.394,59 €	56.394,59 €	- €	- €
2024000047831	IRIXOA	38.523,33 €	36.493,00 €	- €	2.030,33 €
2024000047832	LAXE	38.455,64 €	37.345,63 €	- €	1.110,01 €
2024000047792	A LARACHA	103.032,94 €	88.464,55 €	7.080,00 €	7.488,39 €
2024000047833	LOUSAME	57.303,22 €	57.303,22 €	- €	- €
2024000047834	MALPICA DE BERGANTIÑOS	56.276,43 €	56.276,43 €	- €	- €
2024000047835	MAÑÓN	47.536,27 €	43.050,72 €	1.523,55 €	2.962,00 €
2024000047836	MAZARICOS	94.905,60 €	94.905,60 €	- €	- €
2024000047837	MELIDE	97.827,45 €	97.827,45 €	- €	- €
2024000047838	MESÍA	64.943,87 €	64.943,87 €	- €	- €
2024000047839	MIÑO	54.641,09 €	53.133,02 €	1.508,07 €	- €
2024000047840	MOECHE	34.672,10 €	34.672,10 €	- €	- €
2024000047841	MONFERO	78.343,86 €	73.978,86 €	4.365,00 €	- €
2024000047842	MUGARDOS	39.851,27 €	32.520,82 €	- €	7.330,45 €
2024000047844	MUXÍA	79.514,24 €	79.514,24 €	- €	- €
2024000047843	MUROS	70.164,19 €	70.164,19 €	- €	- €
2024000047845	NARÓN	173.082,01 €	173.082,01 €	- €	- €
2024000047846	NEDA	39.219,55 €	39.219,55 €	- €	- €
2024000047847	NEGREIRA	88.804,83 €	88.804,83 €	- €	- €
2024000047848	NOIA	75.785,46 €	75.785,46 €	- €	- €
2024000047849	OLEIROS	163.791,94 €	163.791,94 €	- €	- €
2024000047850	ORDES	116.981,77 €	116.981,77 €	- €	- €
2024000047851	OROSO	71.587,72 €	71.587,72 €	- €	- €
2024000047852	ORTIGUEIRA	119.460,91 €	94.460,91 €	25.000,00 €	- €
2024000047853	OUTES	73.588,48 €	73.588,48 €	- €	- €
2024000047854	PADERNE	40.893,81 €	30.200,80 €	2.985,07 €	7.707,94 €
2024000047855	PADRÓN	61.903,04 €	61.903,04 €	- €	- €
2024000047881	O PINO	82.281,68 €	82.281,68 €	- €	- €
2024000047793	A POBRA DO CARAMIÑAL	56.932,98 €	56.932,98 €	- €	- €
2024000047856	PONTECESO	73.821,40 €	73.821,40 €	- €	- €
2024000047857	PONTEDEUME	54.720,61 €	54.720,61 €	- €	- €



2024000047794	AS PONTES	143.791,19 €	125.791,19 €	18.000,00 €	- €
2024000047858	PORTO DO SON	82.649,33 €	82.649,33 €	- €	- €
2024000047859	RIANXO	72.359,35 €	72.359,35 €	- €	- €
2024000047860	RIBEIRA	134.012,37 €	134.012,37 €	- €	- €
2024000047861	ROIS	68.020,93 €	60.103,41 €	- €	7.917,52 €
2024000047863	SADA	85.395,65 €	85.395,65 €	- €	- €
2024000047864	SAN SADURNIÑO	58.450,43 €	58.450,43 €	- €	- €
2024000047865	SANTA COMBA	127.270,32 €	121.770,32 €	- €	5.500,00 €
2024000047866	SANTIAGO DE COMPOSTELA	124.607,24 €	124.607,24 €	- €	- €
2024000047867	SANTISO	56.327,56 €	56.327,56 €	- €	- €
2024000047868	SOBRADO DOS MONXES	65.841,78 €	65.841,78 €	- €	- €
2024000047795	AS SOMOZAS	45.776,24 €	45.776,24 €	- €	- €
2024000047869	TEO	114.311,71 €	108.624,71 €	- €	5.687,00 €
2024000047870	TOQUES	49.439,79 €	49.439,79 €	- €	- €
2024000047871	TORDOIA	70.529,63 €	70.529,63 €	- €	- €
2024000047872	TOURO	78.760,46 €	78.760,46 €	- €	- €
2024000047873	TRAZO	64.260,82 €	64.260,82 €	- €	- €
2024000047874	VAL DO DUBRA	69.780,11 €	69.780,11 €	- €	- €
2024000047875	VALDOVIÑO	70.078,10 €	68.078,10 €	2.000,00 €	- €
2024000047876	VEDRA	57.650,17 €	57.650,17 €	- €	- €
2024000047877	VILARMAIOR	30.143,18 €	29.663,18 €	- €	480,00 €
2024000047878	VILASANTAR	40.508,19 €	39.708,19 €	- €	800,00 €
2024000047879	VIMIANZO	107.523,06 €	107.523,06 €	- €	- €
2024000047880	ZAS	86.752,38 €	86.752,38 €	- €	- €
2024000047813	CARIÑO	43.322,78 €	43.322,78 €	- €	- €
2024000047882	OZA-CESURAS	109.848,17 €	109.848,17 €	- €	- €
TOTAL		6.992.300,36 €	6.759.085,96 €	92.461,69 €	140.752,71 €

ANEXO II. APLICACIÓN A GASTOS CORRENTES POR CONCELLO

Referencia: POS+AD1-GTO SOCIAL - GASTOS CORRENTES/ 2025

Expediente	Concello	Importe aplicado a gasto corrente
2025000001239	ABEGONDO	74.359,01 €
2024000051344	AMES	158.605,14 €
2025000001495	ARANGA	59.247,78 €
2025000000481	ARES	42.383,10 €
2025000000151	ARTEIXO	174.517,00 €



Expediente	Concello	Importe aplicado a gasto corrente
		09 €
2025000001412	ARZÚA	104.674,13 €
2025000001133	A BAÑA	68.428,68 €
2025000001082	BERGONDO	56.944,25 €
2025000001661	BETANZOS	69.955,81 €
2024000051517	BOIMORTO	56.732,46 €
2025000001011	BOIRO	40.168,46 €
2025000000794	BOQUEIXÓN	63.195,64 €
2025000001409	BRIÓN	71.690,63 €
2025000000699	CABANA DE BERGANTIÑOS	66.695,94 €
2025000001434	CABANAS	39.669,04 €
2025000001206	CAMARIÑAS	49.178,25 €
2025000001251	CAMBRE	121.357,52 €
2025000000616	A CAPELA	35.525,39 €
2024000051053	CARBALLO	195.413,37 €
2025000001010	CARNOTA	51.398,67 €
2025000001150	CARRAL	57.309,11 €
2025000001380	CEDEIRA	52.376,16 €
2025000001266	CEE	61.712,58 €
2024000051067	CERCEDA	69.901,04 €
2025000000566	CERDIDO	33.210,99 €
2025000001445	COIRÓS	34.897,75 €
2025000000847	CORCUBIÓN	19.596,57 €
2025000001481	CORISTANCO	92.683,74 €
2025000000411	A CORUÑA	29.082,42 €



Expediente	Concello	Importe aplicado a gasto corrente
2025000001585	CULLEREDO	128.388,72 €
2025000001692	CURTIS	63.226,82 €
2025000001681	DODRO	33.133,01 €
2025000001427	DUMBRÍA	71.567,03 €
2025000000609	FENE	71.493,71 €
2025000000177	FERROL	56.766,61 €
2025000001558	FISTERRA	32.421,45 €
2025000001275	FRADES	56.394,59 €
2024000051492	IRIXOA	36.493,00 €
2025000001629	LAXE	37.345,63 €
2025000001625	A LARACHA	88.464,55 €
2025000001089	LOUSAME	57.303,22 €
2025000001546	MALPICA DE BERGANTIÑOS	56.276,43 €
2025000001335	MAÑÓN	43.050,72 €
2025000001311	MAZARICOS	94.905,60 €
2025000000735	MELIDE	97.827,45 €
2025000001361	MESÍA	64.943,87 €
2025000001104	MIÑO	53.133,02 €
2025000000301	MOECHE	34.672,10 €
2025000001537	MONFERO	73.978,86 €
2025000001544	MUGARDOS	32.520,82 €
2024000050993	MUXÍA	79.514,24 €
2025000000754	MUROS	70.164,19 €
2024000051562	NARÓN	173.082,01 €
2024000051552	NEDA	39.219,



Expediente	Concello	Importe aplicado a gasto corrente
		55 €
2025000001405	NEGREIRA	88.804,83 €
2025000000864	NOIA	75.785,46 €
2025000000843	OLEIROS	163.791,94 €
2025000001398	ORDES	116.981,77 €
2025000001470	OROSO	71.587,72 €
2025000000241	ORTIGUEIRA	94.460,91 €
2025000001262	OUTES	73.588,48 €
2025000001099	PADERNE	30.200,80 €
2025000001036	PADRÓN	61.903,04 €
2025000001101	O PINO	82.281,68 €
2025000001455	A POBRA DO CARAMIÑAL	56.932,98 €
2025000001564	PONTECESO	73.821,40 €
2025000000770	PONTEDEUME	54.720,61 €
2025000001139	AS PONTES	125.791,19 €
2025000001560	PORTO DO SON	82.649,33 €
2025000001332	RIANXO	72.359,35 €
2025000000983	RIBEIRA	134.012,37 €
2025000001344	ROIS	60.103,41 €
2025000001689	SADA	85.395,65 €
2025000001279	SAN SADURNIÑO	58.450,43 €
2025000001287	SANTA COMBA	121.770,32 €
2025000001147	SANTIAGO DE COMPOSTELA	124.607,24 €
2025000001605	SANTISO	56.327,56 €
2025000001432	SOBRADO DOS MONXES	65.841,78 €



Expediente	Concello	Importe aplicado a gasto corrente
2025000001122	AS SOMOZAS	45.776, 24 €
2025000000161	TEO	108.624, 71 €
2024000051355	TOQUES	49.439, 79 €
2024000051342	TORDOIA	70.529, 63 €
2025000001072	TOURO	78.760, 46 €
2025000001591	TRAZO	64.260, 82 €
2025000001307	VAL DO DUBRA	69.780, 11 €
2025000000543	VALDOVIÑO	68.078, 10 €
2024000051241	VEDRA	57.650, 17 €
2025000000073	VILARMAIOR	29.663, 18 €
2025000001302	VILASANTAR	39.708, 19 €
2025000001423	VIMIANZO	107.523, 06 €
2025000001258	ZAS	86.752, 38 €
2025000001308	CARIÑO	43.322, 78 €
2025000001460	OZA-CESURAS	109.848, 17 €
TOTAL		6.759.085, 96 €



ANEXO III. APLICACIÓN A INVESTIMENTO POR CONCELLOS

Referencia: POS+AD1-GTO SOCIAL - GASTOS DE INVESTIMENTO/ 2025

Expediente	Concello	Importe aplicado a investimento	Tipoloxía
2025000001290	ABEGONDO	2.500,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001494	ARANGA	2.073,49 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001012	BOIRO	10.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001013	BOIRO	61.150,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001381	CEDEIRA	12.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001382	CEDEIRA	3.327,50 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2024000051107	CERCEDA	1.814,50 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000000846	CORCUBIÓN	723,58 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001583	CULLEREDO	18.150,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001713	CURTIS	3.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001592	FISTERRA	5.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001553	FISTERRA	2.000,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2024000051563	IRIXOA	2.030,33 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001630	LAXE	1.110,01 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001622	A LARACHA	7.080,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001623	A LARACHA	7.488,39 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001337	MAÑÓN	1.523,55 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001339	MAÑÓN	2.962,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001108	MIÑO	1.508,07 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001538	MONFERO	4.365,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001547	MUGARDOS	7.330,45 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000000242	ORTIGUEIRA	25.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001097	PADERNE	2.985,07 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001419	PADERNE	7.707,94 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001138	AS PONTES	18.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000001345	ROIS	7.917,52 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001286	SANTA COMBA	5.500,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000000162	TEO	5.687,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000000541	VALDOVIÑO	2.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000000072	VILARMAIOR	480,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000001313	VILASANTAR	800,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
TOTAL		233.214,40 €	

8.- Aprobación da modificación das cláusulas II e III do texto do convenio formalizado o 27 de decembro de 2024 polo que se instrumenta unha subvención nominativa relativa a convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para cofinanciar as obras do proxecto: ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a modificación das cláusulas II e III do texto do convenio formalizado o 27 de decembro de 2024 polo que se instrumenta unha subvención nominativa relativa ao convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para cofinanciar as obras do proxecto: ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto cunha achega provincial de 83.320,47 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/23121/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 14.20383 % respecto dun orzamento de 586.605,59 euros, no seguinte senso:

Onde di:

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	407.393,28 €
Gastos Xerais (13%):	52.961,13 €
Beneficio Industrial (6%)	24.443,60 €
IVA (21%)	101.807,58 €
Honorarios redacción proxecto	14.500,00 €
IVA (21%)	3.045,00 €
Orzamento de licitación:	604.150,59 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **83.320,47 euros** o que representa unha porcentaxe de **13,79 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **13,79 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de



redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/23121/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Debe dicir:

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	407.393,28 €
Gastos Xerais (13%):	52.961,13 €
Beneficio Industrial (6%)	24.443,60 €
IVA (21%)	101.807,58 €
Honorarios redacción proxecto	14.500,00 €
IVA (21%)	3.045,00 €
Orzamento de licitación:	604.150,59 €
Dirección de obra con IVE:	17.545,00 € (a restar do orzamento)

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **83.320,47 euros** o que representa unha porcentaxe de **14,20 %**, sobre un orzamento de licitación de **586.605,59 € (resultantes de descontar sobre o orzamento de licitación inicial os 17.545,00 euros da dirección de obra que non financia a aportación provincial)**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **14,20 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/23121/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

De conformidade co exposto, o texto do convenio quedaría como segue:

CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO: AMPLIACIÓN DE CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA EN BOIMORTO.

Na Coruña, a _____ de _____ de 2025, na sede da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

Ante min, _____, a Secretaria da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante



REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Boimorto**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Boimorto considera de primeira necesidade

“... Esta edificación ,como consecuencia da demanda de prazas que hai na contorna, está en proceso de mellora e optimización dende a súa construción no 2011. Na súa Inauguración en Marzo de 2011, constaba de 53 prazas, nas que 23 prazas mías unha de enfermería que pertencían á residencia e 30 ao Centro de día. No ano 2014 comezan as obras de transformación de salas de convivencia en prazas de residencia o que trae consigo unha redución de prazas para o centro de día. De este xeito tiñan 29 prazas e unha de enfermería para a residencia e 30 de Centro de día. No 2017 ampliase o edificio para acoller 10 prazas de residencia mais, con 5 cuartos dobres quedando así 37 prazas e 3 de enfermería en residencia pero se reduce as prazas de centro de día para 15. No 2019 ampliase o edificio para unha nova sala de convivencia (por falta de espazos comúns) para ampliar as prazas de centro de día. Quedando 38 prazas e 2 de enfermería na residencia e 20 no centro de día. No 2021 colócanse placas fotovoltaicas e dúas bombas de calor. No 2022 realizase parte da renovación da fachada principal con fachada ventilada cerámica.

...

Preténdese ampliar o edificio que alberga o Centro de día e a miniresidencia de Boimorto, para ampliar a capacidade da Miniresidencia en 14 prazas, distribuídas en 5 dormitorios dobres, 3 simples e unha de enfermería; o que a deixaría nun total de 52 prazas mais 2



de enfermería na residencia e 20 prazas no centro de día...”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as **obras proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto**”, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Na actualidade seguimos tendo moita demanda de prazas de residencia contando cunha lista de espera que non deixa de ir en aumento. A día de hoxe hai máis 50 persoas na mesma. De estes 50, o 80% presentan gran necesidade de ingreso debido a súa situación socio-familiar ou ben ao seu grao elevado de dependencia e a imposibilidade de obter unha atención e coidados axeitados polo illamento social, por incompatibilidade horaria do coidador principal, por falta de recurso e/ou por non ter, as súa vivenda principal as condicións de habitabilidade e adaptabilidade que precisan polas súas condicións físicas, cognitivas e de saúde...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Boimorto** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Boimorto** con CIF P1501000B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“obras proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **arquitecto Isidro López Yañez, número colexiado 2.261**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	407.393,28 €
Gastos Xerais (13%):	52.961,13 €
Beneficio Industrial (6%)	24.443,60 €



IVA (21%)	101.807,58 €
Honorarios redacción proxecto	14.500,00 €
IVA (21%)	3.045,00 €
Orzamento de licitación:	604.150,59 €
Dirección de obra con IVE:	17.545,00 € (a restar do orzamento)

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **83.320,47** euros o que representa unha porcentaxe de **14,20 %**, sobre un orzamento de licitación de **586.605,59 € (resultantes de descontar sobre o orzamento de licitación inicial os 17.545,00 euros da dirección de obra que non financia a aportación provincial)**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **14,20 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/23121/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.



- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da



subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de



cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación



poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 20 de decembro de 2024, e modificado por acordo plenario de data _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu.



Dáse conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto das obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a renovación dun tramo da rede de abastecemento municipal e pavimentación no camiño de Outeiro Sombreu.

A modificación do proxecto supón a modificación do orzamento de execución que ascende a 223.513,98 euros (IVA incluído).

Segundo o convenio asinado 40/2022, a achega máxima provincial correspondía a un porcentaxe de financiamento do 100%, sobre un orzamento de 200.377,84, quedando agora a porcentaxe de financiación nun 89,6489% sobre un orzamento de 223,513,98 euros.

10.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera.

Dáse conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, asinado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, colegiado nº 2140 del COAG, de febreiro de 2025.

A modificación do proxecto supón a modificación do orzamento de execución que pasa a ser de 107.736,49 € (IVA incluído).

Segundo o convenio asinado 99/2022, a achega máxima provincial de 75.000,00 euros correspondía a unha porcentaxe de financiamento do 68.20690%, sobre un orzamento de 109.959,55 euros. Sendo a porcentaxe de financiación dun 68.20690% sobre un orzamento de 107.736,49 euros, o importe máximo a financiar pola Deputación será agora de 73.483,72 euros.

11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Ares polo que se suscribe unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do sistema de abastecemento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Apróbase a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Ares



polo que se suscribe unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora do sistema de abastecemento, ata o 31 de outubro de 2026 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.”

12.- Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Mellora dos acesos e servizos á praia de Mañóns" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0122.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado “Mellora dos acesos e servizos á praia de Mañóns”, do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0122.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Boiro

Logo de ver que mediante acordo plenario desta deputación, do día 15 de setembro de 2023, aprobouse un primeiro proxecto modificado desta obra, levantándose a condición á que quedara sometido e aprobándose definitivamente este investimento dentro do Plan

Logo de aprobar o concello de Boiro un segundo proxecto técnico modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, cun orzamento de contrata de 67.387,80 €, o que supón un incremento de 24.873,54 € respecto do orzamento de contrata do proxecto inicial que ascendía a 42.514,26€. Este segundo proxecto modificado foi asinado dixitalmente o 14 de xaneiro de 2025 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial, o arquitecto municipal, José Emilio Piña Ordiz. co obxectivo de facer unha revisión de prezos unitarios, debido ao incremento experimentado dende a redacción do primeiro proxecto da obra, que motivou que o proceso de licitación quedase deserto.

Tendo en conta que este segundo proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación, que conta cos informes técnicos correspondentes necesarios, e que o concello acredita, mediante informe da interventora municipal, do 1 de abril de 2025, a existencia de crédito suficiente no orzamento municipal de 2025 para facer fronte ao importe total do proxecto modificado que ascende a 67.387,80 €, incluído polo tanto o incremento experimentado tras a súa modificación



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020, para regular a utilización do contrato menor

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do acesos e servizos á praia de Mañóns”, do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0122.0, asinado dixitalmente o 14 de xaneiro de 2025, polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial, o arquitecto municipal, José Emilio Piña Ordiz, cun orzamento de contrata de 67.387,80 €, o que supón un incremento de 24.873,54 € con respecto ao orzamento do proxecto anteriormente aprobado que ascendía a 42.514,26 €, incremento que é asumido integramente polo Concello de Boiro; consistindo a modificación nunha revisión dos seus prezos unitarios, debido ao incremento experimentado dende a primeira redacción, que ocasionou que o proceso de licitación quedase deserto

Concello de Boiro “Mellora dos acesos e servizos á praia de Mañóns” 2021.2000.0122.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	42.514,26	42.514,26	0,00
Concello	0,00	24.873,54	24.873,54
Total	42.514,26	67.387,80	24.873,54

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Boiro conta con crédito suficiente no seu orzamento municipal de 2025 para facer fronte ao importe total do proxecto modificado que ascende a 67.387,80 €, incluído polo tanto o incremento experimentado tras a súa modificación.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boiro para os efectos oportunos.”

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles”, do Concello de Carral incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0335.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO



O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles”, do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0335.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 36651 do 16 de setembro de 2024, pola que se considera aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2024 Base.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 da citada Resolución, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada uns deles, entre os que figura este investimento do Concello de Carral cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Carral	2024.2102.0335.0	Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles	41.869,56	0,00	41.869,56	- Autorización Augas de Galicia - Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello Carral un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 17 de novembro de 2024, polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, sen variación do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan, coa finalidade de dar cumprimento ás condicións contidas nun requirimento previo á autorización de Augas de Galicia.

Logo de ver que este investimento aínda non esta adxudicado por ter sido aprobado de forma condicionada na Resolución de aprobación da primeira fase deste Plan Adicional 2/2024.

Logo de ver que constan no expediente tanto o informe de supervisión favorable emitido o 18 de marzo de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado, como a Resolución de Augas de Galicia de 14 de febreiro de 2025 pola que se autorizan, cunha serie de condicións as obras solicitadas, xunto co informe do técnico municipal de adecuación de dito proxecto modificado á autorización concedida, dándose así cumprimento ás condicións ás que fora sometida a aprobación definitiva deste investimento

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro



de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles", do Concello de Carral incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0335.0, sen variación do seu orzamento de contrata, que está sen adxudicar ao estar condicionado ao cumprimento das condicións suspensivas da obtención da autorización de Augas de Galicia e da aprobación polo concello do proxecto modificado, que se aprobou por decreto da alcaldía do concello o 14 de marzo de 2025, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 18 de marzo de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, que foi redactado coa finalidade de atender ao requirimento feito por Augas de Galicia antes de autorizar a obra, pero que non supoñen nin unha modificación do obxecto do proxecto nin da súa finalidade, pero implica suprimir un tramo de beirarrúas previstas no proxecto inicial, sendo os seus datos os seguintes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Carral	2024.2102.0335.0	Construcción beirarrúas no rúa Río de Canles	41.869,56	0,00	41.869,56	- Autorización Augas de Galicia - Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e a acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia, considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida Salvador Allende (Nós)", do Concello da Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0388.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Oleiros do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida Salvador Allende (Nós)”, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0388.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 36651 do 16 de setembro de 2024, pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, logo de declarar cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial ao POS+ 2024, a través do expediente de modificación de créditos 2/2024 por un importe total de 46.000.000,00 € e desagregada mediante expediente de modificación de créditos 4/2024, destinada ao financiamento de investimentos financeiramente sostíbeis

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Oleiros	2024.2102.0388.0	Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida Salvador Allende (Nós)	450.332,62	0,00	450.332,62	-Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) -Autorización Patrimonio Cultural –Xunta -Autorización Augas de Galicia

Logo de aprobar o Concello da Oleiros un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 1 de abril de 2025 por Oscar Manuel Sanmartín Abad, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 500.112,13 € que, en relación co orzamento do proxecto incluído no Plan que ascendía a 450.332,62 €, supón un incremento de 49.779,51 €, que é asumido polo Concello de Oleiros, e que foi redactado para cumprir as esixencias da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e tamén para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de marzo de 2025

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 8 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Logo de presentar o concello as autorizacións obtidas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a Declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, xunto cun informe técnico no que se indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións contidas nestas autorizacións

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.-Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida. Salvador Allende (Nós)”, do Concello da Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0388.0, cun orzamento de contrata de 500.112,13 € que, en relación co orzamento do proxecto incluído no Plan que ascendía a 450.332,62 €, supón un incremento de 49.779,51 €, que é asumido polo Concello de Oleiros. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 8 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, e foi redactado co propósito de cumprir as esixencias da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e tamén para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de marzo de 2025.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación das autorizacións obtidas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a Declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

Proxecto modificado Concello da Oleiros “Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avenida Salvador Allende (Nós)” Código 2024.2102.0388.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	INCREMENTO	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Deputación	450.332,62	450.332,62	0,00	-Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) -Autorización Patrimonio Cultural –Xunta -Autorización Augas de Galicia
Concello	0,00	49.779,51	49.779,51	
Total	450.332,62	500.112,13	49.779,51	

3- Na partida 2025/0430-1615-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra, toda vez que o Concello de Oleiros asume o financiamento do incremento experimentado por este proxecto modificado.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello da Oleiros para os efectos oportunos.”



15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle", do Concello de Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0389.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Oleiros do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle”, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0389.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 36651 do 16 de setembro de 2024, pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, logo de declarar cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial ao POS+ 2024, a través do expediente de modificación de créditos 2/2024 por un importe total de 46.000.000,00 € e desagregada mediante expediente de modificación de créditos 4/2024, destinada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Oleiros	2024.2102.0389.0	Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle	400.000,00	0,00	400.000,00	-Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)

Logo de aprobar o Concello da Oleiros un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 1 de abril de 2025 por Oscar Manuel Sanmartín Abad, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 511.691,91 € que, en relación co orzamento do proxecto incluído no Plan que ascendía a 400.000,00 €, supón un incremento de 111.691,91 €, que é asumido polo Concello de Oleiros, e que foi redactado para cumprir as esixencias da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e tamén para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta



deputación no seu informe desfavorable de marzo de 2025

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 8 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Logo de presentar o concello a autorización obtida da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), xunto cun informe técnico no que se indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións contidas nesta autorización

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle”, do Concello da Oleiros, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0389.0, cun orzamento de contrata de 511.691,91 € que, en relación co orzamento do proxecto incluído no Plan que ascendía a 400.000,00 €, supón un incremento de 111.691,91 €, que é asumido polo Concello de Oleiros. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 8 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, e foi redactado co propósito de cumprir as esixencias da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e tamén para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de marzo de 2025.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización obtida da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

Proxecto modificado Concello da Oleiros “Renovación da tubería de abastecemento na Avenida Rosalía de Castro en Lamastelle” Código 2024.2102.0389.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	INCREMENTO	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Deputación	400.000,00	400.000,00	0,00	-Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)
Concello	0,00	111.691,91	111.691,91	
Total	400.000,00	511.691,91	111.691,91	



3- Na partida 2025/0430-1615-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra, toda vez que o Concello de Oleiros asume o financiamento do incremento experimentado por este proxecto modificado.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello da Oleiros para os efectos oportunos.”

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado", do Concello de Oroso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0562.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Oroso do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0562.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación do día 22 de novembro de 2024 en relación coa Resolución de Presidencia número 51945 do día 13 de decembro de 2024, polo que se aproba a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Oroso	2024.2102.0562.0	Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado	189.136,21	0,00	189.136,21	- Anexo V - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello da Oroso un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 9 de abril de 2025 polo equipo de arquitectos Naos, que xa redactara o primeiro proxecto, cun orzamento de contrata de 184.631,14 €, o que supón



unha minoración de 4.505,07 € respecto do orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan cuxo importe era de 189.136,21 €, e que ten por finalidade corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 25 de novembro de 2024

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 9 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Logo de presentar o concello un informe técnico elaborado segundo o modelo **Anexo V**, asinado o 20 de xaneiro de 2025 polo arquitecto municipal, no que se analiza este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado”, do Concello de Oroso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0562.0 cun orzamento de contrata de 184.631,14 €, o que supón unha minoración de 4.505,07 € respecto do orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, cuxo importe era de 189.136,21 €. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 9 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, con diminución do orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, redactado co propósito de corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 25 de novembro de 2024.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación do informe técnico emitido segundo o modelo Anexo V, considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

Proxecto modificado con diminución Concello de Oroso	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA	CONDICIÓN CUMPRIDAS
--	---------------------	------------------------	-----------	------------------------



"Renovación de césped campo de fútbol Lino Balado"				
Código 2024.2102.0562.0				
Deputación	189.136,21	184.631,14	- 4.505,07	- Anexo V - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación
Concello	0,00	0,00	0,00	
Total	189.136,21	184.631,14	- 4.505,07	

3- Na partida 2025/0430-3421-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Oroso para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da rúa do Portiño e outros", do Concello de Oroso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0563.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oroso do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da rúa do Portiño e outros", incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0563.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión extraordinaria realizada o día 22 de novembro de 2024 en relación coa Resolución de Presidencia número 51945 do día 13 de decembro de 2024, polo que se aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, destinada ao financiamento de gasto corrente e investimentos financeiramente sostibles

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Oroso	2024.2102.0563.0	Mellora da rúa do	278.030,58	7.385,62	285.416,20	-Autorización



		Portiño e outros				Demarcación Estradas do Estado en Galicia
--	--	------------------	--	--	--	---

Logo de aprobar o Concello da Orosa un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 19 de decembro de 2024 por Pablo Blanco Ferreiro que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 285.416,20 €, idéntico ao do orzamento do proxecto inicialmente incluído no Plan, que foi redactado para cumprir as esixencias da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 3 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Logo de presentar o Concello de Orosa a autorización obtida da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, xunto cun informe técnico no que se indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións contidas nesta autorización

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.-Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da rúa do Portiño e outros”, do Concello de Orosa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0563.0, cun orzamento de contrata de 285.416,20 €, idéntico ao do proxecto inicialmente incluído no Plan. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 3 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sen variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, nin tampouco do seu orzamento, que foi redactado co propósito de cumprir as esixencias da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización obtida da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
----------	--------	--------------	-------------------	------------------	-------	----------------------



Oroso	2024.2102.0563.0	Mellora da rúa do Portiño e outros	278.030,58	7.385,62	285.416,20	-Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia
-------	------------------	------------------------------------	------------	----------	------------	---

3.- Na partida 2025/0430-1537-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Oroso para os efectos oportunos.”

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de camiños en San Claudio, Senra, Freires e Cuíña" do Concello de Ortigueira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0400.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Ortigueira do proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de camiños en San Claudio, Senra, Freires e Cuíña”, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2023, co código 2023.2102.0400.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 32169/2023 do 18/08/2023, pola que considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis previstos no Plan Complementario ao POS+ 2023 Base, na que se inclúe este investimento do Concello de Ortigueira

Logo de presentar o concello un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, asinado dixitalmente o día 20 de setembro de 2023, cun orzamento de contrata de 161.395,77 €, idéntico ao do proxecto técnico inicial incluído no Plan, e que modifica o trazado inicial do proxecto eliminando un dos camiños a realizar por estar incluído noutro proxecto e engadir outros novos

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2023, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**



1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de camiños en San Claudio, Senra, Freires e Cuíña”, do Concello de Ortigueira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2023, co código 2023.2102.0400.0, que non está adxudicado, que foi asinado o día 20 de setembro de 2023 polo arquitecto técnico Francisco Javier Dopico Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, sendo o seu orzamento de contrata de 161.395,77 €, o mesmo que o do proxecto inicial e financiado integramente por esta deputación, que foi modificado para cambiar en parte o seu trazado, eliminando un dos camiños e incluíndo outros novos, tal e como se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Ortigueira	2023.2102.0400.0	Aglomerado de camiños en San Claudio, Senra, Freires e Cuíña	161.395,77	0,00	161.395,77

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ortigueira para os efectos oportunos.”

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación e impermeabilización da Praza do Emigrante” do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0118.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Betanzos do proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación e impermeabilización da Praza do Emigrante”, do Concello de Betanzos incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0118.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 26 de maio do 2023, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario



Logo de aprobar o Concello de Betanzos un proxecto modificado deste investimento, que está adxudicado e pendente de certificar, cun orzamento de contrata de 295.287,17 €, o que supón unha diminución de 20.879,74 €, en relación co seu orzamento de contrata inicial que ascendía a 316.166,91 €, que foi redactado debido a non ser necesario levar a cabo determinadas actuacións previstas e á necesidade de realizar algunhas modificacións técnicas, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación e impermeabilización da praza do Emigrante” do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0118.0, asinado dixitalmente o 2 e o 18 de decembro de 2024 polos arquitectos Domingo Esperante Otero e Antonio López Rodríguez, que xa redactaran o proxecto inicial, que foi redactado debido a non ser necesario levar a cabo determinadas actuacións previstas e á necesidade de realizar algunhas modificacións técnicas, e que se xustifica no informe técnico asinado pola arquitecta técnica municipal, cun orzamento de contrata de 295.287,17 €, o que supón unha diminución de 20.879,74 €, en relación co seu orzamento de contrata inicial que ascendía a 316.166,91 €, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con diminución Rehabilitación e impermeabilización da praza do Emigrante Concello de Betanzos: 2023.2000.0118.0						
Axentes financeiros	Proxecto Inicial		Proxecto Modificado		Diferenza	
	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Diferenza contrata	Diferenza adxudicación
Deputación	316,166.91	300,777.19	295,287.17	280,913.79	20,879.74	19,863.40
Concello	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
Total	316,166.91	300,777.19	295,287.17	280,913.79	20,879.74	19,863.40

2.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Betanzos para os efectos oportunos.”

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2025.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de febreiro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de febreiro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

21.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de marzo de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de marzo de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”



22.- Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Deputación Provincial e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2024 da Deputación Provincial e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

23.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2025 e proxección a 31/12/2025.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31 de marzo de 2025, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no Anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto ao longo do exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2025, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

24.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2025.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2025, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.



TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

25.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2024.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2024.

26.- Dación de conta do Plan de Control Interno correspondente ao exercicio 2025.

Dáse conta do Plan de Control Interno correspondente ao exercicio 2025, elaborado pola intervención provincial.

27.- Dación de conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2024.

Dáse conta do informe de Intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2024.

28.- Dación de conta da resolución de presidencia número 15988/2025, relativa ao persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 15988/2025, do 4 de abril de 2025, pola que se nomea e cesa persoal eventual.

29.- Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto “PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL”, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:



1º Aprobar a prórroga do convenio 44/2024, de colaboración entre a Deputación Provincial e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para financiar o proxecto “PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL”, cun orzamento total de 274.885,00€, e cunha aportación por parte da Deputación Provincial da Coruña de 244.647,65€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 89%, sendo a nova data de vixencia e xustificación do convenio o **31 de marzo de 2026**, e o novo prazo de execución das actividades ata o **31 de decembro de 2025**.

2º Modificar as cláusulas II, VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Clúster levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	Orzamento
1. GASTOS DE PERSOAL IMPUTADO AO PROXECTO	28.800,00
Soldos e salarios:	21.737,6
1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94% imputación)	21.737,64
Seguridade Social a cargo da entidade:	7.062,36
1. 1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94% imputación)	7.062,36
2. CONTRATACIÓNS EXTERNAS	166.165,30
Promoción do sector audiovisual galego e presenza en eventos de referencia nacional e internacional:	69.478,00
• Congreso Internacional de Animación, VFX, VP e Nuevos Media, Mundos Digitales 2024	50.000,00
• Congreso Internacional de Animación, VFX, VP e Nuevos Media, Mundos Digitales 2025	5.000,00
• IBERSERIES 2025	8.500,00
• I+P, Ideas para Producir 2024	5.978,00
Elaboración de elementos/ pezas audiovisuais para a promoción e difusión plató virtual VpxR	39.800,00
• Vídeo promocional e pezas audiovisuais	
Asesoramento técnico para o deseño de accións de promoción:	19.500,00
• Contratación de profesionais independentes para o deseño das accións de promoción	
Formación en produción virtual (2 edicións curso Producción Virtual/10 alumnos/a por edición).	26.483,00
• Honorarios docentes	
Publicidade e propaganda:	51.500,00
• Comunicacóns e insercións publicitarias para evento Marché du Film 2025	14.000,00
• Comunicación e insercións publicitarias para evento San	12.000,00



Sebastián Internacional Film Festival 2025	
• Comunicación e insercións publicitarias para evento MIPCOM 2025	14.000,00
• Presencia en medios en campaña de publicidade transversal e cobertura en notas de prensa: Mundos Digitales 2025, Iberseries 2025, Shooting Locations Marketplace 2025, Focus Londres 2025	10.000,00
• Publicidade impresa no programa Iberseries 2025	1.500,00
Desprazamentos:	5.335,25
• I+P Ideas para Producir 2024	5.335,25
Outros gastos financeiros:	3.000,00
• Constitución de fianza, aval ou garantía anticipo axuda	3.000,00
Arrendamentos:	0,00
• Alugueiro do espazo no Festival Internacional de San Sebastián	0,00
Gastos correntes:	20.085,00
• Comunicacóns e subministracións	20.085,00
ORZAMENTO	274.885,00

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xullo de 2024 e o 31 de decembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Clúster deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Clúster para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Clúster da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Clúster na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Clúster terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN



1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día **1 de xullo de 2024 ata o 31 de decembro de 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de marzo de 2026**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
 2. Previa solicitude do Clúster, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que se expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
 3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.
- 3º Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

30.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento e da actividade empresarial da provincia" no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia”, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, Q1573004G, para regular a achega



de 55.000,00 € para cofinanciar o proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia” no marco do Plan de Emprego Local (PEL), cun orzamento subvencionado de 69.375,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220250013524, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese a 31 de decembro de 2026.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A ACTIVIDADE EMPRESARIAL DA PROVINCIA”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL).

Na Coruña, a de de 2025 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte Dona Rosa Ana García López, en representación da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, Dona María Pais Fajín, en representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela,

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, consideran que o impulso ao emprendemento e a consolidación empresarial é crucial para o desenvolvemento económico, social e competitivo da provincia. Esta iniciativa non só xera emprego e promove a diversificación económica, senón que tamén fortalece a economía a nivel local e rexional. É especialmente beneficioso para os municipios máis pequenos, xa que contribúe ao seu desenvolvemento e atrae a investidores e talento.

Ademais, ao ofrecer oportunidades laborais e empresariais en áreas rurais, fomenta que a poboación opte por quedar a vivir nestas zonas, enriquecendo así a vida comunitaria e preservando a contorna rural. En resumo, o apoio ao emprendemento e a consolidación empresarial na provincia non só beneficia á provincia no seu conxunto, senón que tamén ten un impacto positivo no desenvolvemento e a sustentabilidade dos municipios máis pequenos e na retención de poboación no ámbito rural.



Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, NIF: Q1573004G, para o financiamento do proxecto "Fomento do emprendemento e a actividade empresarial na provincia" cuxo obxectivo é apoiar e promocionar o emprendemento e a actividade empresarial na provincia, como fórmula para a creación de emprego estable e de calidade, así como para a xeración de riqueza e o desenvolvemento socioeconómico no ámbito provincial.

A súa finalidade consiste en contribuír á creación de empresas e á consolidación das xa existentes como forma eficaz de loita contra o desemprego. O fomento do espírito emprendedor e o autoemprego, así como facilitar o acceso ao emprendemento de moi diversos colectivos (en especial de persoas mozas) sobre todo no ámbito rural, é unha contribución eficaz ao desenvolvemento socioeconómico da provincia no seu conxunto, sobre todo dos concellos máis pequenos.

O proxecto desenvolverá actividades relacionadas co fomento do emprendemento e o autoemprego na provincia; o asesoramento, atención e acompañamento a persoas emprendedoras e empresarios/as da provincia, no proceso de desenvolvemento e consolidación dos seus proxectos empresariais.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos, e Navegación de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO PROXECTO	
ACTIVIDADES	IMPORTE
Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade	46.622,98 €
Desprazamentos: Gastos de manutención, avituallamento, viaxes e aloxamento	2.000,00 €
Contratacións externas. Servizos de profesionais independentes	3.500,00 €
Publicidade e Propaganda	2.000,00 €
Subministracións: Auga, Gas, Electricidade, Combustible..	5.539,64 €
Comunicacións: Correos, Teléfono, aloxamento web	1.712,38 €
Premios monetarios necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención	8.000,00 €
Total custo proxecto	69.375,00 €
Importe cofinanciado pola Deputación Provincial (80 %)	55.500,00 €
Importe cofinanciado pola Cámara (20 %)	13.875,00 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 55.500 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Cámara, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Cámara de Santiago deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

2. Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela.



VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á Cámara de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación subscrita polo representante legal da Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela na documentación achegada.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, **deberán realizarse no periodo dun ano desde o día seguinte á sinatura do presente convenio.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades



previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela na documentación achegada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas



de Galicia, a Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. No punto 1 establécese que: “O presente convenio de colaboración, para os efectos de imputación dos gastos, terá efectos durante un ano **desde o día seguinte á súa**



sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2026**, sempre e cando exista crédito para tal fin”.

2. Previa solicitude da Cámara Oficial de Comercio Industria Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data de fin de vixencia do apartado 1, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos, e Navegación de Santiago de Compostela

D. Valentín González Formoso

Dona María Pais Fajín

Asinado:

Asinado:

31.- Aprobación do proxecto da obra DP 4802 Perbes a Campolongo.- Reforzo do firme e mellora superficial do punto quilométrico 0+650 ao 1+900 e do 4+600 ao 5+500 (MIÑO_PONTEDEUME), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

VOTACIÓN



Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto DP 4802 Perbes a Campolongo.- Reforzo do firme e mellora superficial do punto quilométrico 0+650 ao 1+900 e do 4+600 ao 5+500 (Miño _ Pontedeume) que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2025, cun orzamento total de 288.232,84 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2025.1110.0004.0	DP 4802 Perbes a Campolongo.- Reforzo do Firme e Mellora Superficial do Punto quilométrico 0+650 ao 1+900 e do 4+600 ao 5+500)	Miño- Pontedeume	288.232,84 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

32.- Aprobación do proxecto da obra mellora do firme con MBQ na DP 2404 Laracha a Silva por Golmar; punto quilométrico 7+300 ao 8+100 e do 8+900 a 11+500 (A LARACHA), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto Mellora do Firme con MBQ na DP 2404 Laracha a Silva por Golmar (P.Q. 7+300 a 8+100 e 8+900 a 11+500) A LARACHA, que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2025, cun orzamento total de 498.393,65 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2025.1110.0005.0	Mellora do Firme con MBQ na DP 2404 Laracha a Silva por Golmar (P.Q. 7+300 a 8+100 e 8+900 a 11+500) A LARACHA	A Laracha	498.393,65 €	5 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”



(O Sr. Varela López abandona o Salón de Plenos).

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Sr. Presidente

Moi ben, pasamos a actuacións de control, mocións. A primeira, do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a ampliación da Ponte da Pasaxe.

1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a ampliación da Ponte Pasaxe

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é o principal problema da comarca da Coruña, a máis importante de Galicia. O deficiente servizo de transporte público existente e a incapacidade das infraestruturas viarias converten os accesos á cidade e os desprazamentos aos polígonos en ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios, con constantes perdas de tempo e prexuízos para as economías persoais e empresariais.

Ademais da urxente necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta de Galicia, que contribuíría a unha redución do uso do vehículo privado, son varias as obras públicas pendentes por parte dos gobernos centrais e autonómicos. Levamos décadas agardando polo vial 18, a cuarta ronda, a vía Ártabra ou a ampliación da ponte Pasaxe. Coa apertura do túnel de Sol y Mar e a inminente ampliación da avenida Alfonso Molina, resulta imprescindible eliminar o tapón

intermedio para o tráfico que supón a actual ponte Pasaxe, pola que circulan a diario máis de 90.000 vehículos de Oleiros, parte de Cambre, Sada, Betanzos, Bergondo e outros municipios da provincia. Coa ampliación da ponte remataríase con grande parte dos atascos que se producen na comarca e tamén permitiría a creación das conexións peonís e ciclistas entre Oleiros, A Coruña e Culleredo para fomentar unha mobilidade sostible e saudable.

Di moito dos deputados e deputadas coruñeses no Congreso que en Vigo finalizasen a obra de ampliación na ponte de Rande no 2017 - cun nivel de tráfico moi inferior ao da ponte da Pasaxe- e que na Coruña sigamos á espera de que se contrate esta obra, para a que o proxecto está aprobado desde o 2023 sen existencia de noticia algunha sobre a súa posible contratación.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar ao Goberno central a urxente necesidade de realizar a obra de ampliación da ponte da Pasaxe para beneficio da mobilidade metropolitana.
- 2.- Instar a todos os deputados e deputadas da provincia da Coruña no Congreso dos Deputados a que condicionen o seu apoio aos orzamentos do Estado á inclusión da partida orzamentaria necesaria para a contratación das obras de ampliación da Ponte da Pasaxe.



3.- Demandar ao Goberno central que inclúa nos próximos orzamentos do Estado os fondos necesarios para contratación das obras de ampliación da Ponte da Pasaxe ou que incremente as partidas plurianuais contempladas nos orzamentos do 2023.

4.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

Sr. García Seoane

Bo día.

A mobilidade é o principal problema da comarca da Coruña. A máis importante, por certo, de Galicia. O deficiente servizo de transporte público existente e a incapacidade das infraestruturas viarias converten os accesos á cidade e os desprazamentos aos polígonos en verdadeiras ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios con constantes perdas de tempo e prexuízos para as economías persoais e empresariais.

Ademais da urxente necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta de Galicia, pendente de ultimarse, dado que ata agora o que se fixo non aborda a situación problemática que ten esta comarca, que contribuíría a unha redución do uso do vehículo privado, son varias as obras públicas pendentes por parte dos gobernos centrais e autonómicos e, por certo, levamos décadas agardando polo vial 18, a cuarta ronda, a vía Ártabra, ou a ampliación da Ponte da Pasaxe.

Coa apertura do túnel de Sol y Mar e a inminente ampliación da avenida Alfonso Molina, resulta imprescindible eliminar o tapón. Un tapón intermedio para o tráfico que supón a actual Ponte da Pasaxe, pola que circulan a diario máis de 90.000 vehículos, a diario, como digo; é a estrada que máis tráfico ten de Galicia, non?, e que dá servizo a concellos da comarca: Cambre, Sada, Betanzos, Bergondo, etc., e moitos outros municipios da provincia. Coa ampliación da ponte, remataríase con gran parte dos atascos que se producen na comarca e tamén permitiría a creación das conexións peonís e ciclistas entre Oleiros, A Coruña e Culleredo para fomentar unha mobilidade sostible e saudable.

Di moito dos deputados e deputadas coruñeses no Congreso que en Vigo finalizasen a obra de ampliación da ponte de Rande en 2017, cun nivel de tráfico moi inferior á da Ponte da Pasaxe, é dicir, a metade do tráfico que ten a Ponte da Pasaxe. E que na Coruña sigamos á espera de que se contrate esta obra, para o cal o proxecto está aprobado, por certo, desde 2023. Levamos máis de 20 anos á cola para que esta obra se contrate.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno de Deputación Provincial os seguintes acordos:

Instar a Deputación da Coruña a reclamar ao Goberno central a urxente necesidade de realizar a obra de ampliación da Ponte da Pasaxe para beneficio da mobilidade metropolitana.

Elimino o punto 2 da moción que traía, que era instar todos os deputados e deputadas da provincia no Congreso dos Deputados –ese parágrafo elimínase–.

E o sigo, o terceiro sería demandar ao Goberno Central que inclúa nos próximos orzamentos do Estado os fondos necesarios para a contratación das obras de ampliación da Ponte da Pasaxe ou que incremente as partidas plurianuais contempladas nos orzamentos de 2023. Esta obra figuraba nos orzamentos de 2023 cunha cantidade



irrisoria; por tanto, non ten nada que ver con que en novos presupostos, pódese ampliar esa partida e pódese chegar a contratar.

Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Transportes e Mobilidade e Sostible.

Sra. Veira González

En primeiro lugar, anuncio que desde o BNG imos votar a favor desta moción que presenta Alternativa dos Veciños, pero si que queremos facer algunha puntualización.

É certo que a mobilidade metropolitana na comarca da Coruña é problemática, é complicada, mais nós cremos desde o BNG que non é a única solución ampliar vías, non é a única solución ampliar a avenida da Vedra, non é a única solución ampliar a Ponte da Pasaxe. Por que? Porque por moito que ampliemos as vías, ao final, por unha parte, esta ampliación de vías ten un efecto chamada, e, por outra parte, a realidade é que non acaba de solucionar o problema, porque nas vías que son xa internas dos concellos da Coruña e de Oleiros non son ampliábeis no mesmo sentido que o son a Ponte da Pasaxe ou a avenida da Vedra e, polo tanto, os engarrafamentos van continuar.

Nós que cremos desde o BNG? Que efectivamente está ben ampliar as infraestruturas sempre e cando non se centren única e exclusivamente en ampliar o espazo para o coche. É dicir, se se amplían para dar servizos aos peóns, se se amplían para dar servizo ás bicicletas e se se amplían para instalar ou implementar carrís VAO, que faciliten que os buses, sobre todo, poidan ter unha prioridade na circulación e, polo tanto, que a xente que utiliza o transporte público colectivo teña unha vantaxe a respecto da que utiliza o transporte privado, pois nós cremos que, se se fai desde ese punto de vista, sería positivo.

E, ademais, nós desde o BNG levamos anos demandando que haxa unha mellora no transporte público colectivo, que haxa unha mellora nas liñas interurbanas, que haxa unha mellora nas liñas metropolitanas da Coruña, porque o certo é que non funcionan ben, non funcionan ben, non teñen uns bos horarios, non teñen unhas boas frecuencias e, polo tanto, a xente non as utiliza todo o que se debería.

E, evidentemente, levamos demandando, como xa é máis que coñecido, que se implemente un transporte de cercanías por ferrocarril. Levámolo demandando anos. É unha vergonza que a comarca da Coruña, que é das poucas que en todo o Estado non ten un tren de cercanías, que non o teña. É absolutamente incríbel e desde o BNG levamos anos demandándoo, tanto no Congreso dos deputados como tamén desde esta propia comarca.

Por último, nós tamén cremos que sería moi importante para conectar A Coruña con Oleiros, pero tamén outros concellos da nosa área de influencia, a implementación do transporte marítimo para complementar todos estes métodos de transporte.

O que non podemos, desde logo, é, en medio dunha crise climática, poñernos a priorizar precisamente o transporte privado. Eu creo que hai que repensar como estamos utilizando os medios de transporte, como estamos movéndonos pola comarca e, desde logo, creo que priorizar o transporte público e, desde logo, reformular as infraestruturas para que se priorice o transporte público e se prioricen medios de transporte brandos, é o que hai que facer. Nós desde o BNG é o que estamos propoñendo na nosa acción institucional en todos os foros, no Congreso dos Deputados, no Parlamento de Galiza e en todos os concellos, facémolo tamén aquí e, desde logo, votaremos a favor desta moción, mais con todos estes matices un pouco de concepción do que é a mobilidade.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro



Moi bo día a todos e a todas.

Nós anunciamos tamén que vamos a votar a favor desta moción porque compartimos a necesidade de dotación desa infraestrutura.

É verdade que hai un partido á fronte do Goberno de España que cumpre con esta comarca. Hai dúas das actuacións que se citan nesta moción que eran demandas históricas, como é a Ponte do Sol y Mar ou a ampliación de Alfonso Molina, que son unha realidade ou que van ser unha realidade de grazas ao Goberno de España, presidido por Pedro Sánchez e, polo tanto, polo Partido Socialista. Non foi así durante etapas precedentes doutras formacións políticas á fronte dese goberno. Polo tanto, hai un Goberno que cumpre e nós, loxicamente, en defensa dos intereses dos veciños e veciñas desta provincia, somos esixentes con ese Goberno e reclamamos tamén que se doten fondos e se habilite partida orzamentaria para poder facer realidade esa ampliación da Ponte da Pasaxe que, loxicamente, como digo, compartimos.

É verdade que na situación parlamentaria que temos actualmente no noso país non depende só da vontade de incorporación desa partida nos orzamentos xerais do Estado, senón tamén da responsabilidade e altura de miras do resto de partidos e grupos que teñen representación no Congreso dos Deputados, e que tamén teñen que aprobar eses orzamentos. Se a día de hoxe non hai orzamentos xerais do Estado, non é polo Goberno do Estado, senón porque non hai unha maioría suficiente nese Congreso para poder aprobalos. E, sobre todo, pola actitude do partido maioritario no Congreso de non a todo, independentemente de cales sexan as propostas que se poidan levar, tanto incluídas neses orzamentos xerais do Estado como noutras moitas cuestións que se formulan dende o Goberno e que moi poucas, por non dicir en case ningunha ocasión, contan cos votos a favor do Partido Popular. Por tanto, esa chamada á responsabilidade de todos os grupos, xa non só dos deputados e deputadas galegas ou coruñesas, senón de todos os partidos políticos para facer realidade estas necesidades nos investimentos das infraestruturas, que son necesarias para a nosa provincia e para esta bisbarra. Así que, como ben acabo de comentar, nós imos apoiar e respaldar esta moción.

Sr. Amado de la Fuente

Bos días a todos.

Manifestar o noso voto favorable a esta moción que trae o partido Alternativa dos Veciños a este Pleno. Non obstante, gustaríanos facer unhas breves matizacións que cremos necesarias dada a exposición de motivos da dita moción. Ante a afirmación “o deficiente servizo de transporte público existente”, quero indicar que a área metropolitana da Coruña foi a primeira liña de transporte metropolitano que activou a Xunta de Galicia no ano 2011. Esta liña de transporte metropolitano, que ademais de activar un esquema de tarifas bonificado para as persoas usuarias, establece ferramentas de coordinación estables cos concellos. Un conxunto de medidas que permite garantir o mantemento dun servizo de calidade e unha oferta de servizos adecuada ás necesidades da área. Así, podemos afirmar que máis de 270 servizos de autobuses atravesan a Ponte da Pasaxe nun día laborable dende as 6 da mañá ás 11 da noite, con servizos que conectan a Coruña coa área metropolitana. Podemos afirmar que cerca de 900 autobuses entran e saen directamente da Coruña, chegando moitos dos seus percorridos ata o corazón mesmo da cidade, coas vantaxes que isto supón para os usuarios do servizo. Podemos afirmar que neste último ano 2024 máis de 8,6 millóns de viaxeiros se moveron co transporte metropolitano da Xunta de Galicia, un 11% máis que en 2023.

Non obstante, señor García Seoane, vostede é o primeiro que coñece a vontade da Xunta de Galicia para atender as peticións trasladadas por algúns concellos da área metropolitana respecto a posibles modificacións en liñas ou frecuencias, sempre que estas estean avaliadas baixo criterios técnicos e obxectivos.



Outra matización que nos gustaría facer ante esa explicación di moito dos deputados e deputadas coruñeses no Congreso. Indicarlle que, probablemente, señor Seoane, vostede non queira ou non lle interese facer memoria do traballo dos deputados do Partido Popular en Madrid, porque lle obrigaría a recoñecer o magnífico traballo que alí fan, un traballo diario que se demostra coa implicación do Partido Popular da Coruña e a súa área metropolitana. Permítame recordarlle as sete emendas feitas polos nosos deputados populares coruñeses ao último presuposto aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez no 2023 sobre infraestruturas pendentes na nosa área metropolitana; vial 18, Ponte da Pasaxe, onde só os presupostos xerais do Estado recollen 500.000 euros e o Partido Popular pediu que se aumentase esa cantidade, vial de conexión, Porto Exterior, Terceira Ronda, ou as melloras na terminal do aeroporto, entre outras. Sabe que pasou? Que foron rexeitadas polo Partido Socialista e os seus socios.

Termino esta aclaración facendo referencia á última pregunta escrita presentada polos nosos deputados populares, concretamente por dona Tristana Moraleja no Congreso en outubro de 2024, que se formulaba do seguinte xeito: Dispón o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible dun estudo de tráfico que avalíe a viabilidade de dividir as obras de ampliación da Ponte da Pasaxe sobre a ría do Burgo en dúas fases en lugar de executar nunha soa, e que se avalíe o escenario de tráfico como a primeira fase terminada e sen executarse a segunda? Contestación do Ministerio: “El Ministerio tiene en redacción el proyecto constructivo de ampliación del Puente Pasaje”. A data de hoxe non sabemos se segue en redacción ou como está.

Acabo, señor García Seoane. Probablemente lle poidan vir a vostede agora as présas con esta moción debido a que comprobou que, coa apertura do túnel de Sol y Mar, non se eliminou o tapón existente; e que é necesario acometer novos proxectos de maior envergadura para solucionar os problemas de mobilidade da área, como poden ser as melloras nas liñas ferroviarias de Ferrol á Coruña e Santiago co tren de cercanías, a actualización dun plan urbano na Coruña cidade, porque de que serve ampliar as vías de entrada do centro da cidade se o centro está colapsado e non hai aparcadoiro para tanto coche que entra na cidade? Estamos falando dun plan de mobilidade consensuado cos concellos da área, creando zonas de aparcadoiro disuasorias e que prevé a chegada de autobuses urbanos aos concellos limítrofes da Coruña sen necesidade de transbordos para os usuarios.

Recordar neste punto o Goberno do Partido Popular, do alcalde Carlos Negrreira, que foi o primeiro en convenir que os autobuses urbanos da Coruña entrasen noutro concello de forma permanente e estable, e así o seguen facendo. Ou pensar incluso nesa gran Cidade das Rías, que concibiu o grande arquitecto coruñés Andrés Albalat xa hai máis de 50 anos, e que creaba alternativas ás existentes para resolver o problema da mobilidade do Golfo Ártabro mediante a construción dunhas pontes que salvarsen a xeografía existente.

Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Dicir que, como dicía a compañeira do BNG, que a única solución é ampliar. Indubidablemente, aquí sería a única solución ampliar para sacar un tapón permanente que é a Ponte da Pasaxe. Volvo dicir que é a estrada de Galicia que máis tráfico ten.

E dicir que o proxecto, que está aprobado definitivamente, inclúe unha parte para peóns e ciclistas e outra parte de reserva para o bus, ter prioridade o bus á hora de cruzar a Ponte da Pasaxe. O proxecto está ben pensado, non traería problemática ningunha á actual que hai, porque se faría sen cortar a estrada para nada, desde as dúas cabeceiras, tanto na da Coruña coma na de Oleiros, que están á marxe das estradas polas que se transita. O tren en Oleiros non ten posibilidade ningunha, ningunha, porque



xa no seu día houbo tren na comarca, que ía a Sada, pero ía por fóra, ía por Culleredo, atravesaba por Cambre, subía pola costa da Tapia ata Sada. Non ten... hoxe Oleiros está situado principalmente, envorcado sobre a costa e a maior parte da poboación; Perillo, 10.000 habitantes e Liáns 11.000 habitantes. É dicir, que onde está a poboación, realmente, non hai, o tren non valería para nada.

Respecto ao comentario do Grupo Popular, que di que dixeran eu, hai un deficiente transporte público, hai un deficiente transporte público que, por certo, en Arteixo o solucionaron moi ben, está solucionando e incluso ampliando. Pero o tema de Arteixo non é o tema de Oleiros porque en Oleiros hai diversas liñas onde non se poñían de acordo os voraces empresarios e esixíanlle pagar ao Concello cantidades que non ten sentido ningún. Nin Arteixo, nin nós, nin Cambre, nin Culleredo temos que pagar un céntimo porque un bus da Coruña atravesase as nosas fronteiras, e leve a xente ao noso municipio ou a leve á Coruña, non temos que pagar nada. E aí é onde está a parte deficiente da Xunta de Galicia, que non quere ver a realidade que nós lle estamos presentando. Os buses urbanos da Coruña estiveron funcionando, por verán nada máis, e traían montóns de persoas, eliminábanse montóns de coches na praia de Santa Cristina, en concreto, e cruzando a Ponte da Pasaxe. Pero iso foi eliminado porque nos esixen pagarlle unha cantidade sen control ningún, sen control ningún á empresa daquela Cal Pita, que, por certo, ía ir a un preito, non foi, a pesar dos anos, pero quixemos volver a poñer o transporte público en contacto coa Coruña, e resulta que a Xunta di que non procede mentres non lle pague á empresa. Pero, se a empresa me quere cobrar, terá que ir aos tribunais, porque non hai señor do frac, non hai home do frac. Non se pode esixir a un concello pagarlle a unha empresa cando a mesma empresa non foi aos tribunais para reclamar algo ao que cre que ten dereito. Por tanto, homes do frac, isto están para morosos e nós non somos ningún moroso.

O proxecto, como digo, está redactado. O Sol y Mar no seu día era Sol y Mar, Alfonso Molina e Ponte da Pasaxe. Os tres resoven o problema, dous non resoven o problema, e a vía Ártabra, que é un tema á parte, pero na confluencia da Ponte da Pasaxe estes eran os tres proxectos que había principalmente. Por tanto, xa se sabía que, cando acabara Sol y Mar, que sacou un problema de tráfico tremendo, porque as colas chegaban á Ponte da Pasaxe, zona da Coruña, hoxe non a hai, esa estrada está expedita totalmente, pero o tráfico está pola estrada da costa de Oleiros. Onte, que non era verán, eran unhas colas horribles para alá e para aquí, horribles. E iso non pode ser. Non se pode ter unhas estradas que dan acceso á cidadanía para o ocio, para o traballo, para os empresarios, non se poden ter desta forma colapsadas.

Por tanto, a Ponte da Pasaxe si resolve problemas, e é unha solución que debía abordar o Goberno. Cónstame que o tiñan previsto, porque fixaran unha data para pagar as indemnizacións das expropiacións, pero non volvemos saber nada, si te he visto, no me acuerdo. Por iso estou insistindo niso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

“Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a ampliación da Ponte Pasaxe



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é o principal problema da comarca da Coruña, a máis importante de Galicia. O deficiente servizo de transporte público existente e a incapacidade das infraestruturas viarias converten os accesos á cidade e os desprazamentos aos polígonos en ratoneiras nas que se producen continuos colapsos circulatorios, con constantes perdas de tempo e prexuízos para as economías persoais e empresariais.

Ademais da urxente necesidade de mellora do transporte público por parte da Xunta de Galicia, que contribuíría a unha redución do uso do vehículo privado, son varias as obras públicas pendentes por parte dos gobernos centrais e autonómicos. Levamos décadas agardando polo vial 18, a cuarta ronda, a vía Ártabra ou a ampliación da ponte Pasaxe. Coa apertura do túnel de Sol y Mar e a inminente ampliación da avenida Alfonso Molina, resulta imprescindible eliminar o tapón

intermedio para o tráfico que supón a actual ponte Pasaxe, pola que circulan a diario máis de 90.000 vehículos de Oleiros, parte de Cambre, Sada, Betanzos, Bergondo e outros municipios da provincia. Coa ampliación da ponte remataríase con grande parte dos atascos que se producen na comarca e tamén permitiría a creación das conexións peonís e ciclistas entre Oleiros, A Coruña e Culleredo para fomentar unha mobilidade sostible e saudable.

Di moito dos deputados e deputadas coruñeses no Congreso que en Vigo finalizasen a obra de ampliación na ponte de Rande no 2017 - cun nivel de tráfico moi inferior ao da ponte da Pasaxe- e que na Coruña sigamos á espera de que se contrate esta obra, para a que o proxecto está aprobado desde o 2023 sen existencia de noticia algunha sobre a súa posible contratación.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar ao Goberno central a urxente necesidade de realizar a obra de ampliación da ponte da Pasaxe para beneficio da mobilidade metropolitana.
- 2.- Demandar ao Goberno central que inclúa nos próximos orzamentos do Estado os fondos necesarios para contratación das obras de ampliación da Ponte da Pasaxe ou que incremente as partidas plurianuais contempladas nos orzamentos do 2023.
- 3.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.”

Sr. Presidente

Seguinte, unha moción do Grupo Provincial do Partido Popular sobre o financiamento do sistema de atención á dependencia.

2.Moción do PP sobre o financiamento do sistema de atención á dependencia

A Unión Europea é a rexión máis envellecida do mundo, e a tendencia actual apunta a



que cada vez o será máis. Dentro dela, hai varias rexións nas que se agudiza especialmente esta situación, unha é Galicia, onde as persoas maiores de 65 anos xa representan máis dunha cuarta parte do total da poboación.

Como é lóxico, este envellecemento poboacional tradúcese nun incremento da cidadanía en idade dependente, que necesita e demanda asistencia para realizar actividades básicas da vida cotiá. A atención a este colectivo de poboación convértese nun reto para todos os poderes públicos e require dunha resposta firme e adaptada ao modelo actual da nosa sociedade.

Para dar resposta a esta situación aprobouse, cunha ampla maioría, a Lei estatal 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que xurde co obxectivo de regular as condicións para garantir a igualdade no exercicio do dereito dos cidadáns á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas.

Este é o marco normativo aprobado hai preto de vinte anos no que se recollen os dereitos dos cidadáns, pero tamén os deberes de todas as administracións implicadas.

Dúas décadas despois da aprobación da coñecida como Lei da Dependencia, o sistema segue tendo certas eivas que están lonxe de corrixiarse. A principal, ten que ver co problema estrutural de financiamento que Galicia leva denunciando desde hai moitos anos.

A Lei fixa que o gasto dos servizos e prestacións debe asumirse ao 50% entre as Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado, algo que nunca sucedeu e que actualmente segue sen corrixiarse.

O crecente esforzo inversor por parte da Administración autonómica, e tamén da local, para atender ás súas veciñas e veciños, non ten a mesma correspondencia por parte do Goberno central. Deste xeito o recoñece o propio Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 na Memoria de análisis del marco normativo de la Ley de Dependencia:

"... La financiación originalmente planteada por la Memoria de la Ley de Dependencia no se alcanzó, ni en términos absolutos, ni en términos relativos al cumplimiento del objetivo de financiación del 50%".

Esta é unha cita literal dun documento presentado ás comunidades autónomas a comezos de marzo no Pleno do Consejo Territorial de Servicios Sociales y Dependencia. É dicir, o Goberno central recoñece que non achega o que debe achegar por Lei. Iso vai en detrimento dos servizos que reciben os veciños e prexudica directamente ás arcas municipais e autonómicas.

A pesar diso, é preciso salientar os avances que se produciron na nosa comunidade. Así, tal e como reflicten os datos publicados polo IMSERSO, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 77.000 persoas que teñen a súa dependencia recoñecida, reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa á nosa Comunidade cunha ratio de atención do 98,46%, unha das máis elevadas de España e 6 puntos por encima da media nacional.

De feito, nos últimos 15 anos o número de persoas dependentes atendidas na nosa



comunidade multiplicouse por cinco. Cada ano a Administración autonómica aumenta o seu orzamento en materia de dependencia para poder seguir ofrecendo servizos aos galegos que o precisen.

É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e tamén os concellos.

Xa debullando os datos económicos, este ano Galicia inviste no eido da dependencia máis de 700 millóns de euros, dos que preto do 70% proceden das propias arcas autonómicas mentres que a Administración Xeral do Estado faise cargo da parte restante, moito menor. Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento incontestable do establecido na lei estatal.

No caso concreto da nosa Comunidade Autónoma, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en 2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa Comunidade nesta materia supere os 2.500M€.

É moi significativa esta baixada tendo en conta que hai só un ano, antes das eleccións autonómicas o ministro, Pablo Bustinduy, dixo nunha entrevista dun medio de comunicación galego que o obxectivo era asumir o 50% do gasto da dependencia en Galicia. Só un ano despois, lonxe de incrementar os apoios estatais o que vemos é unha baixada nesa porcentaxe que debía subir.

Para Galicia, dispor dos máis de 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno Central suporía poder chegar a máis galegos dependentes que precisan algún tipo de atención. Hai que ter en conta que sen a aprobación dos Presupuestos Generales del Estado (PGE) esta situación agravarase xa que mentres o Goberno galego continuará incrementando fondos, servizos e atendidos, a Administración xeral do Estado conxelaraos.

Ademais de non achegar o financiamento axeitado, o Goberno central realiza modificacións normativas sen ter en conta o resto de administracións, que son as competentes e as que xestionan a maioría de servizos.

Así, primeiro en xullo do ano 2023 o Goberno central publicou un Real Decreto (RD 675/2023, do 18 de xullo) polo que se modifica o sistema de prestacións en dependencia, de xeito unilateral e sen contar coas Comunidades Autónomas.

E, ano e medio despois, o pasado febreiro, o ministro de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 presentou o anteproxecto de lei que reforma a Lei de Dependencia e a Lei de Discapacidade.

Ambos cambios conlevan obrigacións ao resto de Administracións sen vir acompañadas do correspondente financiamento, isto é, sen ningún tipo de axuda orzamentaria estatal.

A teleasistencia pasa a ser un dereito subxectivo, ampliáanse as contías das prestacións e fanse modificacións directas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que tanto está supoñer para os concellos.

Agora, o Goberno central incrementa as intensidades do servizo ao aumentar as horas mínimas para atender a unha persoa en situación de dependencia. Amplía as accións a realizar no servizo, xa que agora tamén contempla tarefas fóra do fogar (para ir á compra,



ao médico ou ao centro de día, por exemplo).

Todo isto leva consigo un encarecemento do servizo, máis necesidade de persoal e modificar os contratos actualmente en vigor que teñen os concellos coas empresas prestadoras do Servizo.

Actualmente o SAF percíbena en Galicia máis de 24.000 persoas, un servizo de competencia municipal ao que os concellos galegos destinan unha boa parte do seu orzamento, facendo un esforzo económico relevante, e ao que a Xunta de Galicia achega este ano máis de 140M€ anuais.

Incrementar deste xeito este servizo como quere impoñer o Executivo Central sen ter en conta ás Comunidades Autónomas que son as que o financian na súa maior parte, nin aos concellos que son os que o xestionan, require de máis recursos e de máis persoal. Dous requisitos indispensables ignorados polo Goberno.

É dicir, a reforma da Lei debe vir acompañada de financiamento. Un financiamento que tamén deba ter en conta as singularidades dos territorios, porque non todos son iguais. No caso concreto da nosa Comunidade, a dispersión ou o envellecemento da poboación son factores que incrementan considerablemente o custo dos servizos, e que obrigan ás administracións galegas a realizar un esforzo económico moito maior.

Non se poden impoñer máis obrigacións aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario.

Por todo o exposto, o Grupo do P.P. da Deputación de A Coruña, propón á corporación provincial adoptar o seguinte acordo,

O Pleno Provincial insta ao Goberno Central a:

1. Presentar dunha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.
2. Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.
3. Cumprir co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.
4. Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder achegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.
5. Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030.

Sr. Pérez Fernández

Presidente, deputados, traballadores da casa, traemos hoxe unha moción que trata o asunto importante da dependencia e a súa financiamento. A Unión Europea é a



rexión máis envellecida do mundo, e a tendencia actual apunta a que cada vez o será máis. Dentro dela, hai varias rexións nas que se agudiza especialmente esta situación. Unha é Galicia, onde as persoas maiores de 65 anos xa representan máis dunha cuarta parte do total da poboación. Como é lóxico, este envellecemento poboacional tradúcese nun incremento da cidadanía en idade dependente que necesita e demanda asistencia para realizar actividades básicas da vida cotiá. A atención a este colectivo da poboación convértese nun reto para todos os poderes públicos e require dunha resposta firme e adaptada ao modelo actual da nosa sociedade.

Para dar resposta a esta situación aprobouse, cunha ampla maioría, a Lei estatal 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que xorde co obxectivo de regular as condicións para garantir a igualdade no exercicio do dereito dos cidadáns á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. Este é o marco normativo aprobado. Hai preto de 20 anos no que se recollen os dereitos dos cidadáns, pero tamén os deberes de todas as administracións implicadas.

Pois ben, dúas décadas despois da aprobación da coñecida como Lei da dependencia, o sistema segue tendo certas eivas que están lonxe de corrixirse. A principal ten que ver co problema estrutural de financiamento que Galicia leva denunciando dende hai moitos anos. A lei fixa que o gasto dos servizos e prestacións debe asumirse ao 50% entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, algo que nunca sucedeu e que actualmente segue sen corrixirse. O crecente esforzo investidor por parte da Administración autonómica e tamén da local para atender as súas veciñas e veciños non ten a mesma correspondencia por parte do Goberno central. Deste xeito, recoñéceo o propio Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 na memoria da análise do marco normativo da Lei de dependencia, que di: “La financiación originalmente planteada por la memoria de la Ley de dependencia no se alcanzó ni en términos absolutos ni en términos relativos al cumplimiento del objetivo de financiación del 50%”. Esta é unha cita literal dun documento presentado ás comunidades autónomas a comezo de marzo no Pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e Dependencia. É dicir, o Goberno central recoñece que non achega o que debe achegar por lei. Iso vai en detrimento dos servizos que reciben os veciños e prexudica directamente as arcas municipais e autonómicas.

A pesar diso, é preciso salientar os avances que se produciron na nosa comunidade, así, tal e como reflicten os datos publicados polo Imserso, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 72.000 persoas que teñen a súa dependencia recoñecida reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa a nosa comunidade cunha ratio de atención do 98,46%, unha das máis elevadas de España e seis puntos por riba da media nacional. De feito, nos últimos 15 anos, o número de persoas dependentes atendidas na nosa comunidade multiplicouse por cinco. Cada ano, a Administración autonómica aumenta o seu orzamento en materia de dependencia para poder seguir ofrecendo servizos aos galegos que o precisen. É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e tamén os concellos.

Xa debullando os datos económicos, este ano Galicia inviste no eido da dependencia máis de 700 millóns de euros, dos que preto do 70% proceden das propias arcas autonómicas, mentres que a Administración Xeral do Estado se fai cargo da restante, moito menor. Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento incontestable do establecido na lei estatal. No caso concreto da nosa comunidade autónoma, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en



2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa comunidade nesta materia supere os 2.500 millóns de euros. É moi significativa esta baixada tendo en conta que hai só un ano, antes das eleccións autonómicas, o ministro Pablo Bustinduy dixo nunha entrevista dun medio de comunicación galego que o obxectivo era asumir o 50% do gasto da dependencia en Galicia. Só un ano despois, lonxe de incrementar os apoios estatais, o que vemos é unha baixada nesa porcentaxe que debía subir. Para Galicia, dispor deses máis de 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno central suporía poder chegar a máis galegos dependentes que precisan algún tipo de atención. Hai que ter en conta que, sen a aprobación dos presupostos xerais do Estado, esta situación agravarase, xa que, mentres o Goberno galego continuará incrementando fondos, servizos e atendidos, a Administración xeral do Estado conxelaraos.

Ademais de non achegar o financiamento axeitado, o Goberno central realiza modificacións normativas sen ter en conta o resto de administracións, que son as competentes e as que xestionan a maioría dos servizos. Así, primeiro, en xullo do ano 2023, o Goberno central publica un real decreto polo que se modifica o sistema de prestacións en dependencias de xeito unilateral e sen contar coas comunidades autónomas. E ano e medio despois, o pasado febreiro, o ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 presentou o anteproxecto de lei da reforma da Lei á dependencia e á Lei de discapacidade. Ambos cambios implican obrigas ao resto de administracións, sen vir acompañadas do correspondente financiamento, isto é, sen ningún tipo de axuda orzamentaria estatal. Por exemplo, a teleasistencia pasa a ser un dereito subxectivo, ampliáanse as contías das prestacións e fanse modificacións directas no Servizo de Axuda no Fogar, que tanto está a supoñer para os nosos concellos. Agora, o Goberno central incrementa as intensidades do servizo ao aumentar as horas mínimas para atender unha persoa en situación de dependencia. Amplía as accións a realizar no servizo, xa que agora tamén contempla tarefas fóra do fogar: ir á compra, ao médico ou ao centro de día, por exemplo. Todo isto leva consigo un encarecemento de servizo, máis necesidade de persoal e modificar os contratos actualmente en vigor que teñen os concellos coas empresas prestadoras do servizo ou un incremento para os que levan de maneira directa.

Actualmente, o Servizo de Axuda no Fogar percíbena en Galicia máis de 24.000 persoas, un servizo de competencia municipal ao que os concellos galegos destinamos unha boa parte do noso orzamento, facendo un esforzo económico relevante e ao que a Xunta achega este ano máis de 140 millóns de euros anuais. Incrementar deste xeito este servizo, como quere impoñer o executivo central, sen ter en conta as comunidades autónomas, que son as que o financian na súa maior parte, nin os concellos, que son os que o xestionan, require de máis recursos e de máis persoal, dous requisitos indispensables que ata o de agora son ignorados polo Goberno. É dicir, a reforma da lei debe vir acompañada de financiamento, un financiamento que tamén deberá ter en conta as singularidades dos territorios, porque non todos son iguais. No caso concreto da nosa comunidade, a dispersión e o envellecemento da poboación son factores que incrementan considerablemente o custo dos servizos e que obrigan as administracións galegas a realizar un esforzo económico moito maior. Non se poden impoñer obrigas aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario.

Por todo o exposto, o Grupo Popular da Deputación da Coruña propón a esta Corporación adoptar o seguinte acordo:

Punto número un: Presentar unha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de dependencia.

Tamén en referencia coa lei, punto número dous, atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares



circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.

O punto número tres: Cumprir co financiamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta e do Goberno central sexa equitativa, como xa está marcado na propia lei.

Cuarto: Saldar a débeda acumulada coa nosa comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder achegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.

E, por último, dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda.

Moitas grazas. Pásolle a palabra aos portavoces dos distintos grupos políticos.

Sr. Presidente

Grazas por pasarlle a palabra a Avia Veira.

Sra. Veira González

Moitas grazas. Vaia, vaia, parece que o Partido Popular descubriu agora o que é a Lei de dependencia e todas as súas vertentes, as dificultades que xera nas distintas administracións. O que pasa é que aquí, particularmente nesta moción, preocúpase só polo que lle pasa á Xunta de Galiza e polo que poida padecer a Xunta de Galiza pola modificación que se quere facer desde o Goberno do Estado. E desde a Xunta de Galiza casualmente case non se preocupa practicamente nada do que están a pasar os concellos e como as están a pasar para poder, efectivamente, xestionar o Servizo de Axuda no Fogar, que a dependencia evidentemente é algo moito máis amplo, non só é o Servizo de Axuda no Fogar.

É curioso que vostedes descubran agora o Mediterráneo e que nos queiran, non sei, facer parvos aos demais con segundo que demandas, non? Porque, claro, agora acórdanse vostedes da demanda ao Goberno do Estado da débeda pola falta de financiamento da Lei de dependencia. Claro, a ver, é que non sei se a vostedes lles falla a memoria ou efectivamente nos queren facer parvos, porque a realidade é que houbo aí uns anos, que non sei se lles soa quen puido estar gobernando no Estado, uns anos nos que se deixou en suspenso precisamente o financiamento ás comunidades autónomas por parte do Goberno do Estado na Lei de dependencia. E foron así como os anos entre 2012 e 2015, non sei quen gobernaría no Estado naquela altura. Eu xuraría que estaba gobernando o Partido Popular. E, efectivamente, esa débeda da que vostedes falan agora e que se dan golpes no peito pola xeración desa débeda, resulta que os principais responsábeis da xeración desa débeda son vostedes, é o propio Partido Popular a través das súas medidas e das decisións que tomou no Goberno do Estado. E foron decisións que non só afectaron ás comunidades autónomas con esta suspensión dos concertos coas comunidades, é que tamén recortaron en dereitos e en servizos. Ou sexa, que afectou directamente ás persoas coidadoras, fundamentalmente mulleres, e afectou, por suposto, tamén ás persoas dependentes.

Pero, claro, vostedes, como sempre, centran o tiro no Goberno do Estado e esquecen o que son as súas propias competencias e o que teñen que facer vostedes en materia de dependencia. Podemos falar do prezo/hora, podemos falar da precariedade laboral en que traballan as persoas en dependencia e podemos falar tamén das propias persoas que están en situación de dependencia. Porque, claro, como se fan as valoracións? Canto se tarda en facer as valoracións? Cantas persoas están sen unha praza nunha residencia pública? Canto se tarda de media en tramitar a dependencia? É



que en Galiza estamos en 387 días de media para tramitar a dependencia. Cantas persoas morreron entre 2017 e 2023 agardando a que se lles valorase? 6.500, das cales 5.700, tiñan xa os dereitos recoñecidos.

Está moi ben que descubran vostedes agora a atención á dependencia, pero estaría bastante mellor que tomasen decisións para corrixir todos os déficits que teñen na súa propia xestión, porque estamos falando de dereitos a persoas que están nunha situación de vulnerabilidade importantísima, non direi extrema, pero desde logo importantísima. E, ao final, o problema é que vai no lombo das familias ou vai no lombo dos concellos atender estas situacións e vostedes desde a Xunta de Galiza lavan as mans.

Desde logo, está ben que descubran vostedes todo isto, pero poñan as pilas para solucionar o que lles corresponde no ámbito das súas competencias. Nós estamos de acordo, efectivamente, en que se recoñeza esa débeda e que se cumpra con Galiza con esa débeda, pero a verdade é que nos sorprende, como dicía ao comezo, que vostedes a descubran agora, porque en sucesivos debates do Estado da nación no Parlamento de Galiza vostedes votaron en contra de recoñecer esa débeda e de esixirlle ao Goberno de Mariano Rajoy que, dalgunha maneira, nos pagase o que nos debía. Entón está ben que se acorden vostedes todos de todo isto, pero a realidade é que ata o de agora non foi así.

Sobre a Administración local, que lles vou contar a vostedes?, que a metade son alcaldes e están sufrindo efectivamente a falta de financiamento, pero a Xunta de Galiza tampouco está cumprindo cos concellos e ten os concellos afogados. E agora mesmo están vostedes facendo modificacións que van afogar aínda máis os concellos, e hai que poñer unha solución. Desde logo hai que darlle toda unha volta ao financiamento da Lei de dependencia. Pero vostedes tamén deberían de darlle unha volta ás súas políticas de atención ás persoas dependentes. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. A verdade é que, máis que unha moción, a min isto me parece unha falta de respecto aos concellos, dígoos con toda a crueza. Unha moción pragada de falsidades, de terxiversacións, incluso de contradicións na propia moción, onde se ocultan datos, onde hai datos que se retorcen para que pareza que é a Xunta de Galicia a que fai o gran esforzo. É dicir, unha cousa que, mire que levo 10 anos aquí, a verdade é que a súa capacidade para retorcer a realidade non me deixa de sorprender. E, sobre todo, sendo moitos de vostedes alcaldes e alcaldesas que padecen isto exactamente igual que os que estamos aquí doutras cores políticas, é verdade que a vostedes a Xunta de Galicia despois xa llelo compensa doutra maneira, tamén o sabemos. Pero, no caso da dependencia, chega a dicir na moción..., porque subliñei, mire vostede como teño todo subliñado, e podería, se me paro un pouco máis, incluso, practicamente todas as frases, non? Pero o segundo parágrafo da páxina 5 di: "Incrementar deste xeito este servizo, como quere impoñer o executivo central, sen ter en conta as comunidades autónomas, que son as que o financian na súa maior parte, nin os concellos, que son os que o xestionan...". Isto xa é unha falacia como un monumento de grande. A maior parte da financiamento dos servizos de dependencia sae dos concellos, non sae nin da Xunta, nin do Estado, sae dos concellos.

Voulle poñer un caso concreto: no meu concello poñemos de recursos propios 249.000 euros para atención a dependentes e a Xunta transfírenos 325.000. Para alguén que non saiba, pode dicir, oh, pero a Xunta transfire máis. Falso, porque, deses 325.000 que me transfire a Xunta, case o 50% ou 50%, e poderíamos discutir con vostedes, o achega o Estado. Por tanto, de 325, o Estado estaría dando 160 e pico e outros 160 e pico a Xunta de Galicia e 249 que dá o meu concello. Pero o meu concello non é unha excepción en Galicia e nesta provincia. Pódolles poñer o exemplo das Pontes, onde a Xunta achega un millón de euros conxuntamente co Estado e o concello achega 700 mil



euros de recursos propios. E esa é a realidade. Por iso isto é unha auténtica falta de respecto aos concellos traer a este Pleno, que hai que ter valor por non dicir unha faciana de cemento armado. Porque resulta que, claro, agora, pobrecitos los de la Xunta que son los que hacen el gran esfuerzo en dependencia. E non citan vostedes aquí en ningún momento pois, por exemplo, que no ano 2024 o Goberno incrementa a achega para dependencia á Xunta de Galicia en 12,6 millóns de euros. Casualmente, ese ano que se incrementa en 12,6 millóns de euros, a Xunta reduce a súa achega en 4,1. É dicir, danlle 12,6 máis e eles poñen 4,1 menos. Ese é o gran compromiso da Xunta de Galicia coa dependencia e co financiamento dos concellos.

Despois, din outras cousas que a min me deixaron case xeados, se me cortaran un brazo, non sangraba. Non se poden impoñer máis obrigacións aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario. E iso dío o Partido Popular nesta Corporación. Hai que ter valor! Despois, xa non digo do que fan vostedes na Xunta de Galicia, porque me encantaría que se aplicaran o conto. Eu sería feliz se isto mesmo que están pedindo nesta moción concreta o aplicaran a todas aquelas competencias impropias que os concellos asumimos que son da Xunta que non veñen acompañadas de nin un só céntimo, nin un só céntimo. Pero é que digo máis, é que nesta propia Corporación, neste Pleno, temos presentado mocións o resto dos grupos instando a Xunta de Galicia precisamente a esta máxima tan bonita que poñen vostedes na moción e, que facían vostedes?, votala en contra. Por tanto, as cousas valen ou non valen, acéptanse ou non se aceptan, propóñense ou non se propoñen dependendo de que?, dependendo de quen governe e a Administración a quen se lle reclama. Porque, é verdade, agora están vostedes moi preocupados pola achega do Estado en dependencia. Non o estaban entre o ano 2011 e o ano 2018 que gobernaban vostedes en Madrid. Porque xa non é que a achega fora un pouco pequena, que fora un 46, que fora un 49, que fora un 53, é que, como ben dixo a voceira do grupo que me precedeu, no uso da palabra, a paralizaron, a conxelaron durante anos, que non se achegou nin un só céntimo. E onde estaba o Partido Popular de Galicia? Onde estaba a Xunta de Galicia para reclamarlle ao Goberno de Mariano Rajoy? Non sei, se vostedes nos seus concellos –no meu, non– tiñan recursos por xeración espontánea, igual si. Desde logo, os que estamos deste lado, non.

Entón, claro, xa estamos moi acostumados a esa sensibilidade do Partido Popular que é un pouco como a montaña rusa, sobe ou baixa dependendo de quen estea en fronte. De feito, se mañá cambia o Goberno do Estado, o 99% das mocións que presentan vostedes neste Pleno da Corporación, e noutros moitos plenos a nivel municipal, reclamando todo tipo de melloras e de investimentos, que moitos deles son compartidos polos que estamos aquí, van desaparecer porque vostedes só saben pedir cando non están vostedes. E vostedes, os que están aquí do Partido Popular, son cómplices dunha forma de funcionar dunha Xunta de Galicia que nos afoga aos concellos e que utiliza, ademais, a concesión de horas cun criterio político. Porque é moi fácil chegar a un concello e dicirlle: mire, imos dar 10.000 horas máis de dependencia, que xenerosos, claro. E despois temos un problema, que non as podemos atender porque non hai recursos, porque hai concellos nesta provincia que están dedicando o 100% do seu capítulo de investimentos a financiar a Lei de dependencia, a financiar o servizo do SAF, e vostede sábeo igual ca min. E traen esta moción na que só se lle esixe ao Estado e canto pon a Xunta, e din vostedes: a Xunta achega 140 millóns ao ano; si, pero deses 140 millóns hai unha achega do Estado que vostedes ocultan, como os datos que lle acabo de dar do ano 24. No 2023, o Estado transferiu 210 millóns, no ano 24, 221. Claro, como o dato total non interesa, aí xogamos coa porcentaxe e onde non interesa a porcentaxe, xogamos co dato, e dicimos que poñemos 700 millóns para dependencia e despois facemos un *totum revolutum* no que metemos todo e parece que todos eses 700 millóns son para atención aos dependentes, cando non é verdade, porque hai outros moitos máis, digamos, conceptos nos que se invisten e se gastan eses cartos. Moitos



deles xa non vamos a entrar en instalacións, en infraestruturas dedicadas a atención de dependentes, que sempre caen casualmente nos concellos do Partido Popular, non sei como facemos os demais, non sei se é que nalgúns concellos, por unha cuestión xeográfica, orográfica, non contan as mesmas características, non reúnen as mesmas características que os do Partido Popular. Eu penso que a única característica que non reunimos é a de non ser do Partido Popular os alcaldes ou alcaldesas porque o resto non tería por que haber problemas, e casualmente sempre caen do mesmo lado. Entón, claro, traen esta moción aquí que, sinceramente, é que a min me custa moito tomala en serio, moito tomala en serio. E isto dígoo como alcalde dun concello, non como alcalde do Partido Socialista, como alcalde dun concello.

Despois, claro, trae vostede unha moción que ten unha exposición de motivos que rivaliza coa extensión da Biblia, porque vaia exposición de motivos, e resulta que no segundo punto: "Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica Galega a este cambio normativo", e resulta que nesta exposición de motivos, como digo, mínimo rivaliza coa Biblia, non pon cales son. Ou sexa, pretende que aquí votemos unha cousa que non coñecemos. Non tiveron tempo, claro, entre falacia, terxiversación e manipulación dos datos, non lles cabía pois, polo menos, de explicarnos cales son as suxestións que fixo a Xunta de Galicia para mellorar ese anteproxecto de lei, que non estamos falando dunha lei que estea aprobada e que, polo tanto, estea aplicándose, dun anteproxecto. Non, fan unha exposición de motivos totalmente torticera na que, pobrecito, pouco máis que o señor Rueda vai acabar traendo os cartos da casa para poder pagar aos dependentes, e os demais todos miramos para o ceo. Cando, como ben dicían antes, a lista de espera para a valoración dos dependentes é a que é en Galicia. Por que? Porque non hai medios suficientes. E aí xa entramos directamente con que?, coa situación da sanidade pública, que tamén temos traído mocións a este pleno, que vostedes rexeitan de forma constante e habitual, porque a sanidade está marabillosamente ben. Pero despois dáse a circunstancia de que no ano de 2024 morren 345 persoas en lista de espera, en lista de espera, xa non imos falar dos pobres que morreron polo camiño, que nin sequera foron valorados. Entón, home, eso de *consejos vendo que para mí no tengo*, pois que quere que lle diga? Nós non podemos respaldar esta moción, polo menos algúns dos puntos. Hai puntos que poderíamos respaldar?, pois si. Home, no primeiro punto xa existe ese informe, non sei se vostedes o saben, pero ben, igual entre tanta mentira ao longo da moción, pois un xa acaba de confundir o que é a realidade co que non é. Pero ben, o punto 1 podémolo votar porque xa está, xa existe ese informe. No punto 2, como dixeran, non sabemos cales son. No punto 3 non hai ningún problema, podémolos apoiar sen ningún tipo de inconveniente, e no punto número 5 tampouco temos ningún problema. Claro, o punto número 4, din vostedes que a débeda son 2.500 millóns, porque o din vostedes, porque aquí tampouco se achega ningunha táboa nin ningún tipo de información que nos poida clarificar de onde saen eses 2.500 millóns de euros. Claro que seguramente terá moito que ver co que acabamos de comentar, con que gran parte desa débeda se corresponde coas súas etapas á fronte do Goberno de España. Entón, claro, nese caso non imos a entrar na táboa porque queda un pouco feo.

Entón, é unha auténtica tomadura de pelo e unha falta de respecto aos concellos. E este é un tema do que temos falado longo e tendido neste salón de plenos, longo e tendido no tema da dependencia. Agora a Xunta, nos últimos anos, grazas á presión que se fixo polos concellos e a Fegamp, incrementou a achega en hora de 9 euros a 12,50. Agora xa estamos adxudicando entre 23, 24 e 25 euros a hora. De 12,50 a 25, se non me fallan os números, hai outros 12,50 que pagan os concellos, e unha parte moi pequena os usuarios, porque a maioría dos usuarios non pagan. Non vexo na súa moción ningunha referencia a isto. Non vexo na súa moción, pois, unha, como mínimo, invitación á Xunta de Galicia para que incremente, polo menos, ata os 15 ou 16 ou 18 euros esa achega. Non, reclámaselle ao Estado, que debe moito, que non aporta, pero despois



resulta que, cando aporta, nós poñemos menos. Home, que quere que lle diga? Eu penso que o tema é suficientemente serio como que para que o poidamos tratar, debater e expoñer cun mínimo de rigor, e non con esta trapallada que non hai por onde de collela.

E, repito, hai varios puntos da moción que compartimos e que estamos dispostos a votarllos xa, porque a exposición de motivos non se traslada, como xa moi ben dicía o outro día, na Xunta do Voceiros, o seu voceiro, poñendo a venda antes da ferida: o importante son os acordos, a exposición de motivos xa sabemos todos que é un pouco para xogar a facer política. Pero, home, por favor, pódese facer pero, a ver, entre estar un pouco maquillado e ser outra persoa hai un pedazo. Iremos intentar ser un pouquiño máis serios na tramitación, na xestión, como digo, na exposición de motivos das mocións, aínda que cada un queira arrimar a ascua á súa sardiña, pero cun pouquiño de rigor, cun mínimo de rigor, polo menos para que os que estamos do outro lado non pensemos que nos toman por parvos, e sobre todo para que aqueles que nos poidan ver e que padecen e sofren a situación deste servizo non o sexan. Nada máis, e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu estou escoitando, eu diríalle a Bernardo que non lle dedique tanto tempo a falar, porque non escoita ni Dios. Todos están co teléfono, malditos teléfonos móbiles, non? Eu creo que o 80% da sala está co teléfono atendendo e non a Bernardo, por tanto, estás falando para ninguén... Eu vou votar que si, pero dicir que me parece de coña o tema cando se fala de que a Xunta de Galicia fai, como dicía Bernardo, non se citan os concellos, nós pagamos moito máis do que paga o Goberno da nación e a Xunta de Galicia no tema deste servizo. Eu creo que, coma nós, calquera outro concello. Nós estamos en 24 e pico, agora que se aumentou o tema do transporte tamén, é dicir, estamos moi por riba dos cartos que achega, neste caso, o Estado da nación e a Comunidade Autónoma. Teñen moito que andar, hai que esixírllelo desde os concellos, pero ben, como non ten así un trasfondo moi político, que fala de realidades, pero daquela maneira, da maneira do PP. Pero vou votar a favor.

Sr. Pérez Fernández

O único que teño que dicir é que, por suposto que todos os concellos que estamos aquí representando os alcaldes somos coñecedores da realidade do Servizo de Axuda no Fogar dos concellos. O meu concello ten uns ingresos de 300.000 euros para o SAF e un gasto de 450.000, é dicir, gasto 150.000 euros a maiores do que me pertence que, ademais, a lei non establece que a competencia económica sexa dos concellos e si do Estado e da Xunta de Galicia. É certo tamén que Política Social, coa conselleira, está mantendo unha reunión co presidente da FEGAMP para ver como incrementan eses 12 euros a maiores. Pero por suposto que somos coñecedores todos os alcaldes da situación do SAF nos nosos concellos.

Pero, ben, aquí tamén o que se fala é dunha lei existente e dunha nova lei. O Goberno propón unha reforma da Lei de dependencia mentres conxela o financiamento ao sistema de dependencia, é dicir, unha reforma sen recursos para a súa efectividade. Certo é que dixo o plan de choque do 21, 22 e 23 onde incrementou o gasto no 2024, fréao, e a cambio propón a reforma da lei engadindo novos dereitos cando aínda está moi lonxe de garantir os que recoñece a actual norma. Sen financiamento, os novos dereitos que se propoñen recoñecen que é quedar en papel mollado, pura cosmética do sistema, que só xerará falsas expectativas ás persoas en situación de dependencia e aos seus familiares. Os cambios a incorporar, moitísimos deles positivos, son de feito xa realidades xa asumidas pola nosa Comunidade sen necesidade de ter que cambiar a lei. Outros xa foron acordados polo Consello Territorial e algúns que xa propón o anteproxecto da Lei de dependencia xa foron acordados polo Goberno e a nosa comunidade, e varios anos despois non se cumpren, non por falta de lei nova, senón por falta de financiamento. En materia de dereitos sociais, as normas, se non levan aparelladas unha memoria



orxamentaria e os compromisos de financiamento, son papel mollado.

E, por último, o benestar de todas as persoas con dependencia é, sen dúbida, un dos piares fundamentais do Goberno galego. Neste ano, Política Social aumenta un 10% o seu presuposto, pasando a 1.323 millóns de euros. Nós tamén podemos expresar citas concretas. Multiplicouse por cinco o número de dependentes atendidos, pasando de 15.000 no ano 2009 aos 77.000. Somos unha das mellores comunidades de España con mellor ratio de atención á dependencia, cunha ratio do 98,4%, seis puntos por riba da media nacional. Triplicamos a oferta de prazas solicitadas con fondos públicos en residencias de maiores, pasando de 5.500 a máis de 16.000. Multiplicamos por seis o número de prazas en centros de día, de 1.000 a 6.000 actuais. Multiplicamos por sete o número de beneficiarios do SAF, acordádevos, ano 2009, 3.500 e a día de hoxe cerca de 25.000 persoas. E puxemos en marcha medidas innovadoras adaptadas á realidade e as necesidades do galego. Casas do Maior, 140 centros nos concellos de menor poboación; o Bono Coidado no Fogar, máis de 22.500 persoas beneficiarias; complemento ao Bono Residencia, máis de 8.000 persoas beneficiarias. Durante todos estes anos, Galicia deu pasos moi importantes de cara a mellorar o acceso aos servizos de dependencia e discapacidade, e ímolo seguir facendo, porque este ano demos un paso máis coa aprobación dun plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade. Certo é que hai moito que mellorar, pero isto que está a pasar en Galicia, sabe onde tamén está pasando?, na comunidade do País Vasco, na comunidade de Cataluña, en Canarias e en Castilla-La Mancha; nesas 4 comunidades tamén pasa iso. Hai moito que facer, por suposto que si.

Bueno, pois este plan xorde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestacións. E outras medidas, este plan abre unha nova vía preferente para as persoas maiores de 80 anos, reduce a burocracia, só haberá que presentar a solicitude; permite solicitar a valoración da dependencia e discapacidade á vez e habilitar a homologación; mellora a xestión das citas a través dunha mensaxe no móbil e mellórase a citación telefónica; reforza o persoal que forma parte do procedemento; reforza os servizos sociais para ver que se centran na atención individualizada das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrático. En fin, un plan que, pese ás críticas que vostede fai, xa conseguiu a homologación de máis de 6.000 persoas que xa, dispoñendo da valoración de dependencia, agardaban pola discapacidade. E, por último, tamén a Xunta é consciente da importancia que ten o Servizo de Axuda no Fogar a través do que reciben esa atención as 25.000 persoas que falamos. Por iso, destínanse eses 140 millóns de euros, un 8% máis. Certo é, como vostede dixo, tamén os 740 que destina para a dependencia, xa o dixemos, o 70% vén da Comunidade e o 30% vén do Estado; 490 millóns apórtaos a Xunta de Galicia e 210 millóns apórtaos o Estado. Por suposto que nestes 140 tamén vén marcada esa diferenza de 70-30.

E, ben, o que falabamos antes, xa que comezamos con esa negociación na FEGAMP, oxalá teña os resultados esperados e o máis axiña posible. Pois tamén confiamos en que o Goberno central tamén se implique na mellora do financiamento deste servizo e na dependencia no seu conxunto. Na actualidade, a Xunta achega ao SAF o que dixo vostede, 12 euros/hora, pero supón un incremento do 24% desde aquela negociación que se produciu no ano 2021. E, ben, considero que os puntos a tratar non son desproporcionados, nin faltan á verdade, e conto de contar co seu apoio. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Unha puntualización a respecto dalgunha das cuestións que se acaban de dicir. Fala das accións por parte da Xunta de Galiza o deputado e fala dos seis meses de prazo



para a valoración pero, miren, iso xa estaba na lei, é que vostedes están repetindo algo que xa estaba na lei, o que pasa é que non se cumpría. E vostedes agora pretenden facelo cumprir cunhas valoracións, primeiro, sen aumentar o persoal, porque hai unha falla de persoal absoluta para realizar as valoracións e, segundo, estanse facendo valoracións por teléfono. Como se pode valorar a dependencia por teléfono? Como se pode chamar por teléfono a unha persoa que ten unha afasia fronto-temporal para saber en que estado está? Ten algún sentido? O que pasa é que vostedes o que queren é un titular para dicir que xa avanzaron non sei canto, recortaron non sei canto a listaxe de agarda en valoración á dependencia. Pero a realidade é que vostedes non están dotando de máis persoal a isto, nin están mellorando as condicións nas que están prestando servizo os concellos. Están intentando maquillar, iso si, vostedes, maquillar todo isto. Nós, desde logo, cremos que a respecto da moción hai cousas dos puntos e dos acordos que son perfectamente demandables ao Goberno do Estado. Nós xa o temos demandado cando gobernaba Mariano Rajoy, pero tamén cando gobernaba o Partido Socialista, non temos absolutamente ningún problema desde o BNG en ser esixentes co Goberno do Estado.

Despois hai cuestións que, claro, son moi inconcretas. Vostedes falan de atender as demandas que xa fixo a Comunidade Autónoma de Galiza. Pero, claro, non sabemos que demandas concretas son a respecto do anteproxecto de lei. Entón, claro, é moi difícil votar a favor dunhas demandas que non se coñecen. Digamos que no espírito da moción de demandar que se nos pague a débeda, si, o espírito da moción de que o Estado cumpra con ese compromiso de financiar o 50% e a Xunta outro 50%, totalmente de acordo. O que pasa que, ben, pois hai algunha inconcreción que nos fai que non poidamos apoiar 100% a moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente. Volve dar datos así a modo metralleta, que, se un non se para moito, pois di: uff, canto!, non? Pero di vostede que a 8.000 beneficiarios, 6.000 beneficiarios, 7.000 beneficiarios. Só en Galicia, polo sistema de atención a dependentes 2024 pasaron 1.500.000 persoas. E vostede vén poñer aquí en valor que hai 8.000 beneficiarios nunha tarxeta de non sei que, 1.500.000. Se non lle parece pírrica a comparativa, xa digo dos dependentes, non imos falar da totalidade dos galegos ou dos máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos que hai en Galicia. No mellor dos casos, imos facer a comparativa con eses maiores de 65, que non é así porque os dependentes hainos en todas as idades, estaríamos no 1% beneficiario dalgunhas desas medidas que vostede puxo sobre a mesa.

Fala vostede de que a Xunta é verdade que incrementou un 24% a súa achega, incrementou un 24% a súa achega e a do Estado; non volvamos terxiversar. Dá 12 euros que inclúen a achega do Estado e da Xunta, non os pon a Xunta só. Pero é que a Xunta asumiu un incremento dun 24% coa axuda do Estado e os concellos asumimos un incremento dun 80%, porque antes daban 9 cando custaba 15, pero agora dan 12 e custa 25. Polo tanto, quen está asumíndoo son os concellos. Por iso a min me chama a atención que non se faga referencia a iso na moción. Por tanto, volve vostede a dar datos que, cando menos, están minimamente manipulados. Fala vostede da diferenza de achega do 70% da Xunta ou 30% do Estado, outra vez máis metendo todo nun saco. Cando non é así, unha cuestión é a atención aos dependentes e despois está todo o demais que, loxicamente, a Xunta o engloba dentro da área de dependencia, pero que non ten que ver co SAF, que son outras moitas cuestións e infraestruturas que comen parte do gasto de recursos propios. Home, claro, non pretenderá que llos pague todos o Estado. Hai algúns que son de competencia estatal, como é a financiamento de atención a dependentes, pero hai outros dentro da dependencia que teñen que ver coas



infraestruturas, os dependentes, etc., que non son de financiamento competencia estatal. Pero, unha vez máis, mesturámolo todo para ver se, ben, pois así podemos enganar a alguén.

Nós, se vostedes, e sei que seguramente, aínda que saben que son extremadamente optimista e nunca perdo a esperanza co Partido Popular neste Pleno, sigo manténdoa e propóñoilles que nos permitan votar por puntos a moción, e xa lle digo que hai, de cinco, tres que votaremos a favor, e dous, fíxese vostede, que non somos tan malos, ímonos abster, nin sequera imos votar en contra, a pesar da cantidade de mentiras e manipulacións que hai aquí, pero entendemos que é verdade que o fondo e o espírito de que o Estado ten que aportar máis á dependencia pois compartímolo. Iso non quere dicir que non engadamos, como acabo de facer na miña exposición, que a Xunta ten que facer o propio tamén e non botarilles a culpa aos demais e escorrer o vulto, que é algo ao que estamos xa moi acostumados.

Por tanto, esa é a nosa proposta, que nos permitan votar por puntos e xa lle adiantei cal vai a ser o sentido do noso voto a ese respecto.

Sr. Pérez Fernández

Para rematar, busquen as excusas que queiran, pero a realidade é a que se explicou na moción. O Goberno central incumpre co cofinanciamento do 50% ao que está obrigado, este incumprimento xera unha débeda acumulada superior aos 2.500 millóns de euros na nosa comunidade, e os que saen prexudicados con este incumprimento son as comunidades autónomas e os concellos e, sobre todo, os dependentes.

E, por último, logo queren reformar unha lei sen a correspondente financiamento. Moitas grazas a todos.

Sr. Presidente

Suponse que...

Sr. Pérez Fernández

A moción vaise votar como a presentamos.

Sr. Presidente

Moi ben. Pois procedemos á votación, entón.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (13 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 15 deputados (10 do PSOE E 5 do BNG).

ACORDO

O Pleno aproba a seguinte moción:

“Moción do PP sobre o financiamento do sistema de atención á dependencia

A Unión Europea é a rexión máis envellecida do mundo, e a tendencia actual apunta a



que cada vez o será máis. Dentro dela, hai varias rexións nas que se agudiza especialmente esta situación, unha é Galicia, onde as persoas maiores de 65 anos xa representan máis dunha cuarta parte do total da poboación.

Como é lóxico, este envellecemento poboacional tradúcese nun incremento da cidadanía en idade dependente, que necesita e demanda asistencia para realizar actividades básicas da vida cotiá. A atención a este colectivo de poboación convértese nun reto para todos os poderes públicos e require dunha resposta firme e adaptada ao modelo actual da nosa sociedade.

Para dar resposta a esta situación aprobouse, cunha ampla maioría, a Lei estatal 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que xurde co obxectivo de regular as condicións para garantir a igualdade no exercicio do dereito dos cidadáns á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas.

Este é o marco normativo aprobado hai preto de vinte anos no que se recollen os dereitos dos cidadáns, pero tamén os deberes de todas as administracións implicadas.

Dúas décadas despois da aprobación da coñecida como Lei da Dependencia, o sistema segue tendo certas eivas que están lonxe de corrixiarse. A principal, ten que ver co problema estrutural de financiamento que Galicia leva denunciando desde hai moitos anos.

A Lei fixa que o gasto dos servizos e prestacións debe asumirse ao 50% entre as Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado, algo que nunca sucedeu e que actualmente segue sen corrixiarse.

O crecente esforzo inversor por parte da Administración autonómica, e tamén da local, para atender ás súas veciñas e veciños, non ten a mesma correspondencia por parte do Goberno central. Deste xeito o recoñece o propio Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 na Memoria de análisis del marco normativo de la Ley de Dependencia:

"... La financiación originalmente planteada por la Memoria de la Ley de Dependencia no se alcanzó, ni en términos absolutos, ni en términos relativos al cumplimiento del objetivo de financiación del 50%".

Esta é unha cita literal dun documento presentado ás comunidades autónomas a comezos de marzo no Pleno do Consejo Territorial de Servicios Sociales y Dependencia. É dicir, o Goberno central recoñece que non achega o que debe achegar por Lei. Iso vai en detrimento dos servizos que reciben os veciños e prexudica directamente ás arcas municipais e autonómicas.

A pesar diso, é preciso salientar os avances que se produciron na nosa comunidade. Así, tal e como reflicten os datos publicados polo IMSERSO, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 77.000 persoas que teñen a súa dependencia recoñecida, reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa á nosa Comunidade cunha ratio de atención do 98,46%, unha das máis elevadas de España e 6 puntos por encima da media nacional.

De feito, nos últimos 15 anos o número de persoas dependentes atendidas na nosa



comunidade multiplicouse por cinco. Cada ano a Administración autonómica aumenta o seu orzamento en materia de dependencia para poder seguir ofrecendo servizos aos galegos que o precisen.

É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e tamén os concellos.

Xa debullando os datos económicos, este ano Galicia inviste no eido da dependencia máis de 700 millóns de euros, dos que preto do 70% proceden das propias arcas autonómicas mentres que a Administración Xeral do Estado faise cargo da parte restante, moito menor. Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento incontestable do establecido na lei estatal.

No caso concreto da nosa Comunidade Autónoma, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en 2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa Comunidade nesta materia supere os 2.500M€.

É moi significativa esta baixada tendo en conta que hai só un ano, antes das eleccións autonómicas o ministro, Pablo Bustinduy, dixo nunha entrevista dun medio de comunicación galego que o obxectivo era asumir o 50% do gasto da dependencia en Galicia. Só un ano despois, lonxe de incrementar os apoios estatais o que vemos é unha baixada nesa porcentaxe que debía subir.

Para Galicia, dispor dos máis de 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno Central suporía poder chegar a máis galegos dependentes que precisan algún tipo de atención. Hai que ter en conta que sen a aprobación dos Presupuestos Generales del Estado (PGE) esta situación agravarase xa que mentres o Goberno galego continuará incrementando fondos, servizos e atendidos, a Administración xeral do Estado conxelaraos.

Ademais de non achegar o financiamento axeitado, o Goberno central realiza modificacións normativas sen ter en conta o resto de administracións, que son as competentes e as que xestionan a maioría de servizos.

Así, primeiro en xullo do ano 2023 o Goberno central publicou un Real Decreto (RD 675/2023, do 18 de xullo) polo que se modifica o sistema de prestacións en dependencia, de xeito unilateral e sen contar coas Comunidades Autónomas.

E, ano e medio despois, o pasado febreiro, o ministro de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 presentou o anteproxecto de lei que reforma a Lei de Dependencia e a Lei de Discapacidade.

Ambos cambios conlevan obrigacións ao resto de Administracións sen vir acompañadas do correspondente financiamento, isto é, sen ningún tipo de axuda orzamentaria estatal.

A teleasistencia pasa a ser un dereito subxectivo, ampliáanse as contías das prestacións e fanse modificacións directas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que tanto está supoñer para os concellos.

Agora, o Goberno central incrementa as intensidades do servizo ao aumentar as horas mínimas para atender a unha persoa en situación de dependencia. Amplía as accións a realizar no servizo, xa que agora tamén contempla tarefas fóra do fogar (para ir á compra,



ao médico ou ao centro de día, por exemplo).

Todo isto leva consigo un encarecemento do servizo, máis necesidade de persoal e modificar os contratos actualmente en vigor que teñen os concellos coas empresas prestadoras do Servizo.

Actualmente o SAF percíbena en Galicia máis de 24.000 persoas, un servizo de competencia municipal ao que os concellos galegos destinan unha boa parte do seu orzamento, facendo un esforzo económico relevante, e ao que a Xunta de Galicia achega este ano máis de 140M€ anuais.

Incrementar deste xeito este servizo como quere impoñer o Executivo Central sen ter en conta ás Comunidades Autónomas que son as que o financian na súa maior parte, nin aos concellos que son os que o xestionan, require de máis recursos e de máis persoal. Dous requisitos indispensables ignorados polo Goberno.

É dicir, a reforma da Lei debe vir acompañada de financiamento. Un financiamento que tamén deba ter en conta as singularidades dos territorios, porque non todos son iguais. No caso concreto da nosa Comunidade, a dispersión ou o envellecemento da poboación son factores que incrementan considerablemente o custo dos servizos, e que obrigan ás administracións galegas a realizar un esforzo económico moito maior.

Non se poden impoñer máis obrigacións aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario.

Por todo o exposto, o Grupo do P.P. da Deputación de A Coruña, propón á corporación provincial adoptar o seguinte acordo,

O Pleno Provincial insta ao Goberno Central a:

1. Presentar dunha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.
2. Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.
3. Cumprir co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.
4. Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder achegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.
5. Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030."

Sr. Presidente

Seguente moción, do Grupo Provincial do Partido Popular, sobre un plan de cooperación de desbroces en estradas municipais.

3.Moción PP sobre plan cooperación de desbroces en carreteras municipais.



A opción da Deputación de A Coruña de aprobar un POS+ que -na aplicación das achegas provinciais- reforce a autonomía e a responsabilidade de cada concello non ten por que resultar incompatible coa opción, por parte da institución provincial, de elaborar, singular ou excepcionalmente, determinados plans específicos, sinaladamente os referidos a infraestruturas ou servizos que, pola súa natureza o importancia, requiran un impulso diferenciado. Ese debería ser o caso do abastecemento e do saneamento, e ese pode ser o caso dos traballos de desbroce das estradas de titularidade municipal.

Non resulta necesario estenderse moito sobre a importancia dos traballos de desbroces nas beiras das estradas. É sabido que unha boa e integral conservación das estradas non depende tan só da actuación directa sobre o pavimento senón tamén de facilitar unha drenaxe que se pode ver limitada pola vexetación, cos conseguintes danos para o firme. E, por suposto, é obvio que o desbroce e limpeza de maleza e arbustos que afectan ao dominio público viario resulta esencial na prevención e control dos incendios e, de maneira destacada, resulta esencial na seguridade vial: o desbroce e limpeza aumentan a visibilidade e os espazos de manobra tanto de condutores como, incluso, de peóns que en non poucas ocasións transitan polas calzadas.

E o certo é que a operativa destes traballos ten una complexidade –de maquinarias, de persoal, de medidas de prevención de riscos na execución dos traballos, etc- que explican un coste de difícil asunción para os concellos de menor capacidade económica. É por todo iso polo polo que o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de A Coruña propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno da Deputación insta ao Goberno provincial a elaborar e dotar economicamente un Plan específico de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes a fin de contribuír á financiación dos traballos de desbroce nas estradas de titularidade municipal, ben sexan estes traballos contratados a empresas ou excutados con medios e persoal propio dos concellos.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, deputados e deputadas, moción relativa á elaboración dun plan provincial específico de cooperación económica nos traballos de desbroce en estradas de titularidade municipal.

A opción da Deputación da Coruña de aprobar un POS plus que na aplicación das achegas provinciais reforce a autonomía e a responsabilidade de cada concello non ten por que resultar incompatible coa opción por parte da institución provincial de elaborar singular ou excepcionalmente determinados plans específicos, sinaladamente os referidos a infraestruturas ou servizos que pola súa natureza e importancia requiran un impulso diferenciado.

Ese debería ser o caso do abastecemento e do saneamento, e ese pode ser o caso dos traballos de desbroce das estradas de titularidade municipal. Non resulta necesario estenderse moito sobre a importancia dos traballos de desbroces nas beiras das estradas. É sabido que unha boa e integral conservación das estradas non depende tan só da actuación directa sobre o pavimento, senón tamén de facilitar unha drenaxe que se pode ver limitada pola vexetación cos conseguintes danos para o firme. E, por suposto, é obvio que o desbroce e limpeza da maleza e arbustos que afectan ao dominio público viario resulta esencial na prevención e control dos incendios e, de maneira destacada, resulta esencial na seguridade viaria. O desbroce e limpeza aumentan a visibilidade e os espazos de manobra tanto de condutores como incluso de peóns que en



non poucas ocasións transitan polas calzadas. E o certo é que a operativa destes traballos ten unha complexidade de maquinarias, de persoal, de medidas de prevención de riscos na execución dos traballos, etc., que explica un custo de difícil asunción para os concellos de menor capacidade económica.

É por todo iso polo que o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación da Coruña propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo: O Pleno da Deputación insta o Goberno Provincial a elaborar e dotar economicamente un plan específico de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes a fin de contribuír ao financiamento dos traballos de desbroce nas estradas de titularidade municipal, ben sexan estes traballos contratados a empresas ou executados con medios e persoal propio dos Concellos.

Sen máis, espero que poidan darnos o apoio a esta moción.

Sra. Veira González

Si, vou ser moi breve. A Real Academia Galega define único ou única, primeiro, como que é un só, ou, como segunda acepción, que non ten igual. E aquí, nesta casa, temos un Plan Único. Se empezamos a propoñer distintos plans, pois vai deixar de ser, evidentemente, o Plan Único. Que para isto está, para este tipo de cousas, para que os concellos poidan financiar os seus servizos municipais, entre eles, pois o de desbroce. Nada lles impide aos concellos, evidentemente, introducir este servizo como un dos servizos que se poidan financiar a través do Plan Único. Só darlles unha idea: se a Deputación pon 125 millóns de euros no Plan Único para 93 concellos e a Xunta de Galiza, segundo os orzamentos da Xunta de 2025, pon 168 millóns de euros para 313 concellos, pois teño unha idea: poden pedirlle á Xunta de Galiza que aumente o financiamento aos concellos, o financiamento local, e entón aí xa os concellos poden ir moito máis desafogados, meter o desbroce onde queiran, e ter fondos suficientes para xestionar todo con moita máis folgora. Nada máis pola nosa parte, imos votar evidentemente en contra.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, a verdade é que seguimos para bingo. Se xa na anterior había falacias, nesta xa empezamos coa primeira.

Primeiro parágrafo: “A opción da Deputación da Coruña de aprobar un POS plus que, na aplicación das achegas provinciais, reforce a autonomía e a responsabilidade de cada Concello, non ten por que resultar incompatible coa opción por parte da institución provincial de elaborar singular ou excepcionalmente determinados plans específicos”. Pois si, é incompatible, porque aquí os cartos non caen do ceo e, se temos 150, 200 millóns, a cantidade que queiramos poñer, para repartir entre os concellos, se, loxicamente, facemos plans, haberá que quitálos do Plan Único, porque eu da casa non os vou traer, e entendo que os que estamos aquí tampouco. Entón, isto é unha cuestión de suma e resta, non ten ningunha dificultade.

Pero é que, máis alá diso, non sei que obxecto... Bueno, si que o sei, pero agora vou facer unha exposición e vou facer un pouco o parvo. Non sei que obxecto ten estar constantemente traendo mocións aquí para que fagamos plans concretos. E agora, sendo eu mesmo outra vez, todos sabemos o que hai aquí, que é que vostedes xa queren preparar o terreo para se algún día, Deus non o queira, volven chegar a presidir esta Deputación, cargarse o Plan Único. Non o van a cargar quitando o Plan Único, porque non se van atrever. Entón, que van facer? Van empezar a quitar cartos para facer plans concretos, dirixidos, seguramente con eses criterios tan xustos que aplican na Xunta de Galicia de por orde de chegada e estas cousas tan bonitas, que é como ir comprar entrada para ver os Rolling, que hai que poñer a tenda de campaña alí na porta a ver se chega de primeiro, e casualmente sempre chegan de primeiro os dos Partido



Popular. E iso é o que hai de transfondo aquí neste tema. A vostedes non lles gusta o Plan Único, gústalles aos seus alcaldes, home están encantados. Véselles na cara, outra cousa é que digan o contrario, aquí. Por que? Porque reciben o triplo que cando gobernaba aquí Diego Calvo, o triplo! Xa non diremos nada, eh, Evaristo, daquela foto aí diante “nos roban”, que me lembra moito a aquel neno que saía na TVG que dicía: nos pegan; acordádesvos diso? Bueno, pois é unha cousa moi parecida. Despois saía a profesora a dicir: iso non estará gravado, non? Pois é unha cousa parecida. O que pasa é que aquí si que hai hemeroteca e todos lembramos aquela foto de “nos roban” cando reciben todos o triplo que cando gobernaba o Partido Popular a institución. E recíbeno, ademais, cunha diferenza, cun criterio obxectivo. Que quer dicir iso? Que, se mañá no meu Concello goberna o Partido Popular, vai recibir o mesmo. Iso non o fai a Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia sabemos como funciona, todo cae do lado dos de sempre. Só, como digo, hai que ver esas de concorrencia non competitiva, o 90% en concellos do PP, que non son o 90% dos concellos de Galicia. Xa non imos dicir nada de que a convocatoria se abra ás 12 da noite, cando non hai ninguén traballando nas administracións. Unha chaladura, como mínimo, dunha marcianada. Pero é que non é tan marcianada. Por que? Porque está pensada para o que está pensada, que é para repartir os recursos entre os meus, disimulando, nalgúns casos, noutros xa cos convenios nominativos, xa non vou dicir nada, porque o noventa e pico por cento caen en concellos do Partido Popular. Aí xa nin sequera a orde de chegada, xa nin nos permiten, o que sexa un pouco rápido, apañar algo, non, nin esa posibilidade.

Entón, agora traen aquí, despois da primeira edición, que era un plan de saneamento e abastecemento de auga, porque é un problema para os concellos, baseado nunha falacia, que é a que repite o Partido Popular constantemente, que é que a competencia é municipal, Mentira, a competencia prestadora do servizo de abastecemento e saneamento é municipal, a competencia financiadora non é municipal. Por iso Europa lle dá os cartos ao Partido Popular, por eso o Partido Popular despois, desgraciadamente, os colle, mais o que nos quita do canon da auga, e os reparte como?, pois co mesmo criterio que o anterior: entre os seus. E, polo tanto, o 90% dos convenios nominativos que caen, onde? en concellos do Partido Popular. Xa sei que me van dicir que no meu concello caeu un. Vólvolles explicar o mesmo: fase 1, fase 2. A fase 1 era o meu concello; a 2, un concello do PP. Sen o 1, non hai o 2. Polo tanto, por eso tiven a sorte que me caera. Se non, xa me podía esquecer diso, porque non ía cheirar un peso. Bueno, pois esa é a situación.

Entón agora traen aquí, imos outra vez atacar o castelo do Plan Único cunha nova proposta que é, efectivamente, todos sabemos que temos un problema os concellos para desbrozar os camiños municipais, loxicamente a maleza, sobre todo nesta época, invádeos, temos unha rede viaria moi extensa, froito da dispersión poboacional que temos e de núcleos en Galicia, entón, ao Partido Popular que se lle ocorre? Bueno, pois imos presentar un plan para desbroces, totalmente innecesario. Por que? Porque o Plan Único contempla investimentos financeiramente sostíbles e contempla tamén gasto corrente. Por tanto, calquera dos que estamos aquí podemos contratar, sacar a licitación un contrato para ese desbroce das vías municipais e cargalo contra que?, contra o Plan Único. E, polo tanto, que facemos? Pois, ademais de que, repito, se reparte cun criterio obxectivo, reducimos a burocracia, porque non temos que estar tramitando unha axuda máis que nos consome tempo, nos consome, loxicamente, parte do esforzo dos nosos funcionarios, requiriría tamén un esforzo maior nesta Deputación para poder tramitalo; polo tanto, non entendo cal é o problema. É como se vostede e eu digo, mira, imos agora aí ao Copacabana, está invitado, pida o que queira; di: eu quero un bocadillo. Bueno, pois está vostede invitado. Non, non, non, eu quero un bocadillo. Pero se vostede pida o que queira da carta, eu págolle o que queira da carta. Tome, aí van os cartos. Non, non, pero é que eu quero que me diga vostede que estes cartos son para o bocadillo. Pero vostede gásteos no que queira. Pois non. Pois esta é a situación tan surrealista que vivimos aquí



pleno tras pleno con vostedes con estas mocións, que é: non, é que eu quero un plan específico. Oia, que se vostede o pode pagar xa con isto que lle dou, que lle estou dando o triplo que cando gobernaba vostede. Pois non, e seguimos co tema, e non sei, agora son desbroces, o anterior foi saneamento, houbo outra de parques, non sei cal será a seguinte. Animais, efectivamente, animais de catro patas, e non sei cal é a seguinte que van a traer vostedes a este pleno.

Entón que queren que lles diga? Vostedes vano seguir intentando sen ningún éxito para, ben, loxicamente, na miña opinión, ridículo do seu grupo porque, como digo, reciben máis cartos que nunca, recíbenos cun criterio obxectivo, que é o máis importante de todo, e teñen vostedes, ademais, as ferramentas e os mecanismos nese Plan Único para poder gastalo, dentro daquilo que é gasto municipal, no que vostedes consideren oportuno. Polo tanto, non ten ningún sentido aprobar un plan destas características nin os que poidan traer vostedes no futuro para cuestións que xa poden ser asumidas e financiadas con cargo ao Plan Único. Pero, ben, non desfalezan, non desfalezan que, se son coma min, nunca perdan a esperanza, que algún día tocaralles, nunca se sabe. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Non, moi breve, porque quero dicir, o señor Fernández é sempre a mesma letanía, creo que imos traer unha gravadora e poñela en todos os plenos.

Mire, de feito non discutimos sequera o Plan Único. Eu esta mañá falaba desta cuestión co noso alcalde, que recibe un diñeiro importante do Plan Único para Mazaricos. Está claro que ese sistema, con todos os límites que tamén ten o Plano Único, non responde ou non soluciona determinados problemas, como pasa neste, que, sobre todo en concellos rurais, como o noso e extensos, como ocorre en Vimianzo, é dicir, que estamos máis ou menos no mesmo tamaño, de case 200 km², con moitas pistas, e que vemos os problemas, é dicir, é que non se dan desbrozados, van desbrozar agora polo verán, porque non teñen posibilidade, cando hai algunha festa, para que saia ben na foto, pouco máis, porque non lles chega. De feito, no noso voncello, van collendo do Fondo de Compensación Ambiental para poder desbrozar.

Eu creo que facer este plan sería, ademais, nunha Deputación que, segundo sabemos todos, porque o repiten incansablemente, ten o orzamento máis grande de toda a historia, co cal penso que non suporía tampouco demasiado facer un plan específico, unha partida para este tipo de cousas. Creo que os concellos o agradecerían e poderían estar durante todo o ano nunhas condicións aceptables. Grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

Sr. Presidente



Seguinte moción, do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños, para que compañías eléctricas e telefónicas non poidan paralizar obras públicas.

4.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para que compañías eléctricas e telefónicas non poidan paralizar obras públicas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas Naturgy e Telefónica, auténticos monopolios nun suposto mercado libre, están a causar graves retrasos na execución de numerosas obras públicas na provincia da Coruña e en toda España. Baixo o amparo de distintas leis do Estado aprobadas por Gobiernos e deputados de variadas cores políticas, estas compañías asoballan ás distintas administracións públicas con todo tipo de actuacións inxustificadas que atentan gravemente contra as arcas públicas, o interese xeral da cidadanía, chegando ata poñer en serio risco a seguridade viaria en obras de estradas e beirarrúas que quedan paralizadas durante meses.

É xa norma habitual que calquera obra pública na que se precise soterrar, retranquear ou eliminar algún poste acumule meses de retraso ou non se poida nin sequera iniciar por demoras inxustificables de Naturgy ou Telefónica. Estas compañías ademais de actuar ao seu antollo, impoñen a empresa que ten que contratar a administración para realizar o traballo en cuestión, saltándose así os principios máis elementais que debe rexer calquera contratación pública.

Numerosos concellos desta provincia e a propia Deputación sofren continuamente este tipo de prácticas abusivas, ata o punto de intentar cobrar por obras que non se realizan. É o caso de Naturgy na avenida de Santa Cristina, onde pretende cobrarlle á Deputación uns traballos xa realizados pola empresa adxudicataria; demorando sine die a finalización desta obra, creando un gravísimo prexuízo económico á hostalería e comercio da localidade, ademais das incomodidades para a veciñanza.

A privatización de servizos públicos básicos como a telefonía ou a electricidade non só a sofren concellos e deputacións. Cidadáns particulares e empresas tamén padecen atrancos e trabas de toda índole cando realizan obras nas que necesitan da participación dalgunha destas compañías, coas que ademais comunicarse é practicamente imposible. Urxe por tanto legislar tanto desde a Xunta de Galicia como desde o Estado español para axilizar a realización das obras públicas de concellos e deputacións e non permitir que ningunha empresa privada antepoña os seus intereses aos do interese xeral.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que realicen todos os cambios normativos e legais necesarios para impedir que ningunha empresa privada de enerxía ou telecomunicacións paralice obras públicas por intereses privados ou de forma arbitraria.
- 2.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Industria, á Consellería de Industria e á Federación Española de Municipios e Provincias.

Sr. García Seoane



As empresas Naturgy e Telefónica, auténticos monopolios nun suposto mercado libre, están a causar graves atrasos na execución de numerosas obras públicas na provincia de Coruña e en toda España, baixo o amparo de distintas leis do Estado aprobadas por gobernos e deputados de varias cores políticas. Estas compañías asoballan as distintas administracións públicas con todo tipo de actuacións inxustificadas que atentan gravemente contra as arcas públicas e o interese xeral da cidadanía, chegando ata a poñer en serio risco a seguridade viaria en obras de estradas e beirarrúas que quedan paralizadas durante meses e algunhas durante anos.

É xa norma habitual que calquera obra pública na que se precise soterrar, retranquear ou eliminar algún poste, acumule meses de atraso ou non poida nin sequera iniciarse por demoras inxustificables de Naturgy ou Telefónica.

Estas compañías, ademais de actuar ao seu antollo, impoñen a empresa que ten que contratar á Administración para realizar o traballo en cuestión, saltándose así os principios máis elementais que deben rexer con calquera contratación pública.

Numerosos concellos desta provincia e da propia Deputación sofren continuamente este tipo de prácticas abusivas, ata o punto de intentar cobrar por obras que non se realizan, como é o caso de Santa Cristina neste momento. É o caso de Naturgy na avenida de Santa Cristina, como dicía, onde pretenden cobrarlle á Deputación os traballos xa realizados, e onde lle reclaman á Deputación, por certo, 6.000 euros, cando o que ten que pagar son 4.000 ou menos de 4.000, demorando *sine die* a finalización desta obra, creando un gravísimo prexuízo económico á hostalaría e comercio da localidade, ademais das incomodidades para a veciñanza.

A privatización de servizos públicos básicos, como a telefónica ou a electricidade, non só a sofren concellos e deputacións, cidadáns particulares e empresas tamén padecen este tipo de atrancos e, cando un veciño fai unha casa e quere dála de alta, ás veces pásalle un ano para que lle saquen un poste de diante e pagar un diñeiral, iso vémolos en todos os concellos. Como dicía, padecen atrancos e trabas de toda índole cando realizan as obras que necesitan da participación dalgunha desas empresas.

Urxe, por tanto, legislar, tanto dende a Xunta de Galicia –que di que non ten atribucións, segundo me contesta a min nunha carta, increíble porque hai unha lei moi clara nese aspecto– como desde o Estado español para axilizar a realización das obras públicas de concellos e deputacións de non permitir que ningunha empresa privada antepoña os seus intereses aos do interese xeral. Polo que se propón ao Pleno de Deputación:

Instar a Deputación de Coruña a reclamar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que realice todos os cambios normativos e legais necesarios para impedir que ningunha empresa privada de enerxía e telecomunicacións paralice obras públicas por intereses privados ou de forma arbitraria.

Segundo, dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Industria, á Consellería de Industria e á Federación Española de Municipios e Provincias.

Sra. Veira González

Si, grazas.

Pois desde o BNG imos votar a favor. Efectivamente, isto é unha realidade, é un



problema hoxe en día palpábel e contrastábel e, ademais, que está atrasando obras da Deputación e que, desde logo, o que están a facer é intentar relear, ata o último céntimo á Deputación despois de ter un orzamento xa pechado e que queren incumplir. E a verdade é que non se pode consentir e, desde logo, hai que regular da maneira que sexa oportuna estas situacións, que non se poidan dar no futuro porque é un problema, efectivamente, para a cidadanía, é un problema para as administracións, pero desde logo tamén é resultado efectivamente da privatización de sectores que son fundamentais, como o da telefonía ou a electricidade.

O que non entendemos é que o Partido Popular borre a Xunta de Galiza na súa emenda, como se a Xunta de Galiza non tivese regulado no seu estatuto de autonomía precisamente que a comunidade autónoma ten competencias en media e baixa tensión nas súas e nesas instalacións e, desde logo, tamén ten competencias en materia de industria. E, se, polo tanto, unha empresa de telecomunicacións ou unha empresa de electricidade está tendo un comportamento inadecuado e está impedindo que prospere e que se poña en marcha unha obra pública, desde logo tamén terá competencia para sancionar. Iso, claro, se quere exercer as súas competencias, que aí debe ser onde está o punto, que vostedes non queren exercer as súas competencias en materia de industria ou en materia de, como digo, de baixa e media tensión e as competencias tamén nesas instalacións.

Polo tanto, nós moi de acordo coa moción e imos votar a favor, polo tanto.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós, subscribindo a intervención de Avia, tamén imos votar a favor da moción, compartindo a necesidade desa modificación lexislativa e compartindo tamén os argumentos fronte á emenda presentada polo Partido Popular, que unha vez máis elude as súas competencias cando non lles interesan e, como ben acaban de explicar, é de competencia autonómica tamén, non só competencia do Estado. Polo tanto, trúncaselles novamente ese interese que teñen de forma recorrente en non reclamarlle nada á Xunta de Galicia, nada, nin sequera isto, que mire que é unha cousa menor; xa non digo o outro que era un tema de cartos, pero nisto tampouco temos a sorte de poder contar coa altura de miras do Partido Popular.

Voulles ler o que di o articulado: “La Comunidad Autónoma de Galicia, de acuerdo con lo establecido en el artículo 27.13 de su Estatuto de Autonomía, aprobado por Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, tiene atribuida la competencia exclusiva en lo relativo a instalaciones de producción, distribución y transporte de energía eléctrica cuando este transporte no salga de su territorio y su aprovechamiento no afecte a otra provincia o comunidad autónoma, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 149.1.22 de la Constitución”.

Por tanto, as competencias non temos ningunha dúbida, polo menos os que estabamos aquí, e os do Partido Popular tampouco, de que tamén son autonómicas; pero unha vez máis vostedes prefiren facer prevalecer os intereses da Xunta de Galicia en contra dos intereses dos galegos e das galegas, que padecemos o atraso en moitas desas obras por culpa desta situación na que ningún dos que estamos aquí seguramente, sobre todo os que estamos no eido municipal, seremos alleos, porque nalgún momento, nalgunha obra ou proxecto, nos teremos topado con esta problemática. Así que nós damos a benvida a esta moción e, loxicamente, ímola respaldar.

Sr. Amado de la Fuente



Non se trata de eludir as responsabilidades, como di vostede da Xunta, este grupo vai votar a favor, acepte ou non a nosa emenda. O que si entendemos é que debe vir desde o marco regulatorio estatal, e así o define a propia exposición de motivos, onde di: “baixo o amparo de distintas leis do Estado aprobadas por gobernos e deputados de distintas cores políticas”. Entendemos que debe haber un articulado nacional, a partir do cal se faga un articulado, despois, a través do Parlamento de Galicia, e por iso, desde o primeiro momento dicíamos que fose ao Parlamento español esta lei.

De todas as formas, fronte a iso que vostede acaba de nomear, o artigo 162 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, dispón: “Podrá, así mesmo, el dueño solicitar el cambio de línea si no existiesen dificultades técnicas corriendo a su costa de los gastos de variación, incluyendo todos los gastos de perjuicio ocasionados”.

Entonces, entendemos que el debate debe ser en el Parlamento español y que, posteriormente, evidentemente, habría que adaptarlo. Todos los que aquí estamos hemos sufrido o sufrimos de manera directa o indirecta los problemas enunciados en el texto. Y nos gustaría que este Gobierno responsable, la Administración central, tomase cartas y medidas en el asunto para poder solucionarlo, marcando plazos, que definiese plazos de ejecución y precios de las actuaciones de forma clara y precisa, que es lo que no tenemos en este momento.

Y, además, nos gustaría que atendiese a la especial idiosincrasia de nuestro territorio, de la Comunidad Autónoma, donde en nuestra provincia tenemos más de 4.000 núcleos. Porque aquí hablamos de mover una línea, pero muchos hemos tenido extensiones de alcantarillado donde, para llevar un bombeo de energía eléctrica, nos cobran una tarifa desorbitada por la repotenciación de la línea.

Entendemos que hace falta una normativa estatal y, después, el Parlamento de Galicia tendrá que tomar medidas con esa normativa para poder adecuarla más al territorio gallego, que sería lo lógico desde nuestro punto de vista.

Entonces, simplemente, manifestar nuestro apoyo al tema y nada más. Simplemente acabo con una, si me permite, aunque es veterano en política, pero por el trato que yo he tenido con los empleados de las compañías suministradoras, señor García Seoane, exigir y reclamar creo que forma parte de nuestra obligación como responsables políticos, pero abrir también vías de diálogo para solucionar los problemas con los vecinos también es nuestra obligación. A veces, con insultos y provocaciones, no lo soluciona todo, porque piense que del otro lado hay trabajadores que también pueden ver que con esos comentarios se lesionan sus derechos. Es una matización dándole la razón en la exposición y en los puntos a acordar.

Muchas gracias.

Sr. García Seoane

Dicir que cando eu fago unha manifestación ou denuncio unha administración non estou denunciando os traballadores, estou denunciando os que rexen a administración, e cando fago unha manifestación é porque os cidadáns están ata os narices de soportar os abusos de determinadas empresas. Por tanto, eu son un clásico da política española, unha persoa que demostrou ao longo de toda a súa vida na política que foi efectivo todo canto fixo. Cando tiven que insultar, insultei, porque había razóns para insultar porque ás



veces, se non lle chamas, como lle chamaríamos a Trump os que están aquí? Eu chámolle “animal”. Outros chamaríanlle outra cousa. Eu chámolle “besta, besta brava”. Ui, Gelo, que vocabulario! Claro, hai que chamar a cada un polo seu nome. E, neste caso, Trump é un animal, é unha besta brava, como é un asasino o Netanyahu. E, por tanto, dicir que é un asasino o Netanyahu tampouco é ningunha cousa mala, non? Por tanto, xa digo, cando teño que actuar, e actuei sempre, e aí está o resultado en Oleiros, cando non me fan caso, protesto. E, se non me atenden, que eu sempre uso o diálogo, se non me atenden, paso ao seguinte, paso á ofensiva. E, se na ofensiva, primeiro suave, tampouco me fan caso, pois vou á brava. Esa é a miña forma de actuar e ese é o resultado que teñen en Oleiros. Por tanto, cópieno, cópieno que non lles virá mal.

Sr. Presidente

Facemos a votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

“Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para que compañías eléctricas e telefónicas non poidan paralizar obras públicas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas Naturgy e Telefónica, auténticos monopolios nun suposto mercado libre, están a causar graves retrasos na execución de numerosas obras públicas na provincia da Coruña e en toda España. Baixo o amparo de distintas leis do Estado aprobadas por Gobernos e deputados de variadas cores políticas, estas compañías asoballan ás distintas administracións públicas con todo tipo de actuacións inxustificadas que atentan gravemente contra as arcas públicas, o interese xeral da cidadanía, chegando ata poñer en serio risco a seguridade viaria en obras de estradas e beirarrúas que quedan paralizadas durante meses.

É xa norma habitual que calquera obra pública na que se precise soterrar, retranquear ou eliminar algún poste acumule meses de retraso ou non se poida nin sequera iniciar por demoras inxustificables de Naturgy ou Telefónica. Estas compañías ademais de actuar ao seu antollo, impoñen a empresa que ten que contratar a administración para realizar o traballo en cuestión, saltándose así os principios máis elementais que debe rexer calquera contratación pública.

Numerosos concellos desta provincia e a propia Deputación sofren continuamente este tipo de prácticas abusivas, ata o punto de intentar cobrar por obras que non se realizan. É o caso de Naturgy na avenida de Santa Cristina, onde pretende cobrarlle á Deputación uns traballos xa realizados pola empresa adxudicataria; demorando sine die a finalización desta obra, creando un gravísimo prexuízo económico á hostalería e comercio da localidade, ademais das incomodidades para a veciñanza.

A privatización de servizos públicos básicos como a telefonía ou a electricidade non só a sofren concellos e deputacións. Cidadáns particulares e empresas tamén padecen



atracos e trabas de toda índole cando realizan obras nas que necesitan da participación dalgunha destas compañías, coas que ademais comunicarse é practicamente imposible. Urxe por tanto legislar tanto desde a Xunta de Galicia como desde o Estado español para axilizar a realización das obras públicas de concellos e deputacións e non permitir que ningunha empresa privada antepoña os seus intereses aos do interese xeral.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que realicen todos os cambios normativos e legais necesarios para impedir que ningunha empresa privada de enerxía ou telecomunicacións paralice obras públicas por intereses privados ou de forma arbitraria.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Industria, á Consellería de Industria e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

Sr. Presidente

Seguinte moción que presenta o Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia, relativa ao dereito a unha vivenda digna e alcanzable.

5.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa ao dereito a unha vivenda digna e alcanzable

A sociedade española mobilizouse nas últimas semanas en 40 cidades do noso país, exixindo algo tan elemental como o é unha vivenda digna e alcanzable. Os/as cidadáns/as saíron á rúa para reivindicar un dereito consagrado na Constitución Española que todos os poderes públicos estamos obrigados a garantir. O que estamos vivindo non é unha suma de problemas individuais, senón un desafío global que nos afecta a todos/as. É a principal preocupación da cidadanía tras anos de políticas neoliberais que favoreceron a actividade especulativa por enriba do dereito á vivenda.

Neste contexto, a aprobación da Lei polo dereito á vivenda representa un avance histórico. Por primeira vez, o Estado dotou ás administracións públicas de ferramentas legais para declarar zonas tensionadas, limitar os prezos do alugueiro, intervir o mercado turístico residencial, protexer e ampliar o parque público de vivenda e aplicar incentivos fiscais que colaboren, co obxectivo de garantir alugueiros alcanzables.

Unha Lei polo dereito á vivenda que está funcionando alí onde se aplica e que está conseguindo que en máis de 140 concellos se rebaixe cerca dun 3,7% o prezo dos alugueiros residenciais, con especial incidencia en Barcelona, onde os alugueiros caeron un 6,4%, unha porcentaxe que beneficia directamente nos cidadáns/as, ao tempo que se incrementa a oferta das vivendas en alugueiro e garante a estabilidade dos inquilinos coma un dos obxectivos fundamentais da Lei de vivenda, pola que os propietarios poden chegar a deducirse ata o 90% na declaración do IRPF no caso das zonas tensionadas, e en materia de rehabilitación enerxética de vivendas, as deducións aplicables alcanzan ata o 60% do custo total das obras se reducen o consumo de enerxía primaria non renovable.

Pero unha lei só transforma a realidade se se aplica. Iso, é precisamente o que non están facendo os gobernos autonómicos e municipais do Partido Popular, que decidiron ignorar ou bloquear a súa aplicación por motivos estritamente partidistas. Alí onde gobernan, renunciaron a empregar as ferramentas que a lei pon á súa disposición.



Decidiron non declarar zonas tensionadas, non aplicar os límites ao alugueiro, e mirar cara outro lado ante a proliferación de pisos turísticos, en moitos casos ilegais, permitindo así que os veciños sexan expulsados dos seus barrios.

Esta negativa non pode presentarse como unha cuestión de competencias ou de modelo territorial: é unha decisión política que ten consecuencias directas sobre a vida de miles de persoas. Non aplicar a Lei de vivenda é aliñarse cos grandes posuidores, cos fondos de inversión, cos que ven a vivenda coma un negocio, non coma un dereito. É dar as costas á cidadanía, desoír a voz da calle é afondar nun modelo de vivenda excluínte e desigual.

Fronte a esta actitude de bloqueo do Partido Popular, debemos actuar con claridade e responsabilidade, xa que a Lei polo dereito á vivenda está en vigor, ampara xuridicamente a intervención nos mercados tensionados e só require de vontade política para ser despregada. Non se trata dunha opción, é unha obriga de todos os poderes públicos promover as condicións e establecer as normas necesarias co obxectivo de facer efectivo o dereito á vivenda de acordo co interese xeral para impedir a especulación. Porque o acceso a unha vivenda digna e alcanzable non pode depender do código postal, nin de quen governe unha comunidade ou un concello, debe de ser un dereito garantido en todo o territorio.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propon a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia para que despregue canto antes todas as medidas e recursos que ten ao seu alcance para atender ao clamor da cidadanía, que o pasado 5 de abril volveu a saír á rúa reivindicando o dereito a unha vivenda digna e alcanzable, a través de actuacións como as seguintes:

1. O incremento urxente e progresivo do parque de vivenda social e alcanzable, establecendo obxectivos a conseguir nuns prazos determinados, tal e como o exige a Lei polo dereito á vivenda.
2. A declaración de Zonas de Mercado Residencial Tensionadas en aqueles municipios que o soliciten, de acordo coa facultade que lle concede o Artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio polo Dereito á Vivenda.
3. Unha contribución financeira mediante partidas orzamentarias de inversión en políticas públicas de vivenda, polo menos nunha contía similar ás destinadas nesa Comunidade Autónoma por parte do Estado.
4. Iniciar un diálogo permanente cos organismos provinciais e municipais, para seguir traballando en accións coordinadas co fin de dar resposta á cidadanía coa construción e promoción de vivendas de alugueiro alcanzable, e desta maneira incrementar as dotacións existentes ao servizo das políticas públicas de vivenda.
5. O impulso de modificacións legislativas con rango de lei para a cualificación permanente de toda as vivendas protexidas que conteñan algún tipo de inversión municipal, autonómica ou estatal para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, de acordo coas porcentaxes establecidas na lexislación estatal.



6. A promoción, no exercicio das competencias autonómicas, a planificación, a regulación e o control eficaz das vivendas de uso turístico para evitar o seu crecemento descontrolado, así como exixir a súa tributación como a actividade económica que é.

Sr. Fernández Piñeiro

Vou dar lectura da exposición de motivos:

A sociedade española mobilizouse nas últimas semanas en 40 cidades do noso país esixindo algo tan elemental como é unha vivenda digna e alcanzable. Os cidadáns saíron á rúa para reivindicar un dereito consagrado na Constitución española que todos os poderes públicos estamos obrigados a garantir. O que estamos vivindo non é unha suma de problemas individuais, senón un desafío global que nos afecta a todos e todas. É a principal preocupación da cidadanía tras anos de políticas neoliberais que favoreceron a actividade especulativa por riba do dereito á vivenda.

Neste contexto, a aprobación da Lei polo dereito á vivenda representa un avance histórico. Por primeira vez, o Estado dotou as administracións públicas de ferramentas legais para declarar zonas tensionadas, limitar os prezos do alugueiro, intervir o mercado turístico residencial, protexer e ampliar o parque público de vivenda e aplicar incentivos fiscais que colaboren co obxectivo de garantir alugueiros alcanzables. Unha lei polo dereito á vivenda que está funcionando alí onde se aplica e que está conseguindo que en máis de 140 concellos se rebaixe cerca dun 3,7% o prezo dos alugueiros residenciais, con especial incidencia en Barcelona, onde os alugueiros caeron un 6,4%, unha porcentaxe que beneficia directamente os cidadáns, no tempo que se incrementa a oferta das vivendas en alugueiro e garante a estabilidade dos inquilinos como un dos obxectivos fundamentais da Lei de vivenda, pola que os propietarios poden chegar a deducir ata o 90% da declaración do IRPF no caso das zonas tensionadas. E, en materia de rehabilitación enerxética de vivendas, as deducións aplicables alcanzan ata o 60% do custo total das obras se reducen o consumo de enerxía primaria non renovable.

Pero unha lei só transforma a realidade se se aplica. Iso é precisamente o que non están facendo os gobernos autonómicos e municipais do Partido Popular, que decidiron ignorar ou bloquear a súa aplicación por motivos estritamente partidistas. Alí onde gobernan renunciaron a empregar as ferramentas que a lei pon á súa disposición. Decidiron non declarar as zonas tensionadas, non aplicar os límites do alugueiro e mirar cara a outro lado ante a proliferación de pisos turísticos, en moitos casos ilegais, permitindo así que os veciños sexan expulsados dos seus barrios.

Esta negativa non pode presentarse como unha cuestión de competencias ou de modelo territorial, é unha decisión política que ten consecuencias directas sobre a vida de milleiros de persoas. Non aplicar a Lei de vivenda é aliñarse cos grandes posuidores, cos fondos de investimento, cos que ven a vivenda como un negocio e non como un dereito. É dar as costas á cidadanía, desoír a voz da rúa e afondar nun modelo de vivenda excluín-te e desigual. Fronte a esta actitude de bloqueo do Partido Popular, debemos actuar con claridade e responsabilidade xa que a Lei polo dereito á vivenda está en vigor, amparada xuridicamente a intervención nos mercados tensionados e só require de vontade política para ser despregada. Non se trata dunha opción, é unha obriga de todos os poderes públicos promover as condicións e establecer as normas necesarias co obxectivo de facer efectivo o dereito á vivenda de acordo co interese xeral para impedir a especulación. Porque o acceso a unha vivenda digna e alcanzable non pode depender do código postal nin de quen governe unha comunidade ou un concello, debe ser un dereito garantido en torno a todo o territorio.



Por todo exposto, o Grupo Provincial do PSdG-PSOE propón a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia para que despregue canto antes todas as medidas e recursos que ten ao seu alcance para atender o clamor da cidadanía que o pasado 5 de abril volveu saír a rúa para reivindicar o dereito a unha vivenda digna e alcanzable a través de actuacións como as seguintes:

Punto un: O incremento urxente e progresivo do parque de vivenda social e alcanzable, establecendo obxectivos a conseguir nuns prazos determinados, tal e como exige a Lei polo dereito á vivenda.

A declaración de zonas de mercado residencial tensionadas naqueles municipios que o soliciten, de acordo coa facultade que lle concede o artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda.

Terceiro, unha contribución financeira mediante partidas orzamentarias de investimento en políticas públicas de vivenda, polo menos nunha contía similar ás destinadas nesa comunidade autónoma por parte do Estado.

Cuarto, iniciar un diálogo permanente cos organismos provinciais e municipais para seguir traballando en accións coordinadas co fin de dar resposta á cidadanía coa construción e promoción de vivendas de alugueiro alcanzable e, desta maneira, incrementar as dotacións existentes ao servizo das políticas públicas de vivenda.

Quinto, o impulso de modificacións lexislativas con rango de lei para a cualificación permanente de todas as vivendas protexidas que conteñan algún tipo de investimento municipal, autonómico ou estatal para vivendas suxeita a algún réxime de protección pública, de acordo coas porcentaxes establecidas na lexislación estatal.

E sexto, A promoción no exercicio das competencias autonómicas e planificación, a regulación e o control eficaz das vivendas de uso turístico para evitar o seu crecemento descontrolado, así como exixir a súa tributación como actividade económica que é.

Sra. Veira González

Grazas.

Desde o BNG imos votar a favor desta moción, que vén poñer enriba da mesa un auténtico problema social que estamos vivindo hoxe en día, que é o problema de acceso a unha vivenda. A realidade é que, efectivamente, nesta provincia ademais temos dous concellos nos que se está sufrindo especialmente esta circunstancia, A Coruña e Santiago de Compostela. Ambos os dous concellos, ademais, están traballando na solicitude de declaración de zona tensionada para poder topar, dalgunha maneira regular os prezos do alugueiro. Na Coruña, como resultado dunha esixencia que está a poñer enriba da mesa, ademais, o Bloque Nacionalista Galego, en Santiago de Compostela, co Bloque Nacionalista Galego no Goberno.

A realidade é que hai que facer algo para solucionar o problema de acceso á vivenda, porque a realidade é que Galiza está acadando cada mes novos fitos históricos en prezo do alugueiro e en prezo tamén de venda e isto, evidentemente, o resultado que ten é que moita xente non pode acceder a unha vivenda. Hai que recordar que A Coruña é a cidade galega onde é máis caro alugar e iso, evidentemente, é un problema. É un problema, ademais, porque o que temos diante é un Partido Popular na Xunta de Galiza que está poñendo paus nas rodas ás declaracións de zona tensionada. Aquí na cidade da Coruña temos un exemplo clarísimo; empezou dicindo con que non a ía declarar porque non estaban de acordo coa Lei estatal de vivenda; pasou o tempo e o Concello elaborou toda a documentación que lle esixiu a Xunta de Galiza, porque hai que dicir que a Xunta de Galiza se inventou, despois da aprobación da Lei de vivenda, unhas circunstancias especiais, puxo requisitos especiais para poder activar esta medida da declaración de



zona tensionada. O Concello da Coruña cumpriu, enviou esa solicitude, e cal é a resposta que ten o Concello da Coruña a isto? Pois nada, unha falta de lealdade institucional absoluta porque a Xunta de Galiza o que fai é filtrar a comunicación aos medios de comunicación, valla a redundancia, e notifica ao Concello da Coruña a última hora da mañá. É unha absoluta falta de respecto institucional e é unha maneira de poñer paus nas rodas a esta declaración.

Nós o que entendemos desde o BNG é que o Partido Popular non quere poñer solución ao problema da vivenda, pero non é que non queira agora coa Lei de vivenda na man, é que non quere desde o 2009, desde que volveron a acceder á Xunta de Galiza, non queren solucionar o problema da vivenda e non queren facer políticas públicas de vivenda. Os datos están aí: hai un recorte acumulado desde 2009 a 2024 de 1.800 millóns de euros nas políticas de vivenda. E iso é porque cren que non hai nada que facer, que aquí cada un que se amaíña. Esa é a súa política de vivenda. Cadaquén que se amaíña. “Es el mercado, amigos”, que dicía Rato. Esa é a súa política de vivenda.

E, ademais, as cousas que van sacando así como se foran coellos da chistera, teñen un resultado pésimo, porque tamén sacaron da chistera un programa, o programa Rexurbe, que ten como resultado cero vivendas postas no mercado do alugueiro.

Están inventándose agora os minipisos para persoas menores de 36 anos. Están sacando da chistera unha medida que eu creo que é estrela para que a xente poida acceder a unha vivenda, que é subirlle un 40% o prezo da vivenda de protección oficial nun ano, un 40% nun ano. Así eu creo que é a mellor maneira, desde logo, para que a xente poida acceder a unha vivenda. Non están facendo vostedes absolutamente nada.

E tamén hai que dicir que o Goberno do Estado no seu día, en campaña electoral, dixo que ía poñer os terreos de Defensa para construír vivenda pública; que ía poñer tamén os pisos da Sareb á disposición para poñelos no mercado do alugueiro e, de momento, desas promesas nada temos. É certo que non está ben en política dicir que para problemas complexos haxa solucións simples pero, se hai un segredo, se as capitais europeas que non están sufrindo este problema teñen un segredo, é a vivenda pública en propiedade das administracións públicas, é dicir, que haxa un maior parque de vivenda pública, ese é o único segredo que hai. E a realidade é que o Estado español, gobernado en distintos momentos por Partido Popular e Partido Socialista, está á cola de Europa en peso de vivenda pública a respecto de todo o parque construído. E a realidade particular de Galiza é que está á cola do Estado, e está á cola do Estado por ese recorte acumulado desde 2009 a 2024 de 1.800 millóns de euros, porque vostedes paralizaron a construción de vivenda pública en Galiza. E, como resultado diso, temos a situación actual.

O que cómpre, evidentemente, é tomar medidas para revertela. A primeira medida, e o máis importante, é darse conta de que existe o problema. E a verdade é que a Xunta de Galiza, e en particular o señor Rueda, até 2023, así a piques de empezar xa toda a campaña, xustificaba que non impulsaran políticas de vivenda porque non detectaran o problema. Claro, e, entón, como non detectaran o problema, evidentemente, non podían poñerlle solución. E agora que o detectaron, tampouco que lle estean poñendo moita solución. Xa dixen a suba do 40% do prezo na vivenda de protección oficial ou os minipisos, ou algunhas axudas ao alugueiro que non fan máis que inflar os prezos do alugueiro.

O que hai que facer é construír vivenda pública, o que hai que facer é rehabilitar as vivendas existentes para que se poñan no mercado do alugueiro, e o que hai que facer é respectar as solicitudes de declaración de zona tensionada dos concellos e, se cumpren todos os requisitos que marca a lei, declaralas, e empezar a traballar para que se poidan regular e topar os prezos do alugueiro, porque o certo é que a xente ten absolutamente condicionado o seu proxecto de vida a ter ou non un lugar onde vivir, algo



bastante lóxico. E hoxe en día é moi complicado atopar un lugar onde vivir. E non é só a mocidade, somos as mulleres, que temos os salarios máis baixos e temos as situacións laborais máis precarizadas; son as persoas xa dunha idade que teñen condicións laborais máis precarias; son as mulleres que se queren separar e non atopan un piso que pagar elas soas... É dicir, este xa é un problema absolutamente transversal ao que lle hai que dar solución e hai que darlle solución de maneira urxente.

As medidas que se recollen na moción son algunhas das que se poden implementar, pero desde logo hai moito máis que facer e hai moito que facer tamén en desenvolvemento das competencias que ten a Xunta de Galiza en materia de vivenda.

Nada máis.

Sr. García Seoane

Si. Non, se non xa tiña que falar antes. Non tiña idea excepto explicar o meu voto. Eu creo que se hai que deixar de falar deste tema e hai que actuar. A situación é do peor que en política se pode dar neste momento no noso país. É a situación máis urxente que demandan os cidadáns en calquera enquisa que se fai.

As axudas que ten a Xunta, eu mandeille, tiven unha entrevista coa conselleira, porque nós temos solo para... Pero, claro, eu tiña que entregarlle o solo gratis, pero as vivendas ao final construíanse ao mesmo prezo que as construímos con cooperativas. Dábaselle o solo gratis e as cooperativas pagaban o solo, porque a Xunta non as pode vender, ou non pode pagalo para vendelas ao mesmo prezo. E, se non, onde queda esa marxe do prezo do solo? Se a cooperativa ou a Xunta non, por tanto, decidín non darlle solo á Xunta, estamos facendo neste momento 156 vivendas con tres cooperativas e imos sacar solo para máis cooperativas no prazo dun mes aproximadamente.

Que sucede? En Oleiros presentáronse 1.700 persoas para as tres cooperativas. Pero, claro, a xente non ten o diñeiro para dar a entrada á cooperativa. E tampouco existen axudas da Xunta de Galicia para dar entrada á cooperativa. Falábase dunha axuda con xuros, pero tampouco está por aí, non hai esa axuda. E logo fálase de axudas de 12.000 euros para xente de 36 para arriba ou de 36 para baixo, para alugueiros, para compra, pero tamén é mentira, porque ata que está a obra feita non lle dan a axuda. Por tanto, as obras non se fan no aire. Unha cooperativa ten que ter un fondo para empezar a obra. E, se non ten o fondo, non pode facer as obras. E ese fondo, no caso do Oleiros, son 50.000 euros que ten que poñer cada cooperativista para que se faga o edificio e, ao final, cun crédito que se vai tramitar pola mesma cooperativa por 40 ou 50 anos do resto do piso. Pero, se nós, xa digo, non tiveramos esa oferta, pois, que sucedeu? Pois sucedeu que, dos 1.700, 136 paréceme, accederon; quedaron vacantes aínda unhas 20, xa están agora neste momento adxudicadas, porque estaban restrinxidas ao concello de Oleiros, abrimos a porta para a comarca e están hoxe adxudicadas. Pero non pode haber vivendas de protección... Estes días hai un lío aquí na Coruña, porque agora a cooperativas aquí na Coruña tamén se lle incrementa o prezo, quero dicir que non hai unha política seria respecto ao tema da vivenda. E o primeiro que hai que facer se queremos que as persoas teñan vivenda é que as persoas que teñan un salario que está entre os mil e mil catrocentos, mil setecentos, non ten para, non pode meterse a facer a compra dunha vivenda se non conta con algunha axuda. Hai persoas das que compraron en Oleiros que contan cos pais, cos avós ou con que sexa; pero, se non, tampouco poderían acceder, porque ese interese, ese diñeiro non o teñen e os bancos non lle dan, por certo, os bancos non lle dan a todo mundo o préstamo, non? E cuns xuros de loucos.

Por tanto, temos que facer unha política, eu creo que hai que deixarse de falar, e realmente a Xunta, que é quen ten aquí máis posibilidades que ninguén, non?, porque os concellos non hai moitos concellos como Oleiros que teñan o solo para ofertarllo á Xunta de Galicia, porque para iso hai que ter planeamento e, por tanto, se non hai planeamento,



non hai cesións de solo e non se poden facer vivendas naqueles lugares que están.

E logo fálase de plans especiais, que coidado con eles, porque poden destrozar... Eu acórdome dun plan especial que quería facer no seu día Aznar coa zona do monumento natural de Seixo Branco. Seixo Branco é un terreo que ten o exército alí 17.000 metros, dá contra o mar, un acantilado tremendo, e naquel momento Aznar propoñía alí a unha empresa de Madrid, que agora anda por aquí, por certo, por Culleredo, propoñíalle facer alí unha urbanización. E vendíalle o solo ata que nós interviñemos para que non se fixera.

É dicir, que non se poden facer plans especiais nas zonas de monte, os plans especiais para facer vivendas de protección hai que facelos con servizos, teñen que ter cerca os servizos, que son custosísimos, é quizais o que máis provoca que a vivenda non baixe de prezo, porque hai que facer todo: rede de sumidoiros, luz, Fenosa, aquilo, o outro... Neste caso, os mesmos transformadores, agora témosllos que facer nós, compralos nós e regalarllos a Fenosa, manda carallo! É que todo está feito dunha forma tremenda para os mesmos de sempre. Por tanto, hai que empezar a cambiar realmente onde está o poder, neste caso está na Xunta de Galicia, o Goberno ten unha parte del, pero a Xunta de Galicia ten competencias no tema de vivenda, e deseñar, falar cos que sabemos algo, que hai moitos por Galicia, para como se pode levar adiante unha política realista de dotar de vivendas os veciños que as demandan. Porque segue habendo veciños que as demandan.

Por certo, o problema está engadido coas vivendas turísticas. Ao aparecer o tema das vivendas turísticas, os alugueiros fóronse ao carajo, e agora non hai alugueiros, en ningunha parte, e menos nos sitios máis populosos e máis populares, e non falo do Partido Popular, máis populares, como Oleiros, que non é do Partido Popular, pero é un sitio onde a xente quere vivir todo o mundo. E está aparecendo un fenómeno no sur de España, en concreto na zona de Valencia cara a abaixo, ou as illas... as Canarias ou as mallorquinas, onde a xente se está alzando en contra do turismo. Coidado co tema, porque o turismo é moi bo para a España, foi moi bo e ten que seguir sendo bo, un turismo controlado. Pero está empezando a levantarse a xente contra o turismo porque non teñen onde alugar unha vivenda os cidadáns.

Por tanto, hai moito que facer. E eu creo que desde o Concello de Oleiros estamos dispostos a colaborar no que sexa nese aspecto para que se fagan vivendas; nós temos solo, pero hai que cambiar algunha norma para que isto funcione doutra maneira.

Sr. Lorenzo Torres

Muchas gracias, presidente.

Buenos días a todos y a todas.

Si creo que en algo estamos de acuerdo, por lo que he escuchado en todas las intervenciones, que pese al móvil yo sí las estuve atendiendo, es que tenemos un problema, que en este país, en A Coruña, en Galicia, en España, hay un problema de vivienda. Problema además de vivienda que va unido a un derecho constitucional, que hay que tenerlo claro. El artículo 47 de la Constitución nos dice claramente que todos los españoles tenemos derecho a una vivienda digna y adecuada. Es verdad que este derecho ha evolucionado y ahora también hablamos de una vivienda asequible, porque no solo tiene que ser digna y adecuada, sino que tiene que ser asequible.

Es verdad también que los poderes públicos tenemos una obligación. La ley lo dice, la Constitución lo dice, los poderes públicos tenemos que fomentar la legislación para que este derecho sea efectivo y promover las condiciones necesarias y establecer las normas pertinentes para que todos los españoles tengamos esa vivienda. Y también



es verdad que ha habido una evolución en el concepto del derecho a la vivienda, del derecho constitucional. Yo me acuerdo cuando era estudiante de Derecho en la Facultad de Santiago, que nuestro profesor, mi querido profesor Portero Molina, profesor de Derecho Político, cuando hablaba del derecho de vivienda, del artículo 47, decía que era un derecho aspiracional, era como la felicidad, no era un derecho exigible, como puede ser la sanidad. Sin embargo, esta evolución ahora se ha tenido, jurisprudencialmente incluso, y el derecho a la vivienda es un derecho que tenemos todos los españoles, que es exigible, no solo es una aspiración, sino una exigencia. Y es un derecho, por supuesto, que va muy unido a la propiedad privada.

El problema es la solución. ¿Qué solución le damos al problema de la vivienda? ¿Y por qué hemos llegado a este momento con el tema de la vivienda? Porque el tema de la vivienda no nace ayer ni antes de ayer, es producto de una evolución, de una legislación que, a veces, con buenas intenciones o no, que no lo sé, consigue el resultado contrario al deseado. Y uno de los temas o de los grandes problemas que hay en este país es esta Ley de vivienda de la que estamos hablando, que perjudica tanto a los arrendadores y hace que, por ejemplo, en Galicia tengamos más de 350.000 viviendas vacías que no salen en alquiler porque la gente tiene pánico a alquilar. Y yo les recomiendo que lean *La Voz de Galicia* del último mes, y verán la cantidad de testimonios de personas que han alquilado un piso, que no les pagan la renta, que tienen que hacerse cargo de la luz, del agua, de la comunidad, y que dicen que ya no es rentable alquilar. Y eso hace que los pisos o estén vacíos o, como está pasando, los pongan en viviendas turísticas, porque les es mucho más rentable. Con lo cual tenemos un problema. No solo es que no haya escasez de vivienda, es que no se pone vivienda en alquiler. Y no se pone vivienda por esa falta de seguridad que tienen los arrendadores.

Y yo le podía contar miles de casos, como el de una compañera viuda de un abogado, que tenía una renta pequeña de viudedad, como todos los abogados, pero que tenía un piso alquilado que completaba esa pequeña renta y resulta que se lo alquiló a una persona que lleva cuatro años diciendo que es vulnerable, ella tiene que hacerse cargo de la luz, del agua, de la comunidad. Es más, ahora la vulnerable es ella porque no recibe ninguna renta, ni un complemento a su pensión.

Entonces, esta es una reflexión que hay que hacer. Porque en el momento en que haya oferta de vivienda, le aseguro que bajarán los precios. El problema es que no hay oferta. Esto hace que suban mucho los precios de los alquileres, que son inasumibles, y eso es cierto, y también, por supuesto, la compraventa.

Pero yo digo, esto es un grave problema que tiene la clase media, que tienen los jóvenes. Hoy es muy difícil que un joven se pueda emancipar. El 60% de los jóvenes de entre 18 y 34 años tienen que vivir en casa de sus padres, porque no pueden vivir fuera. Y en los últimos años los sueldos han subido un 8 o 10% y los alquileres un 40%.

Pero, mire, señor Fernández, Bernardo Fernández –me voy a dirigir a usted porque es el que presenta y firma esta moción– a mí me llama la atención esta moción que usted presenta, y le voy a decir por qué. Porque en tema de vivienda o en materia de vivienda, por supuesto, hay una competencia estatal, hay una competencia autonómica e incluso hay una competencia municipal, todas las administraciones tenemos competencia en materia de vivienda. Sin embargo, usted solo presenta una moción donde pide a la Xunta de Galicia que actúe. No veo que haga ninguna referencia al Estado, al Gobierno central, a ese Gobierno de Madrid, a ese Gobierno de Pedro Sánchez, que también tiene algo que decir en política de vivienda. Pero usted veo que no le interesa, porque a lo mejor le interesa más hacer el ruido, dirigirse contra la Xunta, porque en el fondo a usted el problema este no le interesa. Si usted estuviera, de verdad, tuviera consideración con el problema que hay de vivienda, esta moción tenía que ir dirigida al Estado y a la Xunta, pero usted al Estado lo omite. Claro, usted decía antes: “pido altura de miras, que no solo



reclamen a la Xunta, que reclamen al Estado". ¿Dónde está la altura de miras de su moción cuando no hacen ninguna reclamación en materia de vivienda? Y esto, y esto sí, que se lo digo yo, que es una falta de respeto a todos los ciudadanos, porque la reclamación debe ir dirigida a todas las administraciones.

Y me gustaría saber un poco, y a lo mejor no recuerda usted las muchas promesas que hizo en su día el Partido Socialista sobre materia de vivienda. ¿Recuerda usted aquel anuncio en su día de la ministra Beatriz Corredor, de reciente actualidad, estos días, cuando había prometido 600.000 viviendas? ¿Dónde están construidas esas 600.000 viviendas? ¿Se acuerda usted de cuando el señor Pedro Sánchez anunció en plena campaña electoral 184.000 viviendas del Sareb, ¿dónde están esas viviendas del Sareb? ¿Se acuerda usted, a principios de enero, cuando el señor Sánchez, en aquella comparecencia, en un mensaje disperso, hablando de medidas, de reciclaje de medidas que iban a tomar, hablando de nuevas medidas, sobre todo fiscales, más bien enmendando, porque aquella comparecencia y aquellas promesas venían a enmendar esa ley de vivienda que ya se considera ineficaz, hablaba, por ejemplo, de crear una nueva empresa pública de vivienda, incluso hablaba de las 30.000 viviendas del Sareb que iban a ir a esa vivienda pública, pero omitía, porque ustedes siempre cuentan, ustedes sí que tergiversan la verdad, ustedes retuercen la verdad, como usted antes bien decía, y omitían ustedes que de esas 30.000 viviendas, 16.000 ya están ocupadas. O las 438 viviendas que van a hacer ustedes en Valencia, que anunciaban que iban a hacer en Valencia con motivo de la dana, que nada se sabe. O los 6.000 millones, ¿se acuerdan de los 6.000 millones de pesetas, perdón, de euros, que iba a poner el Gobierno central para los préstamos ICO? Para las viviendas.

Hombre, mire, hay un problema en esta ciudad. Está saliendo estos días en todos los periódicos, no ha hablado usted para nada de este tema. De los cooperativistas, que van a acceder a un alquiler social, que les piden unos requisitos para acceder a ese alquiler social y que resulta que ahora el préstamo del ICO supera con creces su capacidad económica, y tienen que renunciar a formar parte de la cooperativa. Esto es un problema, esto es un problema, porque por un lado reúnen los requisitos, pero por otro lado, como el préstamo ICO está ahí y está en unas condiciones inasumibles, no pueden acceder a esas viviendas de alquiler social. No le he oído a usted una palabra sobre este tema.

¿Qué quiere que le diga? El prometido PERTE para la construcción, ¿dónde está? Porque uno de los problemas que tiene la vivienda es que hay que construir viviendas. Independientemente de las que estén vacías, es necesario que se construyan viviendas. Y hasta el día de hoy, pues esto, se están construyendo bien pocas. 160.000 familias que se crean todos los años, 90.000 viviendas se construyen. Ese es un problema. Ya no digamos la Ley del suelo. ¿Se acuerda usted de la Ley del suelo que presentaron en el Parlamento en el mes de marzo y que retiraron ese mismo día y hasta el día de hoy estamos esperando? Ustedes son conscientes de que hay que reformar la Ley del suelo si queremos construir viviendas. Pero, claro, como no tienen ninguna capacidad ahora en el Parlamento y gobiernan ustedes en minoría y no tienen apoyos, la tienen ahí congelada, esa Ley del suelo tan necesaria, tan necesaria para solventar este problema, la tienen ustedes a día de hoy en el cajón.

Ya no digamos de la Ley de ocupación, esa ley que propuso el Partido Popular y que se aprobó en el Senado esa propuesta de ley, que está en el Parlamento, ¿sabe cuántas prórrogas lleva?, treinta y tres. Una ley enviada por el Senado, aprobada por el Senado, lleva treinta y tres prórrogas, una ley tan importante como es la Ley contra la ocupación, que es uno de los problemas de que no se pongan los pisos en alquiler. Esto, utilizando sus palabras, porque yo, pese al móvil, sí le estaba atendiendo, esto, como dice usted, esto es tener una cara de cemento armado, venir aquí con esta moción. Y, desde luego, utilizando sus palabras también, es usted cómplice de todas estas felonías.



Ya le digo, a ustedes solo les interesa hacer política, hacer ruido, hacer demagogia y hacer, por supuesto, engaños y políticas populistas. Y, frente a esto, frente a eso, usted pregunta o hace una serie de peticiones a la Xunta. Yo le voy a dar varias notas porque ya es tarde y, de verdad, usted aquí habló de los bocadillos de Copacabana y ya tenemos todos un poco de hambre. Voy a ser breve, pero voy a ser claro.

Mire, la Xunta ha triplicado el presupuesto para la construcción de vivienda pública y suelos residenciales. En estos momentos hay en marcha más de 2.000 viviendas en Galicia en construcción. Estamos hablando también de que se pretende que haya 8.000 viviendas públicas en los próximos años. Hablaron del plan Rexurbe, más de 90 inmuebles ha adquirido la Xunta para construir más de 170 viviendas, estamos hablando de la necesidad de que se ceda suelo urbano para poder construir, estamos hablando de que la Xunta ha creado una agencia, una sociedad pública de suelo residencial para promover y construir viviendas públicas. Se ha modificado la legislación para dinamizar el mercado, se facilitó la conversión de locales comerciales en viviendas, que también es necesario. También se está haciendo un programa de recuperación de edificios inacabados siempre que el 50% se destine a vivienda protegida. Se aceleraron los PIA para que se agilicen los trámites y sobre todo se reduzcan los plazos. Y, por supuesto, se garantiza, una de las cosas que piden, ya lo ha hecho la Xunta, garantizar la calificación indefinida de las viviendas protegidas.

Por cierto, señora Veira, uno de los problemas que tuvo este país, aquí se hicieron muchas viviendas protegidas, lo que pasa es que se descalificaron, muchas de ellas se descalificaron. Tuvieron beneficios fiscales, luego se descalificaron y se dejó que se vendieran en privado. O sea, pero el problema no es que haya o no vivienda pública o no se haya construido, es que hubo un cambio y se permitió a aquellas viviendas de 50 años, si usted se acuerda, que pagaban una cuota, etcétera, que esas viviendas al final salieran de la vivienda pública oficial, se convirtieran en viviendas privadas y muchas de ellas fueron objeto de venta.

Bueno, piden ustedes la declaración de zona de mercado residencial tensionado. Vamos a ver. Dos cosas primero, la única ciudad que lo ha pedido oficialmente es la ciudad de A Coruña. Fíjese, Vigo, Partido Socialista, con el mismo problema que tiene A Coruña en cuanto al alquiler de los pisos y el precio de los pisos, ha tomado medidas distintas, sobre todo medidas para poner los pisos vacíos en alquiler, para que haya más oferta. Eso lo ha hecho Vigo, no ha pedido zona tensionada. A Coruña ha pedido zona tensionada. Muy bien. ¿La Xunta qué ha dicho?, y siempre se pronunció, porque vamos a hablar claro de lo que dijo el señor Rueda, públicamente porque yo estaba presente, dijo: "Yo no estoy de acuerdo, ni creo que sea una buena medida, declarar zona tensionada". Están ahí las declaraciones, está ahí la hemeroteca, estaba yo presente cuando lo dijo. Y, desde luego, lo que va a hacer la Xunta es cumplir la ley, que es lo que está haciendo. Hace 15 días, 15 días o un mes, A Coruña, el Ayuntamiento, mandó toda la documentación para que se declarara zona tensionada, como usted bien dice, a petición del Bloque Nacionalista Galego porque es una de las cosas que ustedes solicitan para apoyar a este Gobierno socialista que hay en A Coruña. Muy bien, a los 15 días la Xunta ha contestado diciéndole, "mire, tienen ustedes que rectifica, mandaron ustedes el expediente con tanta prisa, que está lleno de defectos, y lo que ustedes tienen es que corregir esos defectos que tiene el expediente. Y, cuando ustedes nos vuelvan a reenviar el expediente, calificaremos si es o no zona tensionada, que parece ser que A Coruña, conforme a la ley, puede ser declarada zona tensionada". Ahora, ¿cuál va a ser el resultado de todo esto? Porque, mire, la zona tensionada, como usted sabe, afecta a los grandes propietarios, a los que tengan más de 10 pisos. Y le aseguro que el 97% de los pisos en alquiler son de una familia, una inversión de familia, mejor dicho, no de una familia porque una de las formas de ahorro y de inversión que han tenido las familias toda la vida es comprar un piso para alquilar. Aquí, en Galicia, no hay grandes propietarios,



con lo cual, la ley va a afectar poco a esta ciudad respecto a ese tema. Pero, por otro lado, lo que sí es claro es que allí donde se aplicó la ley de zona tensionada en Cataluña, los efectos han sido totalmente contrarios a lo que quiere la ley. Primero, hay menos pisos en alquiler y se ha aumentado el precio de los alquileres. Esa es la realidad, es una medida que sabemos que está testada, que no funciona. Y que se declare A Coruña zona tensionada, le aseguro que no va a arreglar el problema de la vivienda en A Coruña, donde más de 18.000 jóvenes han sido expulsados de esta ciudad porque no encuentran dónde vivir. Y esto, ya le digo, no viene de ayer ni de antes de ayer, esto viene de hace muchos años. Y algunos olvidan que el Gobierno socialista ya lleva más de seis años gobernando en esta ciudad o más de seis años gobernando en España. Y lo que antes era el problema décimo o noveno de los españoles hoy se ha convertido en el principal problema. Por lo cual, habrá que buscar las responsabilidades en aquellos que tienen las competencias. Y el Estado es el primero, el Gobierno central, ya le digo.

Entonces, ustedes sigan, porque yo ya sé que son normas ideológicas, que van a quedar muy bien, zona tensionadas. Dentro de un año, porque ya le digo, la Xunta lo va a declarar, tan pronto le llegue el expediente, como estén todos los documentos en forma, la Xunta va a declarar A Coruña zona tensionada. Dentro de un año me lo cuenta, me cuenta cómo está la ciudad en tema de alquileres o cómo está la ciudad en tema de compra-venta de pisos.

Otra de las medidas que piden es la contribución financiera. La misma contribución financiera por parte del Estado que la Xunta. ¿Cuál es la del Estado, la contribución para vivienda? Porque yo le digo, el IGVS tiene más de 200 y pico millones de presupuesto, de los cuales el Estado solo aporta menos del 10%. Y ya si hablamos de inversiones, hombre, yo cuando hablamos de inversiones le quiero recordar, le quiero recordar que el año pasado el Estado se comprometió a invertir 1.077 millones de euros en inversiones en Galicia. ¿Sabe cuánto ejecutó?, 314 millones. Y este año, lógicamente, este año, como no han ustedes cumplido el mandato constitucional, el señor Pedro Sánchez, de su partido, al que usted no le reclama nada, no ha cumplido el mandato constitucional de presentar unos presupuestos, estamos en el mes de mayo sin presupuestos, con lo cual sabemos poco de cuál será la aportación para Galicia. Pero, bueno, ya sabemos que no es lo que se ponga negro sobre blanco, sino que es lo que se ejecuta. Y aquí, por desgracia, Galicia va a la cola de ejecución de inversiones del Estado.

Por último, hablan ustedes de que se mantenga la vigencia de la calificación. Esto ya ha sido modificado por la Xunta de Galicia, ahora una vivienda de protección oficial va a ser permanentemente vivienda protección oficial, con lo cual no va a ser descalificada. Y, por último, por supuesto, la regulación de las viviendas de uso turístico, que hay que darle, por supuesto, entre todos, una pensada, ver cómo se hace, primero, para tener un respeto por los derechos adquiridos por aquellas personas que ya tienen en este momento sus viviendas en alquiler turístico, que había que preguntarse el por qué llegaron al alquiler turístico y les dirán porque, mire, cualquiera alquila en esta ciudad, como si se te mete una persona que se declara vulnerable y luego no vuelves a ver el piso y no vuelves a cobrar. Ayer la noticia de *La Voz de Galicia*, ya van 11 años, 11 años, salía una señora, nunca más volveré a alquilar el piso porque llevo 11 años con esta situación. Y esto es una realidad. Entonces, no solo demonicemos el sistema y preguntemos por qué se ha llegado a esto.

Y, por supuesto, las viviendas turísticas hay que darles una regulación. Y, por supuesto, lo dijo muy bien el señor Seoane, oiga, el turismo es, no como decía antiguamente, un gran invento, pero el turismo es una fuente de riqueza y de divisas para este país que debemos cuidar.

Termino ya, termino ya. Sin duda, tenemos un grave problema de vivienda. Este



problema de vivienda no solo es en A Coruña provincia, no solo es en A Coruña ciudad, no solo es en Galicia, sino es en España. Es un problema que se da en todas las comunidades autónomas, gobierne quien gobierne. Y es un problema que va unido a que hay que hacer modificaciones legales, tanto en la Ley del suelo, esperemos que de una vez por todas el Gobierno de Pedro Sánchez consiga el consenso para sacar adelante esa Ley del suelo, porque es necesario poner suelo para que se construya, es necesario también el cambio de la Ley de vivienda. Ya anunció algo el señor Pedro Sánchez en el mes de enero, cuando dijo todas aquellas medidas, o anunció todas aquellas medidas, que en el fondo era una enmienda a sí mismo, que a día de hoy estamos esperando y, sobre todo, hay que promover la construcción de viviendas. Porque hay que buscar una gestión más eficaz del suelo, no cabe duda, hay que construir y rehabilitar viviendas, cuanta más oferta haya, habrá menos demanda y con lo cual, por supuesto, se bajarán los precios. Hay que hacer una regulación adecuada del mercado de alquiler, que el mercado de alquiler vuelva a ser atractivo para los poseedores de viviendas y, por supuesto, más políticas de financiación. Es necesario que haya políticas de financiación para la construcción y, sobre todo, para la compra de viviendas.

Señores, somos los poderes públicos. Formamos parte de esos poderes. Tenemos todos que ponernos a trabajar. Tenemos todos que remar de la misma manera. Porque el problema es grave. Pero hagan ustedes un análisis, que llevan muchos años gobernando en Madrid, de por qué hemos llegado a esta situación. Todos sabemos el diagnóstico, todos sabemos o podemos intuir por qué llegamos a esto. Pongámosle remedio, pongámonos a trabajar, porque la sociedad lo está pidiendo.

Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Fernández Piñeiro

Intentarei ser relativamente breve, dentro de que saben vostedes que non é unha das miñas virtudes, pero para tocar todos os temas.

Primeiramente, di vostede que nós non lle reclamamos ao Estado, nin a Pedro Sánchez, non vou dedicar case nada de tempo a iso porque todas as mocións presentadas por este grupo e respaldadas neste Pleno demostran o contrario, polo tanto, iso é unha invención súa que me parece moi ben. Di vostede que aquí non esiximos ao Estado. Despois volveu dicir o que fai o Estado en materia de vivenda e volveu explicar o que fai a Xunta de Galicia. Pero, por algunha das cuestións que dicía vostede, vostede dicía: “la Xunta cumple con la ley”; mentira, cumple agora. O Concello da Coruña solicitou no mes de outubro, no mes de outubro non, no ano 2023, estamos en 2025, no mes de maio xa, a declaración de zona tensionada. En outubro do ano 2023, sabe vostede o que dicía a conselleira, Ángeles Vázquez? Que non se podía aplicar a lei, que estaba aprobada e que estaba en vigor, porque estaba recorrida no Constitucional. Vaia animalada xurídica, impropia, xa non digo dun conselleiro, dun concelleiro de urbanismo que saiba un mínimo da lexislación vixente. Resulta que como estaba recorrida a conselleira, sen que ningún tipo de xulgado, nin o Constitucional, nin o Supremo, ni ninguén aplicara algún tipo de medida para paralizar a aplicación desa lei, decidiu que non se aplicaba. E iso díxola nos medios de comunicación. Se quere, léollo, que o teño aquí en *La Voz de Galicia*, outubro de 2023. Agora, agora, agora, hai catro días, acaban de dicir que si, porque primeiramente dixeron que non á zona tensionada na Coruña. Agora xa din que si. Bueno, pois, home, non parece que cando un aplica, porque lle dá a gana, unha medida cautelar sobre unha lei, sen ter competencia para facelo, estea aplicando a lei.

Despois fala vostede de que a culpa é desta lei, non?, que aprobou o Goberno agora. Non hai vivenda por culpa desta lei. Pero resulta que, entre o ano 2005 e o 2009, ese bipartito tan malo do que vostedes falan, se construíron en Galicia 7.241 vivendas protexidas en 4 anos, en Galicia. Pode buscar vostede o dato no Instituto Galego Vivenda



e Solo, pode buscalo, non o estou inventando. Sabe cantas se construíron nos 16 anos de Goberno do Partido Popular? 6.000, 7.400 en 4 anos fronte 6.000 en 16 anos. Pero o peor xa non é que sexan 6.000 en 16 anos e imos facer a media e dividimos e sae tanto por ano. É que houbo algún ano, como o ano 2018, que sabe vostede cantas vivendas protexidas construíu a Xunta de Galicia?, dúas, dúas vivendas protexidas. A Xunta de Galicia naquela época igual tiña 11.000 millóns de euros de orzamento, dúas vivendas protexidas. Para alugueiro social, non me lembro agora exactamente do ano, pero pódolle buscar o dato, que o teño por aquí apuntado, foi no ano, entre o ano 2015 e o ano 2019, sabe cantas vivendas habilitou a Xunta para alugueiro social? Unha. Esa é a política de vivenda que tivo durante anos a Xunta de Galicia do Partido Popular. E agora resulta que como as vivendas, todos sabemos, porque iso é así, que ti aprobas unha lei hoxe e mañá xa aparecen os edificios nos soares, verdade que o sabemos todos? Entón, claro, a culpa é da túa lei, aprobada hai catro días. Pois non sei se o señor Feijoo na súa etapa de Goberno e o señor Rueda como vicepresidente e agora como presidente, pois tiña o don da clarividencia e xa sabía que se ía aprobar unha lei no ano 2024 que ía afectar ao que fixeron eles desde o ano de 2009. Pode ser, pode ser. Igual no mundo da ciencia ficción pode ser. No mundo real, que é o que palpamos todos e todas as que estamos aquí, xa lle digo que non. Non houbo ningún tipo de política para favorecer a construción de vivenda protexida en Galicia durante os mandatos do Partido Popular, ningunha. E, ollo, entre o ano 2009 e o ano 2025, máis que lles pese a vostedes, non gobernou Pedro Sánchez. Xa pasaron varios. Estivo o Partido Socialista, estivo o Partido Popular, casualmente, nas épocas de Mariano Rajoy aínda era peor o investimento.

Di vostede que o Estado non fai propostas en materia de... Pero se moitos dos investimentos que realiza a Xunta de Galicia en materia de vivenda, aínda que vostedes lle poñen moitas ganas para escondelo, achega recursos ao Goberno do Estado, moitos deles a través dos fondos Next Generation que nin citan, nin sequera nos carteis, a pesar de estaren vostedes obrigados pola propia convocatoria, fan constar a colaboración do Estado. Recentemente vivímolo aquí na Coruña, onde ao delegado do Goberno non se lle permitiu intervir nun anuncio da señora conselleira de Vivenda, a pesar de que o Estado estaba poñendo cartos para esa promoción. Bueno, pois iso é o que hai. Vostedes teñen a quen botarlle a culpa, pero, repito, se mañá non está Pedro Sánchez e están vostedes no Goberno –Dios no lo queira, volvo dicir–, a quen lle van botar a culpa? Seguramente lla sigan botando a Pedro Sánchez ou ao bipartito, que tamén tiran moito ás veces dese recurso. Pero a realidade é a que é. Por iso nós aquí lle estamos reclamando á Xunta de Galicia e non ao Estado. Porque o Estado, primeiro, para intentar solucionar este problema, vostedes poderán compartir ou non as medidas que o Goberno puxo sobre a mesa, pero non poderán dicir que non puxo ningunha, porque estaría vostede mentindo. Primeiro porque se aproba unha Lei de vivenda, que vostedes din que non vale para nada e que é culpable desta situación. Como digo, os edificios por xeración espontánea do Partido Popular. Despois, o Goberno do Estado tamén puxo 2.700 inmobles do Sareb destinados a alugueiros asequibles, dos cales 1.285 xa están habilitados para o seu uso inmediato en Galicia, 1.285.

Falaba vostede antes, penso que apuntei por aquí o dato, do tema do Rexurbe, que compraron vostedes 90 inmobles. Carai, vaia esforzo, coidado! Iso si que é ter conciencia do problema, iso si que é poñer toda a carne no asador, 90 vivendas comprou a Xunta de Galicia dun parque de vivendas de Galicia de 1.757.739. Por tanto, iso é o 0,00002% das vivendas de Galicia. Vaia esforzo financeiro da Xunta de Galicia. Non hai que ir moi lonxe, nesta mesma cidade, o Rexurbe na Coruña, 251.000 habitantes, a Xunta de Galicia compra un edificio na rúa San Andrés, que o anuncia a bombo y platillo a señora conselleira, para crear tres pisos de vivenda protexida. Home, claro, se son pisos pateira podemos meter a 300 persoas en cada piso, por quendas poden durmir, a quendas de tres horas, se o piso é un pouco grande, igual nos caben 30 por piso. Esa é a medida estrela da Xunta de Galicia na cidade da Coruña, un edificio na rúa San Andrés, e



para iso vén a señora conselleira anunciálo a bombo e platillo, coidado.

Non imos falar do tema de Xuxán, por certo, que ese é un tema da Xunta, que non é do Estado. Tardaron vostedes ano e pico, vostedes, a Xunta de Galicia, en empezar a obra desde que tiveron licenza do Concello. Por certo, queixábase a señora conselleira, cando gobernaba o Partido Socialista en Ferrol, do que tardaban as licenzas para a rehabilitación dos edificios que tiña comprado alí a Xunta de Galicia. Non escoitei dicir nada dende que goberna o Partido Popular, e cónstame que o atraso é o mesmo. Por iso, ao final, que hai sempre de trasfondo? Pois o que hai de trasfondo é a defensa dos intereses dun partido por enriba de todo e botarlle a culpa a todo mundo. Vostedes nunca xamais asumen pois, oe, que se poden equivocar, que poden facer as cousas mellor, que non o están facendo ben. Non, non, a culpa sempre é dos que están en fronte. Pero acabo de darlle datos, que vostede dicía que non fai nada o Estado. Aquí ten, 1.285 vivendas do Sareb xa para estar habitadas; 43.000 novas vivendas a construír e 4.000 millóns de euros, que iso si están orzados a pesar de que non contan co voto do Partido Popular porque, claro, está moi ben vir aquí esixir que o Estado invista, que o Estado achegue, que o Estado poña partidas concretas de orzamento cando despois vostedes alí que fan?, votan en contra dos orzamentos xerais do Estado, dá igual o que digan os orzamentos, van votar sempre, diso non temos ningunha dúbida, xa sabemos que aí non imos contar co Partido Popular tan sensibilizado con esta cuestión. O Bono Alugueiro Mozo, que tamén se financia con recursos do Estado, aínda que o vende tamén a Xunta de Galicia, 4.094 mozos e mozas só no ano 2023. Por tanto, pode facer moito o Estado? Si, tamén pode vostede, voulle contestar como me contestou o voceiro do seu grupo no último Pleno: puideron ter presentado unha emenda a esta moción, instando o Estado, nós non temos inconvenientes, xa llelas temos aceptado noutras ocasións. Incluso temos instado nós o propio Estado gobernado polo noso partido. Iso, dende logo, do seu lado, nunca o vexo.

E despois, claro, toda torta necesita da guinda. E cal é a guinda do Partido Popular? A ocupación e os impagos no alugueiro. Porque, claro, es que salieron testimonios en *La Voz de Galicia*. Cantos?, 20, 30, 40, de 1.700.000 vivendas que hai en Galicia, home, non parece que sexa, dende logo, moi relevante. Pero voulle dar o dato que non o dá Bernardo nin o dá o Partido Socialista, o dato do Ministerio do Interior, extraído dos informes da Garda Civil, da Policía Nacional e dos xulgados: as ocupacións son o 1% do Estado e representan o 0,19% dos delitos cometidos en Galicia. Eu coñezo, no meu concello, sen ir máis lonxe, hai moitísimo alugueiro, por impagos, podo ter coñecemento de tres casos, catro. O problema é cando collen vostedes unha cuestión que existe, efectivamente existe, pero que non é relevante e fan dela un problema. E a ocupación acabo de darlle datos do Ministerio do Interior, da Policía e da Garda Civil, que non o estou inventando eu, e non serán sospeitosos de ser prosocialistas nin pro-Pedro Sánchez. Esa é situación, o que pasa é que vostedes, cos medios que os apoian, que fan?, amplifican un problema, e eu voulle preguntar, a algúns dos alcaldes que están aquí, calquera deles que podo coller así agora mesmo ao tuntún, boto así o dedo. No seu concello, ten vostede casos de ocupación que non queiran marchar? Estou por dicir que o 99% que están aquí non coñece ningún caso. Ningún caso, e non o vou poñer no brete, non vos preocupedes, de preguntarlle directamente a algún deles. Por tanto, non será un problema tan grave. É un problema?, si, que está aí, como outros moitos.

E aquí aprobouse unha lei antidesafuizamento nunha época na que se botaba as familias á rúa non por impagos de alugueiros, senón moitas delas por impagos de hipotecas, etc., derivado daquela situación que vivimos da crise económica. Por iso se actuou para evitar que esas familias quedaran na rúa. Que hai quen se aproveita dese marco normativo?, efectivamente, e de todos os marcos normativos. Se analizamos cada unha das leis que poida haber, todas elas, dende a primeira á última, dende a máis vella á máis nova, teñen problemas desas características, pero iso non as invalida. E vostede,



ben, pois pon como principal problema que a xente non aluga por medo a que non lle paguen. E os pisos turísticos, di vostede que por que? Pois por que? Pois é moi fácil, eh? No meu concello hai pisos turísticos. Sabe por que? Porque multiplican por 4 e por 5 os ingresos. Porque un mes no que cobrarías por un alugueiro 600, 700, 800 euros, podes sacar 3.000 e 4.000. É iso. E, oe, é moi lícito, eh? Cada un pode rendibilizar os seus investimentos como considera oportuno. Pero haberá que regulalo dalgunha maneira, e niso é no que se está a traballar.

Por tanto, non se pode actuar no problema de vivenda nunha cuestión concreta, porque son moitas e moi variadas. Podemos empezar pola Lei do solo de Galicia e as sucesivas e correlativas leis do solo, que cambian, durante anos houbo un montón delas. Os tempos de tramitación das modificacións urbanísticas, dos plans especiais, xa non imos falar, os que temos cascos históricos, o Camiño de Santiago, do que tardan tamén as autorizacións de Patrimonio, e o que iso supón na rehabilitación das vivendas, que en moitos casos non se permitía nin abrir ocos entre as medianeiras para poder comunicar edificios que tiñan de fachada seis metros, cinco metros, tres metros de ancho, como temos nalgúns concellos, sobre todo nos concellos mariñeiros. Tampouco ten que ver coa Xunta de Galicia?, porque a Lei do solo creo que é de aquí, non é de Honolulu. Que fixo a Xunta de Galicia a ese respecto durante anos? Nada. Que plan hai para a rehabilitación das zonas históricas? Pero para rehabilitalos de verdade, non para comprar unha vivenda aquí, catro alí, tres alá. Nada. Pero podo poñer algún dato máis. Mire, no ano 2022 había 52 millóns de euros orzados na Xunta de Galicia para o programa de acceso a vivenda, sabe cantos se executaron? catro.

Vou poñer un caso concreto: subvencións para a rehabilitación de edificacións nas zonas históricas, en moitos casos solicítase, cando se concede a subvención, ter xa a licenza e executada a obra creo que é nun prazo de tres meses, xa só o informe de Patrimonio tarda máis. Entón, que fai a Xunta de Galicia? Pois con eses cartos que anunciou que son para rehabilitar vivendas, que non os gastou, porque gastou como moito un 20%, o ano que vén, pon outro 20% e vólveos anunciar. Entón, vivimos entre anuncio e anuncio, pero a realidade é a que é, non hai axudas á rehabilitación; moi poucas, mal xestionadas, mal pensadas a propósito, que non é que dicir que ao señor que a pensou alí ao pobre non lle dá a cabeza para máis; non, non, non, é que están pensadas así para que non se gasten, entón vendemos que poñemos, pero despois non executamos. E esa é a realidade. Polo tanto, hai eivas que nós detectamos na xestión da Xunta de Galicia no que a vivenda se refire, hai unha responsabilidade do último Goberno da Xunta de Galicia, do señor Feijoo e agora do señor Rueda en 16 anos, onde non houbo políticas de vivenda públicas, porque os datos están aí, xa digo, algún ano dúas. E, polo tanto, poñémolo de manifesto. E o que pedimos aquí nesta moción é que a Xunta non impida a aplicación da lei como xa fixo nalgún momento, agora xa non está, afortunadamente, xa hai outra conselleira en Vivenda, esperemos que o faga un pouco mellor, a señora conselleira Ángeles Vázquez, que foi a que dixo que non se podía aplicar porque estaba recorrido no Constitucional e aquí botaron ano e pico esperando por eles. Agora si, agora por fin xa parece que entran polo aro. Ben, pois é esa situación real que temos. Outra cousa, é esa situación que vostede nos formulou, que xa sabemos que Pedro Sánchez matou a Manolete. Iso xa o sabemos todos, xa pode empezar vostede por aí, entón xa evitamos, o 80% da súa intervención aforrámoslo, que ademais, como son como as miñas, bastante longas, pois mire vostede, todos ganamos, en tempo e en enerxía. Así que, ben, esta é a situación que temos. Se vostedes consideran que hai que reclamarlle algo ao Goberno de Estado, nos convidámoslos a pactar, xa non que presenten unha moción, senón a pactar unha declaración institucional desta Deputación a ese respecto. Xa lle brindo a miña man para que me convoquen cando o consideren e tratamos ese asunto. Así que, nada máis e moitas grazas.



Sr. Lorenzo Torres

Perdón, voy a ser breve y le voy a contestar. Sin dudas, Pedro Sánchez no mató a Manolete, eso lo tenemos claro, pero que está destruyendo este país también lo tenemos claro todos los demás.

Dicho esto, a veces hay que recordarle a usted, que hablaba de los presupuestos, que el Partido Popular no apoyaba los presupuestos, que ustedes no ganaron las elecciones. Ustedes gobiernan en minoría, se aliaron con Dios y con el diablo y están ahí, no gobernando, sino aguantándose en el poder a cualquier precio. Entonces, no pida usted que nosotros primero apoyemos unos presupuestos que, por lo de pronto, ni siquiera se han presentado en el Parlamento, que es la obligación que tiene el Gobierno central. Con lo cual, a día de hoy, no podemos decir si apoyamos o no apoyamos porque desconocemos los presupuestos, porque ustedes no saben hacer ni su trabajo, o no pueden, o no se lo dejan hacer.

Me hablaba usted de datos, la verdad que perdió la ocasión, cuando hablaba, de defender un poco la política de vivienda, se dedicó usted a atacar. Y yo voy a responder con varios datos. No es cierto, no es cierto lo que usted ha dicho, que cuando gobernó el bipartito se hicieron 10.000 viviendas. Para nada, se hicieron viviendas de promoción privada. Pero públicas, ¿cuántas?, 271 por cada año, 271 por cada año.

El Sareb, la mitad de las viviendas del Sareb, sabe usted cómo se encontraban. Galicia fue la primera en pedirle viviendas al Sareb, la Xunta de Galicia. Primero 45 en alquiler, perdón, 50 en alquiler; después 45 que se compraron, 20 se compraron en el mes de diciembre, creo recordar. Es la que más Galicia... No, porque no se las pasan, porque no les pasa. Porque el Sareb, usted sabe cómo funciona. Ahora han creado este... ¿Por qué crean esta agencia, ahora, de vivienda pública, y le pasan las 30.000 viviendas del Sareb? ¿O cree usted que a los concellos y a las comunidades no les interesaban esas viviendas? Porque muchas de ellas, primero, estaban ocupadas, 15.000 de ellas, 16.000, mejor dicho.

Y usted dice que la ocupación no es un problema. Mire, cuando la gente lee esas noticias en los periódicos, coge miedo, coge miedo a alquilar. Hoy, en esta ciudad, por desgracia a una familia monoparental con un menor no le alquila nadie. Eso es a lo que nos está llevando este tipo de leyes. Y una madre con un niño o un padre con un hijo que quieran alquilar un piso, menor, es muy difícil, y le piden no sé cuántos avales o el seguro. Porque ahora hay que gastar también en los seguros de impagos, que te duran como mucho un año, pero la gente sabe que la situación puede durar años. Porque hemos hecho de escudo social a las personas privadas. Entonces, ¿sabe cuántos pisos hay?, 350.000 pisos vacíos en Galicia que podían ponerse en alquiler. No son uno, dos o tres, es que la gente ha cogido miedo a alquilar y sobre todo mira a quién alquila. Y hay muchas familias perjudicadas con niños menores que nadie les quiere alquilar. Desconoce usted cómo está el mercado de alquiler, no solo los precios, que han subido; no solo la falta de oferta, sino que la gente mira a quién alquila. Y desde el momento en que la persona a la que alquilas puede ser vulnerable porque tiene un menor, mucha gente no quiere alquilarle, y eso es un grave problema, aparte de una vergüenza, un grave problema que hay que solucionar. Entonces, me hubiera gustado escucharle alguna propuesta, solo le escuché críticas.

Y, por supuesto, el Gobierno central, gobernado por Pedro Sánchez, partido al que usted pertenece, tiene mucho que hacer. Y, de hecho, se está enmendando a sí mismo. ¿O no vio usted la comparecencia de enero, enmendando a sí mismo respecto a la ley de vivienda? ¿No la escuchó? Pues yo le recomiendo que la escuche. Ahora, estamos esperando, como siempre, a todas las medidas que iban a tomar. Estamos esperando, como siempre.



Y ya le digo, y en lo de Coruña tenga claro lo que dijo el señor Rueda. Primero, cumplir la ley, porque es la obligación de toda Administración, primero, cumplir la ley, nos guste o no nos guste, y si no nos gusta, habrá que cambiar la ley, pero, mientras tanto, hay que cumplirla. Segundo, en A Coruña se mandó el expediente hace menos de un mes y ya contestó la Xunta para que rectificaran. Y ya les dijo: reúnan ustedes las características, rectifiquen los documentos, mándenlos completos y será concedido lo de alquiler, zona tensionada, mejor dicho, la declaración de zona tensionada. Entonces, y no digan ustedes que es otra vergüenza, y acabo de recordar, decir que la Xunta fue desleal. La Xunta mandó el informe por la mañana al Ayuntamiento, y está registrada la hora en que mandó la Xunta el expediente, y está registrada la hora en que se hizo el anuncio público. Lo que pasa es que, si no miran el registro, hay un problema, a lo mejor hay un problema de información o una sobrecarga de trabajo en una persona y no le dio tiempo a ver el registro, no lo sé, pero deslealtad ninguna. Ahora, el problema está ahí, el problema está ahí. Y ya le he dicho, señor Fernández, le he visto hablar, no le he visto ninguna propuesta, no le he visto ninguna solución, sólo crítica, por supuesto, nada constructiva y, sobre todo, mirar para otro lado para un gran problema.

Y le recuerdo: hace siete años, cuando gobernaba el Partido Popular, este era el octavo o noveno en la lista de reclamaciones o problemas que tienen los ciudadanos. Hoy se ha convertido en el primero. Por favor, hagan una revisión, un análisis, hagan una reflexión de todo lo que está pasando y por qué hemos llegado hasta aquí en el problema de vivienda. Porque le aseguro que se sonrojaría con todo lo que ha pasado, con todo lo que ustedes han hecho con la política de vivienda en este país. Y no le eche la culpa a la Xunta de Galicia, no le eche la culpa a la Xunta de Galicia. Asuma la responsabilidad de su Gobierno y, cuando haga una petición de este tipo, si usted realmente cree que esto es un problema y que tenemos que todos buscar la solución, hagan también sus peticiones al Gobierno central. Muchísimas gracias por su atención.

Sra. Veira González

Moi brevemente porque levamos moito tempo, pero sabe quen se pode poñer encarnado? Pódese poñer encarnado o Partido Popular, porque vostede agora se estaba dando golpes no peito para ver se entendiamos de onde viña o problema da vivenda aquí, no Estado español e en Galiza. Mire, eu non sei se lle soa un nome e unha época, que son os anos 90 e o señor José María Aznar que é quen executa a liberalización do solo. Eu non sei se lle soa unha época na que, froito desa liberalización do solo, resulta que os bancos se meten a inmobiliarias. Non sei se lle soa esa época, e que se poñen a financiar construción, e que se poñen a dar hipotecas a todo Deus como se todo o mundo puidese pagar unha hipoteca. Non sei se lle soa unha quebra económica global froito da quebra de Lehman Brothers en 2008, que como resultado ten a expulsión da propiedade da vivenda a clase media baixa, que xa non pode comprar vivenda, que ten que marchar das vivendas mesmo que empezara a comprar e que se lle expulsa ao mercado do alugueiro. Todo isto vén como resultado da liberación do solo que executa o Goberno de José María Aznar. Non sei se iso os pon a vostedes encarnados ou non. Pero vostede aquí dixo que, se se construía máis, que ía ser máis barato. Que pasou coa liberación do solo? Acaso non se construíu? Construíuse, vamos, unha auténtica barbaridade, e como resultado desa construción non baixaron os prezos, houbo unha burbulla inmobiliaria. Queren vostedes que se repita a burbulla inmobiliaria? Cren vostedes que a receita dos anos 90 dos gobernos de José María Aznar tivo como resultado un escenario na propiedade da vivenda ideal? Eu creo que non, eu creo que non. Construír máis non significa que vaia baixar o prezo da vivenda, para nada, iso non está demostrado en ningún sitio. E vostede estase, ademais, contradicindo, porque está dicindo que hai 350.000 vivendas baleiras en Galiza, pois daquela non haberá que construír máis, haberá que facer algo con esa vivenda baleira. Que están facendo vostedes con esa vivenda baleira desde a Xunta de Galiza? O Rexurbe é un auténtico fracaso e dígollo eu que fun



ver os expedientes do Rexurbe no Concello da Coruña; para un levan seis meses coa licenza concedida e aínda non pagaron a taxa da licenza, e para outro levan con el comprado máis de tres anos e non pediron nin sequera a licenza para rehabilitar na cidade vella. Ese é o resultado do seu Rexurbe.

E outra cousa, está dicindo vostede que a xente se declara vulnerable. Pero mire, eu non me podo declarar vulnerable e non pagar un alugueiro así pola cara. Hai que ter un pouco de rigor, que vostede foi concelleiro de Servizos Sociais. Para que unha persoa sexa declarada vulnerable, ten que declarala os Servizos Sociais e tena que declarar un técnico. Non se declara un a si mesmo vulnerable, chama ao caseiro e dille: é que son vulnerable, non che vou pagar o alugueiro, iso non funciona así. Está moi mal que un político difunda bulos, porque iso é un auténtico bulo. E está moi feo, señor Lorenzo, que sabe que lle teño cariño, está moi mal iso. Como está moi mal difundir que aquí o problema é o da ocupación. Cantas chamadas tivo o teléfono antiocupación da Xunta de Galiza?, que son datos públicos, eh?, que son datos públicos. Un 3% das chamadas que recibiu ese teléfono eran por problemas de ocupación. O problema non é a ocupación, o problema son os abusos que se producen para acceder a un alugueiro. O problema é que non hai vivenda pública de propiedade das administracións, que xa o dixeran, que estea á disposición da xente que quere vivir, vivir, simplemente vivir, que nada máis que se pide iso.

Así que eu creo que menos difundir bulos, máis atender a historia e o que nos di a historia despois da liberación do solo e mirar cara diante e ver que se pode facer para mellorar a situación. E a melloría da situación pasa por que haxa un maior parque de vivendas públicas. E para iso hai que construír e hai que rehabilitar. E a competencia diso é da Xunta de Galiza. Nada máis.

Sr. Presidente

Moi breve. Breves los dos, venga.

Sr. Lorenzo Torres

Vamos a ver, señora Veira, dos cosas que le voy a decir. Yo soy concejal de Servicios Sociales, pero también soy abogado en ejercicio y le voy a decir cómo es el sistema. Si uno deja de pagar la renta, lógicamente, a lo mejor, presenta un desahucio por falta de pago. Cuando llega al juzgado, allí dicen «me declaro vulnerable», se declaran y después hay que hacer un procedimiento administrativo para verificar si es vulnerable. ¿Sabe cuántos meses a veces tarda ese procedimiento? uno o dos años, que la persona está viviendo en el piso y dice que es vulnerable. Luego, si se declara vulnerable, ya le digo, hasta que se busca una solución, puede tardar otros dos años. Esa es la realidad, esa es la realidad que yo le cuento.

Yo no hablo de que la ocupación, la ocupación lo estamos viviendo como un gran problema, que lo es, pero el problema es la imagen que da la ocupación. Y el problema es el miedo a alquilar que produce esa ley de vivienda, que produce inseguridad jurídica a los arrendadores. Eso es lo que estoy yo hablando, de esos 350.000 pisos que están sin alquilar. ¿Y por qué no los alquila la gente? ¿Usted cree que a la gente no le interesa sacar un beneficio de ese piso? Porque tiene miedo a alquilar por si le pasan esas situaciones que lee en los periódicos. Hay un efecto llamada, efecto contagio. Y la gente tiene miedo, mucho miedo a alquilar en estos momentos. Entonces, en vez de tomar medidas de declarar zona tensionada, hagamos a lo mejor como el Ayuntamiento de Vigo, también del Partido Socialista, para poner un ejemplo de ustedes, que está tomando medidas para incentivar que estas personas alquilen los pisos, que son propietarias, como seguros, etcétera, medidas de este tipo, para invitar a la gente a que alquile los pisos. Y, por último, muy sencillo, porque esto es de primero de EGB, yo estudié la EGB. Oferta y demanda, es oferta y demanda. Cuanto más oferta hay, baja la



demanda, y bajan los precios. Es una realidad, es una realidad, eso lo sabemos todos. El problema es cuando no hay oferta y hay mucha demanda, que suben los precios. Pero esto se lo explica un niño, no tengo que explicárselo yo. Entonces, usted misma se contradice diciendo que hay que construir viviendas de promoción pública. Yo no hablo de que sean de privada, yo digo que hay que construir viviendas. En ningún momento dije que fueran de promoción privada, como cuando gobernó el bipartito, que todas eran de promoción privada, sí, yo digo que hay que construir viviendas, hay que liberalizar suelo y hay que solucionar el problema. Usted interprételo como quiera, pero ya digo, se contradice. Muchísimas gracias.

Sr. Presidente

Breve.

Sr. Fernández Piñeiro

Dicía vostede que o Goberno do Estado só está aí aferrándose a un sillón a calquera prezo. Non, sabe cal é o prezo? Pois mire, o prezo é que a economía española é a que mellor crece e a que máis crece de Europa; o prezo é que se incrementa o salario mínimo interprofesional; o prezo é que se incrementan as pensións; o prezo é que se xera máis emprego e de máis calidade que nunca; o prezo é que temos un récord de afiliación á Seguridade Social; o prezo é que temos bonificación nas autoestradas galegas, que nunca na vida os houbo; o prezo é que temos, por exemplo, o maior contrato da Armada Española cun estaleiro estatal que dá traballo e garante traballo ata 2035 na comarca de Ferrolterra; o prezo é tantas cousas que está facendo este Goberno en Galicia que non facía o Goberno anterior con Galicia e que vostede e todos estes defensores de Galicia non dicían nada, pois ese é o prezo. Se iso é aferrarse a un sillón, bendito aferramento sexa ese. Malo era cando vostedes non estaban aferrados ao sillón, supostamente, e aquí non caía un céntimo. Porque calquera partida do Estado que se poida comparar coa etapa do Partido Popular á fronte do Goberno de España se incrementou considerablemente. E vostede, que ademais foi senador moitos anos, nunca lle escoitei dicir nada, vostede e a algún máis do seu partido. Entón, al César lo que es del César. Porque xa non digo... Se para vostede o que fai este Goberno é pouco e malo, como sería o que facía o anterior? Sería peor e desastroso, porque facía moito menos. E estes son datos que se poden comparar perfectamente, non fai falta tampouco ir a unha enciclopedia. Son datos moi sinxelos de poder obter a través das redes, convídoos a vostede a que o faga. Non obstante, nin vostedes nin a Xunta de Galicia naquel momento se queixaban. Pero, ben, que lle imos facer? xa estamos acostumbrados.

Mire, 1.285 vivendas xa habilitadas para o seu uso inmediato en alugueiros asequibles en Galicia. Xa, a día de hoxe, unha medida do Estado. Dous de cada tres euros que se invisten en vivenda en Galicia, sabe de onde saen?, do Estado; 350 millóns de euros do Estado, de 500, algo máis de 500 que ten a Xunta de Galicia orzados para esta materia, 350. Dos 560 millóns transferidos entre 2018 e 2025, 472 xa están na Xunta de Galicia, xa os ten a Xunta de Galicia na súa conta. Por tanto, gustárame que me explicara vostede que fai a Xunta de Galicia con eses cartos e onde está a ausencia do Estado. Se quere pode lerlle todo o relatorio de medidas aprobadas polo Goberno para vivenda en Galicia, que son moitísimas e, se non, pásollo despois para que o poida mirar, non teño inconveniente, é que nos podíamos eternizar, que se non teñen prása non teño inconveniente ningún en lelo. Entón, hombre, se coge antes al mentiroso que al cojo. E aquí, anda que non coxeamos, entre os datos que se dan, entre o que se di da Xunta de Galicia, entre o que se fala do Estado. A situación da vivenda é a que é, e vostedes, por certo, que vostede o eludiu, señor Lorenzo, e mira que falou, as competencias en materia de vivenda, sabe vostedes de quen son? Non son do Estado, eh? Sabe de quen son? Das autonomías, das autonomías. Pero, claro, xa sabemos que vostedes só piden competencias e as queren cando lles interesa, cando non, quedan aí no limbo, non din



que son doutros, porque, loxicamente, xa sería unha desfachatez mentir tan abertamente, pero pasamos de puntillas por ese asunto. Competencias en materia de vivenda, da autonomía, Xunta de Galicia, gobernada 16 anos por vostedes, 6.000 vivendas protexidas en 16 anos. Ese é o resumo da súa intervención e da actuación da Xunta de Galicia do Partido Popular sobre esta materia ao longo do tempo. E aínda por riba, cando o Estado lle dá moitos máis cartos, mil millóns de euros máis que coa etapa anterior, se sumamos todos os anos. Vostedes que fan? esconden a achega do Estado. Entón vai a conselleira soa e o presidente da Xunta facer anuncios que financia o Goberno de España. E aínda por riba, nesa falta de lealdade institucional, xa non é que escondan a achega do Estado en recursos para esas actuacións, non, non, é que aínda por riba din que o Estado non achega nada e que ten que achegar máis. Home, hai que ter, como mínimo, rostro.

E eu son moito de dar datos e non os invento, non sei onde sacan vostedes os seus. Pero, tendo en conta cal é o seu devir nos últimos tempos neste Pleno, polo menos nos anos que eu levo aquí, son pouco fiables a ese respecto, porque os datos son os que son. Púxenlle exemplos de sobra de cuestións que se fan agora que non se facían cando estaban vostedes. Vostedes mesmos que son de Santiago e por aí hoxe van volver para casa e aforran unha viaxe de autoestrada, pois, xa teñen un exemplo, e como ese moitísimos máis que poderíamos poñer sobre a mesa, que non teñen que ver, loxicamente, coa materia que nos ocupa hoxe, que é a vivenda. En materia de vivenda, penso que xa lle dei datos suficientes para demostrar cal é o motivo da nosa moción. E vostede di que eu me dediquei a atacar. Non, perdón, e que non fixen propostas. É que, señor, a proposta vai na moción, que por iso a presentamos nós, e foi o primeiro que fixen na miña intervención, ler a moción e os acordos, que son propostas concretas. Vostede dedicouse, aí si que a atacar e, loxicamente, contraatacoo, que para iso estou aquí, non para darlle os parabéns a todo o que vostede diga, e moito menos cando o que vostede di e a realidade, se teñen algunha coincidencia, será de pura casualidade pero non dende logo porque haxa vontade de que sexa así. Así que nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa ao dereito a unha vivenda digna e alcanzable

A sociedade española mobilizouse nas últimas semanas en 40 cidades do noso país, exixindo algo tan elemental como o é unha vivenda digna e alcanzable. Os/as cidadáns/as saíron á rúa para reivindicar un dereito consagrado na Constitución Española que todos os poderes públicos estamos obrigados a garantir. O que estamos vivindo non é unha suma de problemas individuais, senón un desafío global que nos afecta a todos/as. É a principal preocupación da cidadanía tras anos de políticas neoliberais que favoreceron a actividade especulativa por enriba do dereito á vivenda.

Neste contexto, a aprobación da Lei polo dereito á vivenda representa un avance histórico. Por primeira vez, o Estado dotou ás administracións públicas de ferramentas legais para declarar zonas tensionadas, limitar os prezos do alugueiro, intervir o mercado turístico residencial, protexer e ampliar o parque público de vivenda e aplicar incentivos



fiscais que colaboren, co obxectivo de garantir alugueiros alcanzables.

Unha Lei polo dereito á vivenda que está funcionando alí onde se aplica e que está conseguindo que en máis de 140 concellos se rebaixe cerca dun 3,7% o prezo dos alugueiros residenciais, con especial incidencia en Barcelona, onde os alugueiros caeron un 6,4%, unha porcentaxe que beneficia directamente nos cidadáns/as, ao tempo que se incrementa a oferta das vivendas en alugueiro e garante a estabilidade dos inquilinos coma un dos obxectivos fundamentais da Lei de vivenda, pola que os propietarios poden chegar a deducirse ata o 90% na declaración do IRPF no caso das zonas tensionadas, e en materia de rehabilitación enerxética de vivendas, as deducións aplicables alcanzan ata o 60% do custo total das obras se reducen o consumo de enerxía primaria non renovable.

Pero unha lei só transforma a realidade se se aplica. Iso, é precisamente o que non están facendo os gobernos autonómicos e municipais do Partido Popular, que decidiron ignorar ou bloquear a súa aplicación por motivos estritamente partidistas. Alí onde gobernan, renunciaron a empregar as ferramentas que a lei pon á súa disposición.

Decidiron non declarar zonas tensionadas, non aplicar os límites ao alugueiro, e mirar cara outro lado ante a proliferación de pisos turísticos, en moitos casos ilegais, permitindo así que os veciños sexan expulsados dos seus barrios.

Esta negativa non pode presentarse como unha cuestión de competencias ou de modelo territorial: é unha decisión política que ten consecuencias directas sobre a vida de miles de persoas. Non aplicar a Lei de vivenda é aliñarse cos grandes posuidores, cos fondos de inversión, cos que ven a vivenda coma un negocio, non coma un dereito. É dar as costas á cidadanía, desoír a voz da calle é afondar nun modelo de vivenda excluínte e desigual.

Fronte a esta actitude de bloqueo do Partido Popular, debemos actuar con claridade e responsabilidade, xa que a Lei polo dereito á vivenda está en vigor, ampara xuridicamente a intervención nos mercados tensionados e só require de vontade política para ser despregada. Non se trata dunha opción, é unha obriga de todos os poderes públicos promover as condicións e establecer as normas necesarias co obxectivo de facer efectivo o dereito á vivenda de acordo co interese xeral para impedir a especulación. Porque o acceso a unha vivenda digna e alcanzable non pode depender do código postal, nin de quen governe unha comunidade ou un concello, debe de ser un dereito garantido en todo o territorio.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propon a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia para que despregue canto antes todas as medidas e recursos que ten ao seu alcance para atender ao clamor da cidadanía, que o pasado 5 de abril volveu a saír á rúa reivindicando o dereito a unha vivenda digna e alcanzable, a través de actuacións como as seguintes:

1. O incremento urxente e progresivo do parque de vivenda social e alcanzable, establecendo obxectivos a conseguir nuns prazos determinados, tal e como o exige a Lei polo dereito á vivenda.
2. A declaración de Zonas de Mercado Residencial Tensionadas en aqueles municipios que o soliciten, de acordo coa facultade que lle concede o Artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio polo Dereito á Vivenda.



3. Unha contribución financeira mediante partidas orzamentarias de inversión en políticas públicas de vivenda, polo menos nunha contía similar ás destinadas nesa Comunidade Autónoma por parte do Estado.
4. Iniciar un diálogo permanente cos organismos provinciais e municipais, para seguir traballando en accións coordinadas co fin de dar resposta á cidadanía coa construción e promoción de vivendas de alugueiro alcanzable, e desta maneira incrementar as dotacións existentes ao servizo das políticas públicas de vivenda.
5. O impulso de modificacións legislativas con rango de lei para a cualificación permanente de toda as vivendas protexidas que conteñan algún tipo de inversión municipal, autonómica ou estatal para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, de acordo coas porcentaxes establecidas na lexislación estatal.
6. A promoción, no exercicio das competencias autonómicas, a planificación, a regulación e o control eficaz das vivendas de uso turístico para evitar o seu crecemento descontrolado, así como exixir a súa tributación como a actividade económica que é.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Hay días que es mejor no levantarse de cama, no por la intervención del señor Fernández, sino porque hay días que no está uno con la salud a tope, pero bueno, esperemos que sea una cosa de un par de días nada más.

En todo caso, quería trasladar una serie de situaciones... Hasta luego, señor... Adiós, Gelo, hasta luego. Trasladar unas cuestiones de... Por educación, hombre, hasta luego, ¿no? Quería trasladar una serie de cuestiones a doña Mónica, que con el afán de colaborar con ella y trasladarle problemas que están pasando en las carreteras de la provincia de A Coruña, que tengo la oportunidad de ver, que no son tan importantes como temas que se han tratado hoy aquí, pero sí son competencia de esta institución, por cierto, institución que a 31 de diciembre tenía en las cuentas 410 millones de euros. Por eso no nos explicamos que el Plan Único este año no sea mayor, sino también que se pueda gastar prácticamente todo el gasto corriente para no tener la sonrojante y vergonzante situación de que, acabado este mandato, hubiera en las cuentas del banco más de 500 millones de euros, esta es la realidad. Pero, bueno, no me quiero desviar de lo que quería trasladar hoy aquí.

Bueno, y lo primero es pedirle a doña Mónica que visite el concello de Lousame, que hable con su alcaldesa y que la acompañe a ver dos carreteras. La primera de ellas la estuvo viendo ya el señor Presidente, la DP-4201, fue acompañado por el señor Pequeño y se realizó una fase, una primera fase, una obra que quedó en buenas condiciones y ahora lo que nos pide es que le traslademos la situación de esta carretera, dar continuidad o continuación a esta primera fase y ejecutar el ancho de la vía, está en una situación muy complicada, de Chave a Confurco, es un 1 km 400 metros, me gustaría que la viera. Las carreteras del concello de Lousame las municipales parecen autonómicas y las provinciales prefiero que las vea usted para que después defina usted la situación en la que están. Pero, si esta carretera no está bien, el señor Presidente la fue a ver y dijo que ya no quería ver más, no le digo cómo está la DP-1103, que comunica



Lousame con Boiro. Aquí le piden que actúe en el tramo de Comparada a Aldarís. Esta es una carretera que tiene tráfico pesado debido a que conecta con la planta de tratamiento de residuos y demás. La situación es nefasta, o sea, entra prácticamente la vegetación, pero no la vegetación de las cunetas, no, no, hay hierba en la propia carretera, apenas se ve el asfalto. Le digo que es importante que lo vaya a ver y se dará cuenta de lo que le estoy diciendo.

La segunda cuestión que le quiero plantear es que Trazo existe, la DP-5903, que en gobierno del Partido Popular, en una situación económica complicada, se actuó en el tramo de Tordoia, en A Tablilla, quedó la carretera perfectamente. Es una carretera que tiene una importancia notable, porque conecta desde Ordes a Silva, a entrada a Santiago, y ahora prácticamente es mucho más directa casi que la nacional, porque una vez que se salga allí, al pasar A Peregrina, se conecta con la variante de Aradas, está en el polígono, es una carretera muy utilizada por tráfico pesado por todo tipo de vehículos, hay una gran velocidad, y lo que le pido es que vea en el tramo de A Pontealbar a Agro do Mestre, que vaya a visitar esta carretera, que vea que precisamente, en una zona de casas con gente muy mayor, de Abelaño a Piña, le pedimos que actúe por la posibilidad de hacer una pequeña senda para que la gente trabajara en seguridad vial y después también reforzar el ancho, porque no existen ni 5 centímetros del final de la vía a lo que es la cuneta, vamos, no hay ningún tipo arcén. Entonces, yo le pido y le recomiendo que lo vaya a ver. Trazo creo que lo merece, no son..., es una inversión, no hay grandes inversiones ahí desde esta institución, le pido que vaya a ver esto porque es necesario.

Y ya, por último, en lo referente a Santiago de Compostela, la 7804 en A Peregrina, usted sabe que esta es una actuación importante, que en su momento nosotros insistimos mucho, ustedes lo vieron con claridad y se actuó, el también alcalde de Santiago, el anterior alcalde, insistió mucho en esta situación. ¿Qué pasa?, que es una obra que salió truncada, sale truncada porque van dos modificados con dos prórrogas. La primera de dos años por los tendidos eléctricos y, posteriormente, cuando está solucionado este tema, hay una nueva prórroga que acaba ahora en abril. Yo estuve el otro día transitando esta zona. Bueno, si lo han conseguido acabar en abril... Yo le pido, por favor, que... Bueno, pues en mayo. Que lo vaya a ver, señora García, la DP-7804 en A Peregrina a Santiago, los vecinos están desesperados. Es una obra que lleva muchísimo tiempo, lleva dos modificados por dos cuestiones distintas. Yo no digo que tuviera que estar todo previsto en el proyecto inicial, pero sí creo que, por lo menos, hablar con la asociación de vecinos, preocuparse por su situación y que vean que la Diputación está pendiente y preocupada por lo que pasa allí. Le recomiendo que la vaya a ver y se dará cuenta de que no es una petición exagerada.

Y, ya por último, le voy a leer una pregunta relacionada con el puente de la DP-0205 en Teo. Recientemente yo solicité copia de un informe obrante en la Diputación sobre el estado Ponte do Rego de Sestelo en la DP-0205 en Teo, y se nos ha dado traslado en un breve informe de autoría desconocida, pues no viene firmado por nadie; más exactamente se trata de unas observaciones muy limitadas, limitación supuestamente debida a la abundante maleza que impide una valoración con detalle del estado del puente, si bien parece observarse alguna grieta en la estructura, textualmente dice. Unas observaciones anónimas, las remitidas a este grupo, en las que se anuncia el encargo de un diagnóstico sobre el estado estructural del puente. Pues bien, queríamos saber quién elaboró esas observaciones y, concretamente, si ingenieros de la Diputación han participado en la elaboración de las mismas, al tiempo que queríamos saber si hay alguna primera valoración del riesgo que puede suponer el estado de la estructura. En este sentido, ¿puede usted asegurarnos que el riesgo de colapso del puente es un riesgo mínimo? Y queríamos saber también en qué estado de tramitación se encuentra el supuesto encargo para realizar un diagnóstico más fiable. Nada más y gracias.



Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día e, señor Evaristo, unha vez máis póñome ao seu dispor, non só nun Pleno en rogos e preguntas, senón o meu teléfono está acendido 24 horas. Entón, independentemente destas preocupacións que ten o Partido Popular, tamén lle rogo que, con anterioridade, e non ter que esperar a rematar un mes, pois veñan estas preocupacións. Pero vou tratar de darlle un pouquiño a resposta ás preguntas que acaba de facer.

Vou empezar polo último. De Teo, dicirlle que xa tiven unha reunión coa alcaldesa sobre a ponte. Home, nós non podemos responder a cuestións anónimas, senón que esta propia casa e o Departamento de Vías e Obras ten técnicos, e neste caso podo dicirlle que hai xa un contrato menor para a limpeza e poder ver cal é o posible dano, non son técnica para poder dicirlllo, pero si que estamos traballando niso. A alcaldesa e o técnico municipal son coñecedores deste tema e, loxicamente, primeiro imos facer esa limpeza de desbroce, limpeza de toda esa maleza para logo ver cal é a situación técnica da propia ponte, pero loxicamente é unha preocupación e témola xa como prioridade.

Sobre A Peregrina, dicirlle que xa estamos en contacto. Podo dicirlle que tanto o xefe de servizo, como os técnicos, como eu mesma, esa obra visitámola e témola con moita prioridade e loxicamente tratamos de ir resolvendo, pero temos día e hora, é dicir, coordinado coa asociación, pois hai máis dunha semana. Polo tanto, dicirlle que estamos en liña directa coa asociación, fixemos varias visitas e, repítolle, temos unha coordinada para a semana que vén, con día e hora, coa persoa que nolo pediu directamente.

Sobre Trazo, dicirlle que coñezo esa obra e outros puntos; tamén dicirlle que, ademais, magnífica alcaldesa, que falei con ela e falo con ela con frecuencia, non teño ningún problema. Coñecemos, tanto o presidente como eu, a situación desa e doutras, e dende o concello nos informaron, ou polo menos nos trasladaron, que a prioridade era outra, temos moitas que as estaremos atendendo, pero dende o concello nos piden que hai unha prioridade noutra vía provincial. Non quita con isto que quede sen atender e seguir traballando sen lugar a dúbida.

E de Lousame pois, loxicamente, farei esa visita que tamén me solicitou e nas próximas semanas coordinaremos unha visita para atender como un concello máis e preocupándonos, sen lugar a dúbida, por esas vías provinciais que dentro da prioridade e necesidade e, sobre todo, en vías de seguridade, tanto de circulación como peonil, estaremos para poder melloralas á maior brevidade posible.

Para rematar, sigo estando á súa disposición para que calquera día, a calquera hora, se poña en contacto comigo para poder visitala, incluso se quere con vostede, sen ningún problema. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Bueno, yo solamente le agradezco la disposición. Yo seguiré colaborando con honestidad y franqueza con usted, como lo estoy haciendo, para trasladarle las casuísticas que voy conociendo a lo largo de mis visitas por la provincia de A Coruña que, como muchos saben, es por mi responsabilidad dentro del partido y como portavoz de la Diputación, tengo la oportunidad de visitar a mis compañeros, de ver la situación de las carreteras, me comentan, las veo *in situ* y entonces yo, como ustedes no son muchos, pues yo se lo traslado sin ningún tipo de problema para facilitar que usted las pueda solucionar. Nada más y muchas gracias.



Sr. Presidente

Moitas grazas. Damos por finalizado o Pleno.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:11 horas.